





NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

FOLIO _____

Datos Do Expediente:

PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central -		
Número expediente:	Documento:	
 AYT/PLE/2/2024	 GOB18I06B	
015X0A0W0Q575N3S1BKl c »		
2 0 1 5 X 0 A 0 W 0 Q 5 7 5 N 3 S 1 B K l c »		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/D^a MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELEIROS/AS:

D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ
D/D^a NATALIA HERMIDA RICO
D/D^a JUAN PABLO MAURIZ ROMERO
D/D^a JOSE IBAN SANTALLA BORREIROS
D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO
D/D^a OLGA AMENEIRO LOPEZ
D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL
D/D^a JOSE OREONA BRA
D/D^a MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO
D/D^a GERMAN CASTRILLON PERMUY
D/D^a TANIA NOVO MOURIZ
D/D^a NURIA YAÑEZ FREIRE
D/D^a PEDRO PORTELA PARGA
D/D^a GONZALO IGLESIAS BLANCO
D/D^a ANA VANESA BOUZAMAYOR VILLASUSO
D/D^a OLAIA MARGARITA LEDO DIAZ
D/D^a EUGENIO CARBALLEIRA LOPEZ
D/D^a BEATRIZ MOSQUERA PUENTES
D/D^a JORGE ULLA ROCHA
D/D^a SILVIA MARIA DE ARRIBA FERNANDEZ

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 19:00 do vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (22-01-2024 -EXTRAORDINARIA- E 25-01-2024 -ORDINARIA).

Dada conta das actas da sesións de datas 22-01-2024 e 25-01-2024, o Concello Pleno por asentemento, deulles a súa aprobación.

2 %- PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE FINCA NO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

“De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmulase o seguinte INFORME-PROPOSTA

A) ANTECEDENTES

O Concello de Narón levou a cabo a tramitación do seguinte expediente:

En data 12/12/23 a Alcaldía do Concello ditou resolución pola que se acepta a adxudicación directa nos termos económicos que constan na resolución da presidencia emitida pola Deputación de data 22/11/23, da finca obxecto de embargo no procedemento tributario, 2013EXP35005373, sita no Lg. o Ponto, inscrita no Rexistro da Propiedade, finca 41848, tomo 1966, libro 433, folio 103, RC 6884036NJ6168S0001YF polo importe de 26.826,54€.

Tendo en conta o establecido no artigo 17 e 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais procede a inclusión no Inventario Municipal de Bens do inmovible adquirido no dito expediente.

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-RD 1372/86 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

Á vista dos antecedentes expostos, e de acordo coa normativa anterior, emítese o seguinte:

C) INFORME-PROPOSTA

A técnico que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión Municipal Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos:

Incluír no inventario de bens a seguinte finca coa natureza de ben patrimonial:

-Finca obxecto de embargo no procedemento tributario, 2013EXP35005373, sita no Lg. o Ponto, inscrita no Rexistro da Propiedade, finca 41848, tomo 1966, libro 433, folio 103, RC 6884036NJ6168S0001YF polo importe de 26.826,54€”

E visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do representante do PSdeG-PSOE; e os votos a favor dos membros de TEGA -5-; PP -3- e BNG -1-) na Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 19-02-2024, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a proposta transcrita e incluír no inventario de bens a seguinte finca coa natureza de ben patrimonial:

Finca obxecto de embargo no procedemento tributario, 2013EXP35005373, sita no Lg. o Ponto, inscrita no Rexistro da Propiedade, finca 41848, tomo 1966, libro 433, folio 103, RC 6884036NJ6168S0001YF polo importe de 26.826,54€

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 %- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NARÓN.. -

Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe emitido pola xefatura do Servizo Sociocomunitario Municipal no que , á vista das modificacións introducidas pola Xunta de Galicia en materia de escolas infantís, se deixa constancia da necesidade de adaptar o Regulamento Municipal do Servizo das Escolas Infantís Municipais onde se recollen estas modificacións para adaptarse ás novas circunstancias socioeconómicas, laborais e familiares que redunden nunha mellora da conciliación da vida familiar e laboral, e logo de recibido o informe xurídico emitido de conformidade pola xefatura do departamento de Organización e Recursos Humanos (ASI18I04X), e visto o ditame favorable, por asentemento, da Comisión Informativa de Desenvolvemento da

Actividade Social e Igualdade de data 22-01-2024, a súa presidenta **PROPÓN ao Concello Pleno** a aprobación do Regulamento de Réxime Interior das Escolas Infantís Municipais do Concello de Narón , cuxo texto se insire a continuación:

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NARÓN

INDICE

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Capítulo II. Procedemento de ingreso

Capítulo III. Obxectivos da escola

Capítulo IV. Horario de apertura da escola

Capítulo V. Capacidade dos centros

Capítulo VI. Referente ás Familias

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar

Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas

Capítulo IX . A lingua

Capítulo X. Persoal

Capítulo XI. Réxime de cobramento

Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene

Capítulo XIII. Libro de Reclamacións

Capítulo XIV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento

Capítulo XV. Normativa de Aplicación

Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento das Escolas Infantís Municipais de Narón.

Artigo 2º

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas as escolas infantís de atención á primeira infancia que se configuran como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

Artigo 3º

As escolas infantís municipais de Narón, 0-3 compren unha función eminentemente educativa e social proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, social e moral dos/das nenos e nenas, á vez que facilita a conciliación da vida familiar e laboral.

As escolas infantís cooperarán estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

Capítulo II.- Procedemento de ingreso

Artigo 4º

Poderán solicitar praza nas escolas infantís municipais os/as nenos/nas con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses.

No momento do seu ingreso abríraselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

Artigo 5º

O procedemento de reserva de praza e ingresos será o seguinte:

1. Renovacións

Co obxecto de darlles continuidade ás prazas adxudicadas no curso anterior, as/os nenas/os que ingresen nas EIM antes do 28 de febreiro de cada curso, terán dereito á renovación de praza, sempre que continúen a reunir os requisitos, e presenten a solicitude dentro do prazo establecido. Para renovar a praza deberán cubrir o modelo normalizado facilitado polo Concello, coa actualización dos documentos correspondentes e datos económicos, sanitarios, sociais, de empadramento, e outros que procedan.

Poderá reservarse praza nun centro diferente, xustificando cambio de domicilio e/ou lugar de traballo, ou cando no ano anterior houbera optado polo dito centro e non obtivese praza neste, sempre e cando existan prazas suficientes unha vez realizadas as renovacións da propia escola.

Os/as nenos e nenas que non renoven durante o prazo establecido, perderán a prioridade e a súa solicitude terá a consideración de NOVO INGRESO.

Non se establece cota de renovación para a reserva de praza.

2. Novos ingresos

Os/as pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza/matriculación as Normas de Funcionamento da escola infantil. A escola facilitaralle, polos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

O prazo de solicitude de novo ingreso será do 1 ao 20 de marzo de cada ano. No caso de que o último día sexa inhábil prorrogarase ata o día seguinte hábil.

2.1. Prioridade na adxudicación de prazas:

Terán prioridade na adxudicación de prazas:

- ✓ As/os fillas/os do persoal que preste servizo nas EIM, cando soliciten a praza para o centro onde prestan servizo a nai, pai, titor/a ou representante legal.
- ✓ Os/as irmáns e irmás dos nenos e nenas que están na escola.

2.2. Ingreso ordinario á escola

- ✓ Terán prioridade as familias empadroadas no Concello de Narón.
- ✓ As prazas cubriranse en función da puntuación acadada segundo a xornada solicitada, e do baremo establecido neste regulamento (anexo I). En primeiro lugar, cubriranse as prazas comezando polas de xornada completa continuada, por orde de puntuación; en segundo lugar, polas solicitudes de xornada partida sen comedor, por orde de puntuación, e finalmente, as de media xornada de mañá e de tarde, sen comedor, igualmente, por orde de puntuación.
- ✓ De quedar prazas vacantes, poderán adxudicarse ás familias doutros concellos que cumpran os requisitos, seguindo a orde de prioridade anterior.
- ✓ As prazas que queden vacantes tras a resolución definitiva de adxudicación de prazas, poderán adxudicarse ás novas solicitudes por rigorosa orde de entrada.
- ✓ Todos os nenos e nenas que non obteñan praza, quedarán en lista de agarda, non tendo compromiso algún de aceptación da praza no caso de que quedase unha vacante. No caso de non aceptación entenderase que renuncia á praza.

A non asistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do/a alumno/a no programa de gratuidade.

Non se establece cota de renovación para a reserva de praza.

2.3. Ingresos urxentes: para os ingresos urxentes reservárase unha praza por cada grupo de idade para aqueles casos que, previo estudo e informe favorable dos servizos sociais comunitarios, se consideren de emerxencia.

Terán a consideración de ingresos urxentes, previo informe de Servizos Sociais, aqueles en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requiran unha intervención inmediata.

3. Xornada

As persoas usuarias dentro do horario de apertura do centro, terán que optar por xornada completa continuada, xornada partida, ou por media xornada de mañá ou tarde, sen comedor. A opción farase constar na solicitude e manterase para todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas, que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente, e exista praza dispoñible na opción solicitada. Poderase solicitar unha segunda opción de xornada para o suposto de que non haxa praza dispoñible na primeira solicitada.

- **A xornada completa** continuada terá unha duración máxima de **8 horas**:

- Inicio: entre 7:30 e 9:30 horas
- Fin: entre 15:30 e 17:30 horas
- A **xornada completa partida** terá unha duración máxima de 8 horas:

Mañá:

- Inicio: entre 9:00 e 9:30 horas
- Fin: entre 13:00 e 13:30 horas

Tarde:

- Inicio: entre 15:30 e 16:00 horas
- Fin: entre as 19:30 e 20:00 horas

- A **media xornada** poderá ser de mañá ou de tarde:

Mañá:

- De 9:00 a 13:00 horas
- De 9:30 a 13:30 horas

Tarde:

- De 15:30 a 19:30 horas
- De 16:00 a 20:00 horas

Entenderase por **hora extraordinaria**, aquela que non forme parte da xornada ordinaria habitual pola que optase na solicitude. **Non se poderán facer horas extraordinarias diarias de maneira permanente.** Cando con carácter ordinario na opción de media xornada, se estivese a facer unha ou máis horas extraordinarias diarias nun período dun mes, a xornada deberá pasar, de media a completa, sexa partida ou continuada.

4. Comisión de Valoración de solicitudes de ingreso

A Comisión de Valoración estará composta por:

- ✓ O/a alcalde/sa ou o/a concelleiro/a con delegación na materia.
- ✓ Presidencia: xefatura do Servizo Sociocomunitario municipal.
- ✓ Vogais: director/a de cada EIM, ou substituto/a, se é o caso.
- ✓ Unha persoa funcionaria do Servizo Sociocomunitario municipal, que fará as funcións de secretario/a.
- ✓ O persoal administrativo das EIM.
- ✓ Un/unha representante da ANPA de cada unha das escolas.

As súas funcións, serán:

- ✓ Garantir o bo funcionamento do proceso de admisión en aplicación deste regulamento.
- ✓ Valorar as solicitudes de praza nas EIM, consonte o baremo que figure neste regulamento.
- ✓ Elaborar a listaxe de persoas admitidas e en lista de agarda, conforme o criterio de prioridade de prazas con indicación da puntuación obtida.

- ✓ Elevar a proposta á concellería delegada para resolución.
- ✓ Informar as reclamacións que, se é o caso se presenten.
- ✓ Valorar a permanencia dos/as menores nas EIM, por tempo superior ás 8 horas diarias por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas.
- ✓ Valorar a asistencia dos menores durante máis de 11 meses ao ano, en casos excepcionais e debidamente xustificadas.

Os prazos que se establecen para a solicitude e adxudicación de prazas nas EIM, son os seguintes:

Renovación de praza	Do 15 ao 28 de febreiro
Solicitudes de novo ingreso	Do 1 ao 20 de marzo
Publicación de listas provisionais	30 de abril
Prazo de reclamacións	Do 1 ao 10 de maio
Listas definitivas	Antes do 31 de maio
Formalización matrícula	Antes do 15 de xuño

No caso de que o día de finalización de prazo sexa inhábil rematará o día seguinte hábil

O sistema para dar de baixa definitiva na escola a un/unha alumno/a realizarase por escrito, no prazo previsto no Anexo I, previa resolución da Concellería Delegada

Para tramitar a baixa definitiva dun/dunha alumno/a na escola, solicitarase **antes do día 15 do mes**, mediante presentación de escrito, no Rexistro municipal, na sede electrónica, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Narón. No caso de non facelo así, cobrarase o mes correspondente completo, de ser o caso.

5. Documentación matrícula

a) Documentación a presentar no Concello de Narón:

- ✓ Documento de matrícula asinado pola familia: pai, nai, titor/a ou representantes legais (documento de matrícula + cota asinada + xornada e horario asinado).
- ✓ Documento actividade laboral de pai/nai/ titor/a autorizado/a.
- ✓ Certificado/Informe médico + tarxeta de vacinación actualizada do/a menor do calendario vacunal galego.
- ✓ Impreso de domiciliación bancaria para o pago de tributos (modelo T-TES-02)
- ✓ Todos aqueles documentos que se consideren precisos para o expediente.

b) Documentación de admisión a presentar na escola infantil:

- ✓ Ficha de datos con sinatura de ter recibido información (resumo de Normas de funcionamento) e aceptar o presente Regulamento de réxime interior municipal das escolas, días de peche, saídas, simulacros, etc.
- ✓ Fotocopia do DNI dos proxenitores, titores/as ou representantes legais
- ✓ Fotocopia do libro de familia onde apareza rexistrado/a o/a neno/a, ou outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- ✓ Certificado/Informe médico + tarxeta de vacinación actualizada + informe de posibles alerxias + tarxeta sanitaria do/a menor.
- ✓ Autorización xeral para tratamento de datos, audiovisuais, etc., asinada polos pais/nais, titores/as e representantes legais do/a neno/a.
- ✓ Formulario/entrevista cuberta.
- ✓ 4 fotos tamaño carné do/a neno/a.

6. Criterios de subvencionalidade

A Xunta de Galicia fomenta a gratuidade da atención educativa durante 11 meses ao ano. No suposto excepcional e xustificado, de facer uso da escola por un período superior ao subvencionado deberá ser aboado polas familias.

En cada expediente das persoas usuarias figurará o horario de asistencia solicitado polos/as pais/nais, titores/as e representantes legais.

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Queda excluído das actuacións subvencionables as actividades extra/complementarias á atención educativa que supoñan un custo adicional e cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional.

Capítulo III. Obxectivos da escola

Artigo 6º

Son obxectivos específicos da escola:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.

- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
 - Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
 - Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo
 - Fomentar uso responsable das tecnoloxías dixitais.
 - Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
 - Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos
 - Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.
- Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.

Capítulo IV.- Horario de apertura da escola

Artigo 7º

Calendario e horarios de funcionamento

As escolas infantís abrirán un mínimo de 8 horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres, e doce meses ao ano, en horario de **7:30 a 20:00 horas** de maneira ininterrompida, coas excepcións que se dirá.

Os centros permanecerán pechados segundo calendario laboral os días festivos nacionais, autonómicos, locais, Noiteboa, fin de ano, e o Día do Ensino.

As familias serán avisadas dos días de peche das escolas mediante entrega en circular escrita no momento da solicitude de información/matriculación do/da seu/súa fillo/a (variando estes días cada ano lectivo).

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou técnico/a competente

Tanto o calendario anual como o horario de apertura e peche figurará no taboleiro de anuncios das EIM.

No caso de que as prazas da xornada de tarde non acaden un mínimo para crear unha unidade internivelar (15 nenos/as 0-3 anos) o Concello de Narón resérvase a posibilidade de que a xornada de tarde se realice nunha única escola, ou en dúas escolas, segundo a demanda.

Durante o **mes de xullo**, cando non haxa demanda suficiente para crear unha unidade internivelar, o horario das EIM será de **7.30 ás 16:30 horas**, agás unha das escolas que permanecerá aberta ata as 20:00 horas. As/os nenas/os doutras escolas serán atendidas/os na que permaneza aberta.

Durante o **mes de agosto**, poderá acordarse a apertura dun só centro cando a falta de demanda suficiente o requira, e manterase aberto cando o nivel de ocupación do centro supoña un mínimo que permita realizar os axustes derivados das reducións de horarios e asistencia e sempre que a demanda sexa suficiente para crear unha unidade internivelar. O persoal de referencia poderán ser profesionais das outras escolas.

En todo caso, o Concello de Narón poderá introducir modificacións atendendo a criterios de necesidade do servizo, e recursos dispoñibles.

Artigo 8º

1.O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas nas que se poderá ampliar dito horario.

2. Horario amplo: enténdese por horario amplo a atención ós/ás nenos/as por parte do centro ata as 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitárase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente, o determinen.

Artigo 9º

Entradas e saídas

a) O horario de entrada-saída dos nenos/as nos centros débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro.

Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificados e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.

b) As familias e/ou representantes legais recollerán aos nenos e nenas ao remate da xornada. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entrega-lo neno/a a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

c) No caso de que a escola realice algunha saída educativa do centro, será avisada por escrito e con antelación a todos os pais e nais, titores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento, no caso de que non consintan a saída o neno/a quedará na escola co resto do persoal. Se as saídas son por grupos e no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecerá pechada.

Artigo 10º

A programación diaria de actividades terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagógicas e sociais dos nenos/as.

A programación destas actividades, concretaranse nos Proxectos educativos de Centro e a súa correspondente Proposta Pedagóxica.

Capítulo V.- Capacidade do centros

A Escola Infantil Municipal da Gándara, a Escola Infantil Municipal de Piñeiros e a Escola Infantil Municipal da Solaina conta con 6 unidades e 82 prazas, distribuídas en:

- ✓ 2 aulas de 0/1 anos..... 8 +8 prazas= 16 prazas
- ✓ 2 aulas 1/2 anos..... 13+13 prazas= 26 prazas
- ✓ 2 aulas 2/3 anos 20+20 prazas= 40 prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- ✓ Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- ✓ Grupo formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15

Capítulo VI.- Referente ás familias

Artigo 11º

Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, titores/as e representantes legais

Dereitos

1. Ser informados/as, regularmente, da situación do neno/a na escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos...
2. Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións co/a educador/a e director/a.
3. Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.
4. Coñecer o funcionamento da escola e o modo en que se formula o Proxecto Educativo do centro coa súa correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.
5. Ser informados de aqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento e das medidas adoptadas.
6. Dispoñer das Normas de Funcionamento do centro visadas con carácter previo á realizar a reserva de praza/matrícula.
7. Interpoñer queixas e reclamacións.
8. Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou calquera circunstancia relevante.

Deberes/ obrigas

1. Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambio na situación familiar...etc.
2. Ser puntuais na hora da traída e recollida do neno/a.
3. Cumprir os horarios de asistencia solicitados.
4. Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas pola mesma.
5. Ser puntuais nos pagos e nas notificacións das baixas e cambios de horario.
6. Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixo da relación familia-escola.
7. Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as nenos/as no proceso educativo.
8. Avisar á escola do cambio de persoas encargadas de recoller ao neno/a na escola..

9. Respetar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.
10. Non levar ás nenas e nenos á escola cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia...)

Artigo 12º

Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais

Para garantir a axeitada participación das familias serán de aplicación xeral as seguintes normas sobre a participación activa:

1. Fomento da relación estreita entre familia e a escola xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.

2. A coordinación e o coñecemento da vida na escola verase facilitado por:

- Entrevista inicial cos pais e nais, titores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador/a correspondente da cal deixarse constancia no expediente individual.
- Contactos diarios co/a educador/a..
- Participación en actividades : celebracións de festas, saídas da escola...
- Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións...

A relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

- O intercambio de Información.
- Participación na vida da escola.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola poñerá en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá como mínimo carácter trimestral e que se realizará a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, logo de ser oído ao equipo técnico educativo, sempre e cando non dificulte a boa marcha do centro.

A escola infantil debe planificar o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena racha co lazo afectivo coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Por tanto debe ser planificado coas familias xa que van entrar nun lugar descoñecido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais.

A escola conta con protocolo de adaptación que será facilitado ás familias.

Artigo 13º

Instrumentos de información para as familias

A través da comunicación no, día a día, nos momentos de entrada ou recollida das nenas ou nenos. Todas as familias serán informadas do período de adaptación.

Recomendase que , con carácter xeral, se celebren as seguintes reunións:

- Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- Reunións de grupo para realizar unha en cada semestre.

En todo caso, a dirección do centro informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención e información aos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas.

Artigo 14º

Asociación de Pais e Nais.- ANPAs

A asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentárase por parte da dirección.

Sen prexuízo do que establezan os seus propios estatutos, a asociación promoverá os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos aos nenos/as.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorecer o desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

Capítulo VII. Servizos que poderá ofertar

Artigo 15º

Servizos básicos

1.-Atención educativa

Entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

A escola infantil conta cun Proxecto educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

A Escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade

2.- Servizo de comedor

Cada escola infantil conta con persoal de cociña propio.

Dende as escolas infantís, facemos unha proposta de menús saudables, concibida como unha aposta de saúde para o futuro, pois un estilo de vida saudable na infancia é determinante do estado de saúde ao longo da vida.

Os menús son supervisados por persoal técnico en Dietética e Nutrición, e son expostos no taboleiro de anuncios cunha semana de antelación. Estes menús son equilibrados e programados de tal xeito que inclúen unha combinación variada de alimentos tanto para satisfacer as necesidades nutricionais neste grupo de idade como para evitar o desequilibrio e a monotónia do menú.

As familias disporán dunha relación mensual dos menús previstos, os cales proporcionan unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade. Respetaranse e teranse presentes

os hábitos e costumes que as nenas e os nenos traían da casa. O proceso será compartido coas familias

A atención será o máis individualizada posible: as nenas e os nenos que necesiten máis atención e axuda, serán atendidas/os por quendas.

A escola conta cos seguintes horarios para este servizo:

- ✓ Almorzo: de 7:30 ata as 8:30 h
- ✓ Comida: de 12:00 a 14:00 h
- ✓ Merenda : de 17:00 a 18:00 h

Aquelas persoas solicitantes que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo en días soltos solicitándoo con antelación suficiente sempre que xustifiquen a súa necesidade, e aboen o prezo estipulado do servizo e da hora extraordinaria correspondente, de ser o caso.

Os/as nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que no vaian a utilizar o servizo deberán avisar con antelación, en todo caso antes das 9:00 horas da mañá do mesmo día.

As familias deberán presentar na EIM informes médicos no caso en que o neno/a padeza algunha alerxia ou enfermidade pola inxestión dalgún tipo de alimento.

3. Servizo de cociña

Este servizo préstase para nenos/as de 0-1 anos, traendo as familias o leite e os cereais, segundo as súas necesidades.

Para o resto dos nenos/as non se distribuirán alimentos das propias persoas usuarias, agás necesidades específicas daquelas que sexan alérxicas, ou por outras circunstancias excepcionais.

As familias asinarán autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á escola co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do/a neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

4.Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario ampliado a atención aos/ás nenos/as por parte do centro ata 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evítase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente, o determinen.

Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe establecido por horas.

5.Actividades extraescolares

As EIM poderán levar a cabo actividades extraescolares nas que participarán conxuntamente as familias e os nenos/as, de xeito voluntario. Terán lugar fóra do horario lectivo e serán aboadas polas familias.

Artigo 16º

Servizos complementarios

Non se contemplan servizos complementarios na prestación de servizos nas Escolas Infantís Municipais.

Artigo 17º

Normas de saúde, hixiene, vestiario e nutrición

1 .Normas de saúde

1. Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene.
2. No casos da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.
3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informárase á dirección deste, e avisáranse os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio
4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurárase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.
5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.
6. Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán ir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.
7. Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

2. Normas de hixiene persoal

Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.

3. Normas de vestiario

1. A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.

2. Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas. Evitáranse ademais os lazos, horquillas, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.

4. Normas de alimentación

1. A escola publica no taboleiro de anuncios e/ou facilita as familias, unha relación semanal, mensual o por tempadas dos menús previstos, os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.
Informarase de calquera modificación nos mesmos.
2. A escola prestará un especial coidado en atende-los casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.
3. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación semanal.
4. Respectaranse os horarios establecidos para as comidas.

Artigo 18º

Uso das dependencias e do material

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

Capítulo VIII. Promoción da integración e da igualdade entre nenos e nenas

Artigo 19º

Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe.-DEA, sempre e cando contén cos recursos materiais e humanos necesarios.

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.

Artigo 20º

Fomento da Igualdade entre nenos e nenas

1. A escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento
2. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.
3. A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectiránse nos proxectos educativos e curriculares.
4. .Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidarase dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.
5. Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
6. O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.

Capítulo IX. A lingua

Artigo 21º

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexo de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia

Capítulo X. Persoal

Artigo 22º

A escola cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 23º

Recomendase a constitución dun **equipo técnico** configurado como un grupo de traballo a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo/a director/a, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.

Artigo 24º

1. O **persoal de atención directa** a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

2.- O **persoal de apoio** á atención e coidado dos/das nenos/as o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

Artigo 25º

Outro persoal, cando o centro ofrezca servizo de comedor, nas distintas modalidades, deberá dispoñer do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo segundo a súa categoría profesional e se establezan no correspondente convenio colectivo.

Capítulo XI. Réxime de cobramento

Artigo 26º

A reserva e renovación de praza nas Escolas Infantís Municipais non conta con cota.

Os cambios de xornada, diminución ou incremento, deberán ser notificados ao Concello antes do día 15 de cada mes, de non ser así, aboarase a contía correspondente á contratada, no caso de que a nova sexa inferior.

Artigo 27º

Custo do servizo

As cotas dos servizos básicos (comedor, horario amplo, horas extras) serán aboadas polas familias e son as que se detallan na ordenanza fiscal.

A xunta de Galicia subvenciona ao 100% a atención educativa durante 11 meses, cun mínimo de asistencia de 3 horas, e un máximo de 8 horas, diarias.

Artigo 28º

Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias/vacacións

A non asistencia do neno ou nena non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que estes pagos garanten a reserva de praza durante todo o curso escolar.

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ao 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído do período de subvención.

Artigo 29º

Pago da taxa

En todo o referente ao réxime de cobramento estarase ao disposto na ordenanza fiscal de aplicación, publicada no BOP, estando sempre á disposición da persoa usuaria na propia escola, e na páxina web do Concello.

Os prezos dos servizos básicos deberán ser aboados do 1 ao 10 de cada mes, podendo variar a data en función do calendario do contribuínte do Concello. O réxime de pagamento será mediante domiciliación bancaria, atendendo ao disposto na ordenanza fiscal de aplicación.

Para a gratuidade do alumnado no que corresponde á atención educativa, emitírase o documento que corresponda, selado pola entidade/dirección do centro, no que conste, entre outros datos, a xornada do/a neno/a (horas de asistencia) coa lenda “praza subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia para a atención educativa”.

Durante o período de vacacións non se cobrará taxa polos servizos básicos.

A non asistencia por períodos distintos ao mes de vacacións, sexa enfermidade sen xustificar por prescrición facultativa, ou calquera outra causa xustificada, non exime do pago da cota correspondente, agás informe médico xustificativo, e ata un máximo de dous meses.

As cotas de servizos de comedor, servizo de cociña, horario amplo, horas extras ou actividades extras, etc., serán detalladas no documento Relación de Prezos que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Ditos importes serán aboados polas familias. Estas cotas serán revisadas anualmente en función do IPC anual, con efectos do 1 de setembro de cada ano, coincidindo co inicio do curso escolar.

Artigo 30º

Causas e baixas

- Fin do 1º ciclo de educación infantil.

- Solicitude dos/as pais/nais, titores/as, ou representantes legais, con quince días de antelación, presentada no rexistro municipal, na sede electrónica, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos nos artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Narón.
- Falta de pagamento das mensualidades por servizos que no sexan obxecto de subvención, durante dous meses, sen prexuízo de reclamación da débeda polo procedemento legalmente establecido.
- Incumprimento das normas do centro que se detallan no presente Regulamento de réxime interno e outras que estableza cada escola infantil.
- Por comprobación de falsidade dos datos dos documentos que sexan facilitados polos/as pais/nais, titores/as, ou representantes legais.
- Por incompatibilidade e inadaptación do/da neno/a para permanecer na escola infantil.
- A non asistencia á escola infantil durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do/a alumno/a no programa de gratuidade.
- Prazas que non se cubriron aos 15 días de iniciarse o curso correspondente sen comunicación expresa por parte da familia, e sen causa xustificada.
- Perda da condición de veciño/a de Narón, cando a praza se adquirise por cumprir este requisito, durante o primeiro ano.
- Por outras razóns que poidan darse, a proposta da dirección da EIM. A Comisión de Valoración emitirá ditame de fundamentación e resolverá a Alcaldía, ou Concellería Delegada.

As baixas producidas durante o curso escolar, por calquera dos motivos expostos, quedarán como vacantes.

Capítulo XII. Medidas de seguridade e hixiene

Artigo 31º

1. Medidas de seguridade e hixiene

A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:

1. Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia no centro.
2. Medidas anti-incendios.
3. Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os antipillados.
4. Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.

2. Persoal

1. Os traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios.
2. O persoal do centro manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
3. Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
4. Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
5. O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.
6. Todo o persoal do centro que teña contacto habitual cos/coas nenos e nenas conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais e Trata de Persoas.

Capítulo XIII. Libro de Reclamacións

Artigo 32º

A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a calidade educativa e asistencial, procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

Capítulo XIV. Sistema de revisión das Normas de Funcionamento

Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor ao día seguinte do seu visado. Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro e estarán dispoñibles no apartado de autorizacións do RUEPSS.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección de Familia e Menores.

As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente

Capítulo XV. Normativa de Aplicación

Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
2. Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
3. Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.

4. Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
5. Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
6. Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
7. Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
8. Real Decreto 95/ 2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
9. Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
10. Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.
11. Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.
12. Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento
13. Ordenanzas fiscais dos concellos.
14. Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería competente en materia de servizos sociais.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos.

Traemos esta modificación do regulamento, simplemente é unha adaptación deste mesmo á solicitude da inspección dos Servizos Sociocomunitarios da Xunta de Galicia para tratar de unificar todos os regulamentos das escolas infantís de Galicia, e por eso traemos aquí esta modificación ao Pleno. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

4 º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE MULLER DO ANO 2024.- –

INTERVENCIÓN SRA.ALCALDESA: Faláramos de facer Declaración Institucional de todos os grupos, falámolo cos propios voceiros, entóns sería DECLARACIÓN INSTITUCIONAL MULLER DO ANO 2024.

Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Bárbara Grandal de Rosende nace na parroquia naronesa de Pedroso o 29 de xullo de 1979. Moi nova comeza a traballar na Cociña Económica de Ferrol, compaxinando este traballo con diversas actividades para completar a súa formación

académica. Hai 17 anos incorpórase como administrativa na Sociedade Deportiva O Val, case ao mesmo tempo que asenta a súa residencia no barrio de Xuvia.

Afeccionada ao fútbol e forofa do F.C.Barcelona, nunca o practicou como xogadora, pero dende sempre tivo unha especial sensibilidade pola participación das nenas e rapazas no fútbol en condicións de Igualdade. Dende hai 8 anos, e ata a actualidade, é a secretaria da S.D.O Val e responsable da sección de fútbol feminino, na que conseguiu grazas á súa dedicación e capacidade de traballo, que a día de hoxe contén con equipos femininos en tres categorías diferentes. É, ademais, a representante do club na Asemblea da Federación Galega de Fútbol. En xuño do pasado ano, participa en Belgrado nunhas xornadas europeas do proxecto “WOMAD-women against discrimination”, contra a discriminación e pola igualdade no fútbol.

Esta paixón polo fútbol feminino contaxioulla á súa filla de 15 anos, que dende moi nova xoga nas diferentes categorías da S.D. O Val.

Referente do fútbol feminino na bisbarra, as nenas e rapazas coas que traballa a diario destacan dela a súa preocupación polo seu progreso tanto a nivel deportivo como persoal.

En definitiva, toda unha vida dedicada a traballar pola igualdade nun mundo, o do fútbol, no que de non existiren mulleres como Bárbara, estaría completamente masculinizado, pero no que aínda queda moito por facer, e sabemos que ela seguirá día a día traballando do mesmo xeito apaixonado como o veu facendo ata agora.

Por todo o antedito, e visto o ditame favorable por asentimento da Comisión de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 22-02-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno nomear a dona Bárbara Grandal de Rosende Muller do Ano de Narón 2024.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 33, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS PRESTADOS NOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS CASAS DA MARIÑA, MANUELA PÉREZ SEQUEIROS E CENTRO DE DÍA..

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente ING/196/2024 e ante a necesidade de modificación da Ordenanza nº 33 reguladora do prezo público polos servizos prestados polos centros comunitarios integrados Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de Día.

Considerando o disposto nos artigos 15 e seguintes do RDLexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade cos artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas de modernización do goberno local.

Diante de todo o anteriormente exposto, analizada e estruturada a información incluída na documentación incorporada ao expediente ING/196/2024, na que se propón e xustifica a necesidade de modificar a Ordenanza nº 33 reguladora do prezo público por servizos prestados polos centros comunitarios integrados Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de Día, e visto o ditame favorable por maioría (coas catro abstencións dos representantes de PP -3- e PSdG-PSOE -1-; e os sete votos favorables de Tega -5- e BNG -2-) na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 22 de febreiro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos

PRIMEIRO: Aprobado inicialmente a modificación da Ordenanza nº 33 reguladora dos prezos públicos por servizos prestados nos Centros Comunitarios Integrados Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de Día, que quedaría redactada como segue:

**ORDENANZA Nº 33 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR SERVIZOS
PRESTADOS POLOS CENTROS COMUNITARIOS CASAS DA MARIÑA, MANUELA
PÉREZ SEQUEIROS E CENTRO DE DÍA**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL.

O Concello de Narón, ao abeiro do disposto nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o prezo público polos servizos prestados nos Centros Comunitarios Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de Día para persoas maiores, os cales se esixirán conforme ao establecido na presente ordenanza, e que serán prestados en réxime de concesión de servizos.

ARTIGO 2. FUNDAMENTO ECONÓMICO

Constitúe o fundamento económico dos prezos públicos a prestación dos servizos nos Centros Comunitarios Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de día.

ARTIGO 3. PERSOAS OBRIGAS AO PAGO

Están obrigadas ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas que soliciten a prestación dos servizos nestes centros realizados pola entidade concesionaria do servizo.

ARTIGO 4. CONTÍA

Contía do prezo público polos servizos prestados nos Centros Comunitarios Casas da Mariña, Manuela Pérez Sequeiros e Centro de día:

4.1. Servizos xerontolóxicos e asistenciais:

a. Estancia no centro de día(*).	
a1.- Mes de estancia xornada completa:	726,90 €
a2.- Media xornada:	426,00 €
a3.- Hora solta ou engadida á xornada:	11,80 €
Servizo de transporte: €/km	1,10 €
b. Consulta xerontolóxica:	
<input type="checkbox"/> Xeral:	26,65 €
<input type="checkbox"/> Específica:	a determinar.

(*) O tempo de estancia máxima diaria no centro de día é de 8 horas.
Excepcionalmente poderá permanecer unha hora diaria complementaria, tras o informe previo favorable do Servizo Sociocomunitario.

4.2. Servizos terapéuticos e de mantemento psicofísico

a.- Terapia rehabilitadora, 9 sesións.	21,40 € /mes
b.- Mantemento psicofísico - Danza do ventre, pilates, 9 sesións ao mes	21,40 € /mes
c.- Musicoterapia, 9 sesións ao mes.	14,35 € /mes
d.- Ioga e relaxación- Ioga pais/nais – infantil, 9 sesións ao mes	14,35 € /mes
e.- Estimulación mental, 9 sesións ao mes	21,40 € /mes

4.3. Servizos de masaxes e tratamentos especiais

Servizo	Prezo	
	>60 anos	outros
Masaxe lumbar ou cervical	17,05 €	21,40 €
Masaxe lombo completo	21,40 €	28,60 €
Masaxe extremidades	14,35 €	21,40 €

4.4.Servizos socioculturais e de base ocupacional:

Servizo	Prezo
Obradoiros, bailes, e outros	21,40 €

4.5. Servizos de hostalaría, estética e lecer:

Servizo	Prezo
CAFÉ	0,90 €
CAFÉ DOBRE	1,05 €
CAFÉ CON XEO	1,05 €
CHOCOLATE	1,05 €
LEITE	0,90 €
INFUSIÓN	0,90 €
AUGA	0,90 €
CERVEXA SEN ALCOHOL	1,05 €
CERVEXA	1,10 €
CERVEXA MIXTA	1,10 €
VIÑO RIOJA	1,85 €
CLARA	0,95 €
GASOSA 500 ml.	0,90 €
CARAMELOS	0,15 €
PATACAS FRITAS	1,00 €
CHOCOLATES	0,80 €
PALMEIRAS	0,45 €
VALENCIANAS	0,55 €
MADALENAS	0,45 €
PAQUETE DE GALLETAS	0,30 €
BOLIÑOS	0,55 €
MOSTO	1,05 €
REFRESCOS	1,05 €
ZUMES	0,90 €
MERENDA DE ANIVERSARIOS FAMILIARES CON ANIMACIÓN	8,35 €
XANTAR DIARIO	8,80 €

TALONARIO SEMANAL (€/MENÚ):	8,05 €
LAVAR, CORTAR E PEITEAR	9,30 €
LAVAR E CORTAR	7,10 €

- A adxudataria poderá establecer prezos máis baixos para as persoas que adquieran bono mensual.
- Os prezos dos restantes servizos e produtos non contemplados, debido á variedade e frecuente cambio e novidades dos mesmos no mercado, non están suxeito a regulación nesta ordenanza, pero a adxudataria, se os presta, non poderá cobralos por encima do custe medio do mercado.

ARTIGO 5. OBRIGACIÓN E CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

5.1 A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento en que se inicie a prestación de calquera dos servizos especificados no artigo 4.

5.2 Cando se trate de servizos de prestación periódica, o período impositivo coincidirá co mes natural de prestación de servizos. Se houbera altas ou baixas unha vez iniciado o mes de prestación dos servizos, a contía a satisfacer será proporcional ao período de uso dos mesmos.

5.3 O prezo público de servizos de prestación periódica será satisfeita por adiantado, dentro dos dez primeiros días de cada mes, agás o servizo do Centro de Día, que aboarase a mes vencido, dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte.

5.4 A falta de asistencia da persoa usuaria no servizo durante un período determinado non suporá redución algunha, nin extinción da obriga de pago, mentres non se formalice a baixa correspondente no servizo.

5.5 Cando se trate de eventos ou servizos esporádicos ou extraordinarios de remuneración única, o período impositivo se iniciará no intre de formular a solicitude ou inscrición.

5.6 Cando por causas imputables á persoa obrigada ao pagamento o servizo non se preste, procederase igualmente ao pago do mesmo.

5.7 A xestión de pagamentos será a cargo da empresa concesionaria do servizo, que será con quen terán que relacionarse as persoas usuarias.

5.8 A falta de pagamento do prezo público levará consigo a perda da condición de persoa usuaria do servizo, nos termos establecidos no Regulamento Centros Comunitarios Integrados e Centro de día.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO: Expoñer o expediente á información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, como mínimo, para que se poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que de producirse serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO: No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo até entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 49 da LRBRL.

CUARTO: O acordo definitivo, ou o inicial elevado automaticamente a definitivo, e o texto íntegro da modificación da ordenanza publicárase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, entrando en vigor no prazo estipulado no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da LRBRL, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, pois neste caso traemos esta modificación desta ordenanza como xa explicáramos aos portavoces dos grupos municipais deste pleno, facemos unha actualización destes prezos que a verdade estaba moi por debaixo do prezo do mercado, seguirá estando por debaixo do prezo de mercado, pero simplemente actualizamos un pouco a suba dos prezos de todo o custo desto. Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Sobre a modificación da ordenanza nº 33, bueno, como xa lle comentamos ao Sr.Román poderemos estar de acordo en que é necesario un incremento xa que a suba do IPC dos anos 2022 e 2023 conleva a que a situación tamén complicada das persoas e as familias, así como a estabilidade en determinadas empresas e servizos pero, como lle fixemos chegar consideramos que hai persoas que por prescripción ou recomendación médica, necesitan acceder aos distintos servizos, como os xerontolóxicos, terapéuticos, mantemento psicofísicos, tratamentos especiais entre outros, consideramos que debíamos acoller algunha bonificación nese sentido, porque sabemos que é complicado e que hai familias que o están pasando mal e que necesitan eses servizos.

E bueno, non recolleu esa proposta que lle fixemos nós destes servizos que entendíamos que era bó que houbera unha bonificación para esas familias ou esas persoas que necesitan esa atención, porque vostede ve que unha xornada completa que custa 726,90 euros hai familias ou persoas, neste caso persoas, que ao mellor a súa pensión non chega a ese prezo e necesitan ese servizo.

Polo tanto, nós ímonos abster como fixemos na comisión informativa que xa debatimos este tema, pero sentimos que non recolleran esa proposta que creo que era moi necesaria para este tipo de servizos, que hai familias que o necesitan e loxicamente pois é complicado poder chegar. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: Abstencións 2

6 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓNS DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO PARA 2024.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Tendo en conta a necesidade de aprobar as modificacións da Relación de postos de traballo para 2024 aprobadas previamente polo Concello Pleno de data 24.02.2022 ((GOB16I047) que aproba o plan de promoción interna 21-24. Visto o informe-proposta do servizo de organización e rrhh (PER17I35I) de data 21.11.2023 que textualmente di:

“INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E RRHH.-ASUNTO: modificacións puntuais da RPT para 2024.-Antecedentes

Vista a necesidade de adaptar os postos de traballo as necesidades actuais do Concello de Narón e tendo en conta o disposto no artigo 90 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime Local, e tralo ditame favorable da mesa de negociación conxunta, a funcionaria que subscribe, en cumprimento do establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,(ROF), debe emitir o seguinte informe- proposta:

Normativa aplicable

- ✓ *Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. (en adiante LBRL)*
- ✓ *Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- ✓ *Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP).*
- ✓ *Real Decreto LeXislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empreado Público. (en adiante TREBEP).*
- ✓ *Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (no non derogado pola Lei 7/2007).*
- ✓ *Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.*
- ✓ *Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
- ✓ *RD 861/1986, de 25 de abril, que establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local.*
- ✓ *Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para 2022 (LPXE-22).*
- ✓ *Resolución conxunta das Secretarías de Estado de Facenda e para a Administración Pública, pola que se aproba o modelo de Relación de Postos de Traballo de persoal funcionario e dítanse normas para a súa elaboración, (Orde de 6 de febreiro de 1989, -BOE 32/1989, de 07-02-89).*
- ✓ *Regulamento da relación de Postos de Traballo do Concello de Narón, aprobada polo Concello Pleno de data 28 de xaneiro de 2011.*
- ✓ *Acordo regulador condicións de traballo dos funcionarios do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno de 16 de febreiro de 2009 (BOP da Coruña n. 169 de 30 de xullo de 2009).*

Informe

PRIMEIRO.- consideracións previas.- A Relación de Postos de Traballo comprende, conxunta ou separadamente, os postos de traballo de persoal funcionario de cada Centro xestor, o número e as características dos que poidan ser ocupados por persoal eventual, así como os daqueles outros que poden desempeñarse por persoal laboral. Hase de indicar nelas a denominación, tipo e sistema de provisión dos mesmos; os requisitos esixidos para o seu desempeño; o nivel de complemento de destino e, no seu caso, o complemento específico que corresponda aos mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e réxime xurídico aplicable cando sexan desempeñados por persoal laboral.

No ámbito estatal, a Orde do 2 de decembro de 1988 que regula as relacións de postos de traballo da Administración do Estado, no seu artigo Cuarto unicamente esixe a elaboración da RPT polo respectivo departamento ministerial e a súa aprobación pola Comisión Executiva da Comisión Interministerial de Retribucións.

O Tribunal supremo, define a natureza xurídica da RPT como acto-condición administrativo, ordenado e non ordenador dos efectivos públicos, abandonando a anterior doutrina xurisprudencial de acto de natureza híbrida e define: «a RPT é o instrumento técnico ao servizo da Administración Pública para a organización efectiva dos seus recursos humanos no uso que poida facer da súa autonomía e autogoberno, debendo adaptala ás necesidades que lle esixe a prestación efectiva dos seus servizos públicos, aquela ten que responder a necesidades non só actuais senón reais da propia Corporación. Este proceso adaptativo esixe a posible modificación pola Corporación Local da RPT cando non responda as esixencias que lle impón o deber dunha prestación eficiente dos servizos públicos, debendo converterse nun instrumento dinámico e non estático ou pétreo; dinamismo e adaptación que se amparadas polo arco da garantía constitucional da autonomía local” STS do 5 de febreiro de 2014.

A LEPG establece no seus artigos 202 e 203: “Relación de postos de traballo. 1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas. 2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxerencias ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxerencias ou alegacións presentadas. 3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia. Artigo 203. Clasificación do persoal funcionario de carreira propio das entidades locais. 1. O persoal funcionario de carreira propio das entidades locais clasificarase conforme ao establecido por cada corporación local no marco do previsto na lexislación básica estatal de aplicación. 2. As clasificacións establecidas agruparanse de acordo con a titulación esixida para o ingreso nas mesmas, de conformidade co previsto pola lexislación básica estatal de aplicación”.

SEGUNDO.- Regulación no Concello de Narón.-O Regulamento de Postos de traballo do Concello de Narón, establece respecto da modificación dos postos:

“Sección 2ª.- Creación, modificación e supresión dos postos de traballo

Artigo 23.

A creación de postos de traballo novos, susceptibles de incluír na relación, axustarase ao seguinte procedemento:

1º.- O responsable da unidade correspondente ao posto novo, remitirá unha proposta xustificada e co visto e praxe do concelleiro delegado respectivo, ao Servizo de Recursos Humanos, que conterà as determinacións sinaladas no artigo 14 deste Regulamento, así como unha descrición das principais funcións a asignar ao novo posto, salvo que o posto novo que se pretenda crear se considere homoxéneo a algún outro dos comprendidos na relación, en cuxo caso se indicará esta circunstancia.

2º.- O Servizo de Recursos Humanos, logo de realizar a análise do posto de traballo e comprobar a inexistencia de posto similar na organización e a necesidade da dotación en función da carga de traballo, emitirá un informe razoado e unha proposta de aceptación ou desestimación da creación do posto novo, e en caso de aceptación, sobre as determinacións que se propoñen para o novo posto. Todo iso de acordo coas políticas de persoal existentes.

3º.- Darase audiencia á representación do persoal, no que se refire ao valor, nivel e retribución do posto de traballo, determinacións que non terán carácter definitivo, ata que non se leve a cabo a fixación definitiva do valor do posto, polo procedemento establecido no capítulo V deste Regulamento.

4º.- Á vista das actuacións anteriores, resolverase no Pleno, tras un informe previo de Intervención, se a creación do posto supón incremento do gasto.

5º.- No caso de decidirse a creación do posto novo, incluírase este na relación de postos de traballo.

Artigo 24.

1. En todo momento, por necesidades organizativas, poderanse realizar modificacións nos postos, referidas a calquera das determinacións previstas na relación de postos de traballo.

2. O procedemento que se deberá seguir nas modificacións de postos é o seguinte:

1º.- O responsable da unidade correspondente ao posto que se pretenda modificar, remitirá unha proposta xustificada e co visto e prace do concelleiro delegado respectivo, ao Servizo de Recursos Humanos, sinalando as determinacións previstas na relación que, en concreto, deben ser obxecto de modificación.

2º.- O Servizo de Recursos Humanos logo de facer a análise do posto dende as consideracións establecidas na proposta do servizo, emitirá un informe razoado e unha proposta de aceptación ou desestimación da modificación do posto presentada, de acordo cos informes e análises correspondentes e coas políticas de persoal existentes.

3º.- Darase audiencia á representación do persoal, se a modificación presentada afecta ao valor, nivel do posto ou a súa retribución, modificación que non terá carácter definitivo ata que non se leve a cabo a fixación definitiva do valor do posto, polo procedemento establecido no capítulo V deste Regulamento.

4º.- No suposto de que a modificación non afecte ao réxime retributivo, resolverase previa audiencia dos representantes do persoal, mediante Resolución de Alcaldía.

5º.- si por necesidades urxentes da organización, propónse unha adaptación puntual de postos que non afecte ao contido esencial dos mesmos, de tal xeito que quede non resulte afectado o nivel, grupos de acceso, réxime do posto, ou que a modificación proposta afecte a menos do 30% das tarefas establecidas na folla de representatividade, e a menos do 30% do total dos puntos de valoración do específico, será aprobada pola Xunta de Goberno Local e aplicada provisionalmente ata a súa ratificada polo Concello Pleno, que poderá realizarse con ocasión da actualización anual de Postos de Traballo.

Se o posto resultase modificado, realizaranse na relación de postos de traballo as correccións pertinentes logo da súa aprobación definitiva polo Concello Pleno.

5ª.- a incorporación de novas funcións ou tarefas que non superen o 30% do total das tarefas ou o 30% do total de puntos de valoración dun posto, poderán seguir o procedemento establecido no punto 5º.

6º.-. Anualmente, e con ocasión da aprobación da Plantilla Municipal e o anexo de Persoal que acompaña ao Orzamento anual, remitirase ao Concello Pleno a Relación actualización de Postos de Traballo con proposta de supresión, modificación ou supresión de postos, no seu caso.

Artigo 25.

Deberán ser suprimidos os postos de traballo que deixen de ser necesarios á organización dos servizos municipais, seguindo para iso o seguinte procedemento e sen prexuízo do establecido sobre plans para a ordenación de recursos humanos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público:

1º.- O Servizo de Recursos Humanos emitirá un informe razoado e unha proposta sobre a supresión dos postos innecesarios, previamente á preparación do cadro de persoal anual e á oferta de emprego pública.

2º.- O Alcalde/a ou Delegado/a de Organización e Persoal propoñerán ao Concello Pleno a supresión.

2º.- No caso de que se decidise a supresión do posto en cuestión, eliminarase este da relación de postos de traballo.

Artigo 26.

Cando se produzan vacantes nos postos de traballo, previamente ao inicio do procedemento de provisión, deberanse revisar estes, en termos organizativos e seleccionar unha das tres opcións seguintes:

- a) Manter o posto coas mesmas determinacións previstas na relación.
- b) Modificar as determinacións do posto recollidas na relación, para adaptalas aos requirimentos organizativos ou de funcionamento que puideran existir. Para iso seguirase o procedemento previsto no artigo 24 deste Regulamento.

Suprimir o posto por non ser xa necesario á organización dos servizos municipais. Para iso seguirase o procedemento previsto no artigo 25 deste Regulamento.”

TERCEIRO.- Valoración de postos. -Di o citado regulamento respecto da valoración de postos de traballo: “Sección 1ª.- Valoración dos postos de traballo.

Artigo 67.

1. A valoración dos postos de traballo desempeñados por persoal funcionario e laboral do Concello de Narón, constitúe a base mediante a que se establece:
 - a) As diferenzas relativas entre os distintos postos de traballo respecto a unha valoración conxunta, distintiva dos diferentes factores de valoración.
 - b) A retribución ao posto de traballo, comprendida fundamentalmente polo complemento específico.
2. O valor dos postos de traballo exprésase en puntos. (VPPT), sendo o importe de cada punto de 3,11 euros (sen prexuízo da preceptiva redución porcentual establecida no Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público; coas actualizacións esixidas anualmente pola lei de orzamentos do Estado).

Artigo 68.

1. Entenderase que o valor asignado a cada posto, mediante a súa VPPT, correspóndese co conxunto de tarefas, responsabilidades e demais características inherentes e habituais a eles, en relación directa coa especificación que se recolle expresamente na relación de postos de traballo e nas follas de representatividade do posto.
2. A contía e desagregación da retribución ao posto de traballo establecerase na forma que regula no presente capítulo.

Sección 2ª. Revisión da valoración dos postos de traballo.

Artigo 69.

1. Unha vez establecida a valoración para un posto de traballo, só se poderá revisar a súa VPPT polas seguintes causas:
 - a) Por modificación das funcións, tarefas ou condicións do posto.
 - b) Porque se decida realizar unha revisión xeral, para todos ou unha parte dos postos de traballo, co fin de adecuar a valoración ás posibles evolucións ou cambios organizativos producidos durante un período de tempo.

2. *Cando a revisión dos supostos recollidos nos apartados a) e b) anteriores se realice mediante a aplicación do previsto nos artigos 24 e 27 deste Regulamento, aquela terá carácter provisional, que só será definitiva cando a revisión se realice segundo o disposto nos artigos seguintes.*
3. *A revisión da valoración realizarase cando se considere necesario, seguindo para iso a metodoloxía que se regula nos artigos seguintes deste Regulamento.*

Artigo 70.

Anualmente, realizarase ou revisarase a valoración de postos de traballo de forma definitiva nos seguintes casos:

- a) No dos postos novos que se crearan ou decidiran crear dende a valoración de postos de traballo ou dende a última revisión, foran obxecto ou non da asignación provisional de valor, nivel ou retribución.*
- b) No dos postos que se modificaran ou decidiran modificar dende a valoración de postos de traballo ou dende a última revisión, foran obxecto ou non da asignación provisional de valor, nivel e retribución segundo se determina neste Regulamento.*

Artigo 71.

A revisión da valoración dos postos referidos no artigo anterior poderase efectuar de oficio ou mediante solicitude do ocupante do posto, se é o caso.

A este respecto, cando un empregado municipal considere que o seu posto foi modificado en canto ao contido en funcións ou responsabilidades, poderá dirixirse por escrito ao Servizo de Recursos Humanos, solicitando a súa revisión e achegando as razóns que xustifiquen tal revisión.

Artigo 72.

- 1. Para levar a cabo as revisións e as valoracións dos postos de traballo constituirase, mediante resolución do órgano competente en materia de Recursos Humanos, a Comisión de Valoración dos Postos de Traballo do Concello de Narón.*
- 2. Esta comisión terá carácter exclusivamente técnico.*

Artigo 73.

A Comisión de Valoración estará constituída polo Secretario/a Xeral cando non actúe como Secretario da mesma, polo persoal técnico do servizo de Organización e RRHH, un/a experto/a no posto/postos obxecto de valoración e o responsable da unidade administrativa a que está adscrito o posto/postos.

Así mesmo e aos efectos de asesoramento técnico poderá requirirse a presenza do responsable da informática municipal, no que atinxe ás aplicacións de valoración dentro do sistema integral de recursos humanos. (bases de datos).

Aos efectos do presente regulamento, enténdese como experto/a o traballador que ocupe posto de traballo igual ou similar ao analizado, cunha experiencia mínima de cinco anos e unha avaliación ao desempeño que supere os niveis de aprobación mínimo, no seu caso.

Artigo 74.

As sesións que celebre a Comisión de Valoración de Postos de Traballo deberán ser dirixidas por un técnico responsable de Recursos Humanos, e como Secretario/a o do Concello ou técnico/a do Servizo de RRHH en quen

delegue que asegure o cumprimento das regras establecidas para os traballos a desenvolver. Este técnico non terá voto.

Artigo 75.

As deliberacións da Comisión terán carácter reservado e as votacións que se efectúen, se é o caso, serán secretas, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do seu presidente, tras repetir por unha soa vez a votación.

A valoración seguirá necesariamente os criterios obxectivos determinado na aplicación informática e negociados na Mesa de Negociación que será informada previamente ao período de audiencia.

Artigo 76.

Unha vez finalizados os traballos de revisión realizados por parte da Comisión abríraselles un prazo de audiencia aos empregados afectados por esta, para que poidan presentar solicitudes de modificación da revisión efectuada.

As solicitudes que se produzan serán resoltas pola Comisión, a cal elevará ao órgano competente unha proposta definitiva.”

CUARTO.- Procedemento aprobado no presente expedientes para avaliación e proposta de modificación da Relación de Postos de Trabajo 2024

Aberto o expediente para avaliación de postos de traballo en data 4.10.2023 (PER17I2TI), aportáronse ao mesmo os informes dos diferentes servicios que se detallan a continuación :

- Acordo Plenario de data vinte catro de febreiro de dous mil vinte dous, (GOB16I047) que aproba o plan de promoción interna 21-24.*
- Resolucion da Alcaldía de data 5.10.2023 (PER17I2TX) que estrutura o arquivo municipal en arquivo histórico e dixital.*
- Informe da secretaria xeral de data 16.10.2023 (PER17I2X4) en relación á reorganización do servicio de urbanismo e obras /disciplina urbanística, expropiacións e medio ambiente.*
- Acta da Comisión de valoración de postos de traballo de data 9.10.2023 (PER17I354).*
- Informe da Xunta de Persoal de data 9.10.2023.*

Proposta

A vista da normativa e antecedentes expostos, se propón á Alcaldía-Presidencia eleve á Comisión informativa de Persoal para elevar a Pleno:

PRIMEIRO.- *Crear 10 postos de axente de emerxencias vinculados á 10 prazas de bombeiro-Conductor C1 e revisión do CD do corpo de administrativos:*

***CREACION 10 PLAZAS BOMBERO-CONDUCTOR GRUPO C1** Vinculadas aos seguintes postos:

01.02.C039 Axente emerxencias

01.02.C040 Nivel CD 16 Complemento específico 231 puntos

01.02.C041

01.02.C042

01.02.C043

01.02.C044

01.02.C045

01.02.C046

02.02.C047

01.02.C038 *Cabo xefe de equipo*

Nivel CD 16

Complemento específico 253 puntos

SEGUNDO.- Modificar o complemento de destino dos postos de administrativos/as que se citan a continuación, que se unifican no nivel 19:

01.00.C004; 02.01.C008; 02.01.C040; 02.01.C043, Administrativo/a C1 CD-19
02.01.C44; 02.02.C004; 02.02.C007; 02.02.C008, 02.02.C010,
02.04.C002, 02.04.C006, 02.04.C007, 02.04.C009,
02.04.C010, 02.04.C011
02.06.C004, 02.06.C005, 02.06.C018, 26.06.C019,
02.08.C005, 02.08.C008, 02.09.C002, 02.10.C002,
02.10.C004, 02.10.C007, 03.00.C001, 03.00.C002,
02.03.C006, 03.00.C008, 03.00.C010, 03.01.C002,
03.01.033, 04.00.C004, , PA0207C002 02.10.C006,
02.09.C043 02.06.C003,

TERCEIRO.- Axustes de servizos nos seguintes termos:

02.01.A004 *Técnico/a programas europeos*

GRUPO CD ESPECIFICO

A1-A2 20 249

02.04.A004 *x.sección Disciplina urbanística, medio ambiente e expropiacións*

(antes 02.03.A001)

GRUPO CD ESPECIFICO

A2-A1 26 301

*Os postos de axente de emerxencias e xefe de equipo do Speis, implican a creación de 10 prazas de bombeiro-condutor.

CUARTO.- Declarar a extinguir 19 prazas de bombeiro-condutor grupo C2 correspondentes ás promocións aprobadas na ope 2023 e na presente proposta e vinculadas aos postos que sen indican: 01.02.c001; 01.02.C002; 01.02.C006; 01.02.C007; 01.02.C008; 01.02.C009; 01.02.c011; 01.02.C012; 01.02.C013; 01.02.c014; 01.02.C015; 01.02.C016; 01.02.C015; 01.02.C016; 01.02.C017; 01.02.C018; 01.02.C019; 01.02.C020; 01.02.C021.

Se mantén un posto de axente de emerxencias (01.02.C010) vinculado á praza 2220012 que deberá vincularse ao subgrupo C1 no momento da súa vacante.

QUINTO.- Crear a Oficina de Normalización lingüística dentro dos servizos xerais e con funcións transversais no servizo sociocomunitario (ensino).

SEXTO.- Dar conta da resolución da alcaldía con código de documento PER17I2TX de data 05.10.2023 a división do Arquivo Municipal en dúas unidades: arquivo histórico e en Papel e arquivo dixital, co fin de dar un impulso á dixitalización do Arquivo a partir dos expedientes xerados dende a aprobación da Lei 39/2015.

QUINTO.- *O presente acordo queda condicionado á aprobación do orzamento municipal para 2024 e a plantilla orzamentaria que o acompaña, e non producirá efectos, en ningún caso, antes do 1 de xaneiro de 2024”*

Visto o informe da Intervención municipal (INTI71CC) de data 18.12.2023 e o informe de contestación do servizo de organización e RRHH (PER17I3RG) de data 6 de febreiro de 2024, e visto o ditame favorable por maioría (con catro abstencións dos representantes de PP -3- e PSdG-PSOE -1-; e os sete votos favorables de Tega -5- e BNG -2-) na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 22 de febreiro de 2024, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos

PRIMEIRO.- Crear 10 postos de axente de emerxencias vinculados á 10 prazas de bombeiro-Conductor C1 e revisión do CD do corpo de administrativos:

***CREACION 10 PLAZAS BOMBERO-CONDUCTOR GRUPO C1** Vinculadas aos seguintes postos:

01.02.C039	Axente emerxencias		
01.02.C040	Nivel CD 16	Complemento específico	231 puntos
01.02.C041			
01.02.C042			
01.02.C043			
01.02.C044			
01.02.C045			
01.02.C046			
02.02.C047			
01.02.C038	Cabo xefe de equipo		
	Nivel CD 16	Complemento específico	253 puntos

SEGUNDO.- Modificar o complemento de destino dos postos de administrativos/as que se citan a continuación, que se unifican no nivel 19:

01.00.C004; 02.01.C008; 02.01.C040; 02.01.C043, 02.01.C44;	Administrativo/a C1	CD:19
02.02.C004; 02.02.C007; 02.02.C008, 0202.C010, 02.04.C002		
,02.04.C006, 02.04.C007, 02.04.C009,		02.04.C010,
02.04.C011		
02.06.C004,	02.06.C005,	02.06.C018,
26.06.C019,		
02.08.C005,	02.08.C008,	02.09.C002
,02.10.C002,		
02.10.C004,	02.10.C007,	03.00.C001,
03.00.C002,		
02.03.C006, 03.00.C008, 03.00,C010, 03.01.C002, 03.01,033,		
04.00.C004, 02.10.C006,		02.06.C003
02.09.C043		

TERCEIRO.- Axustes de servizos nos seguintes termos:

02.01.A004	Técnico/a programas europeos	
GRUPO	CD	ESPECIFICO
A1-A2	20	249
02.04.A004 (antes02.03.A001)	x.seccion Disciplina urbanística, medio ambiente e expropiacións	
GRUPO	CD	ESPECIFICO
A2-A1	26	301

*Os postos de axente de emerxencias e xefe de equipo do Speis, implican a creación de 10 prazas de bombeiro-condutor.

CUARTO.- Declarar a extinguir 19 prazas de bombeiro-condutor grupo C2 correspondentes ás promocións aprobadas na ope 2023 e na presente proposta e vinculadas aos postos que se indican: 01.02.c001; 01.02.C002; 01.02.C006;01.02.C007; 01.02.C008;01.02.C009; 01.02.c011; 01.02.C012;01.02.C013; 01.02.c014; 01.02.C015; 01.02.C016; 01.02.C015; 01.02.C016; 01.02.C017; 01.02.C018; 01.02.C019; 01.02.C020; 01.02.C021.

Se mantén un posto de axente de emerxencias (01.02.C010) vinculado á praza 2220012 que deberá vincularse ao subgrupo C1 no momento da súa vacante.

QUINTO.- Crear a Oficina de Normalización lingüística dentro dos servizos xerais e con funcións transversais no servizo sociocomunitario (ensino).

SEXTO.- Dar conta da resolución da alcaldía con código de documento PER17I2TX de data 05.10.2023 a división do Arquivo Municipal en dúas unidades: arquivo histórico e en Papel e arquivo dixital, co fin de dar un impulso á dixitalización do Arquivo a partir dos expedientes xerados dende a aprobación da Lei 39/2015.

QUINTO.- O presente acordo queda condicionado á aprobación do orzamento municipal para 2024 e a plantilla orzamentaria que o acompaña, e non producirá efectos, en ningún caso, antes do 1 de xaneiro de 2024”

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso non deixa de ser un punto en que simplemente levamos a cabo o que xa se acordara en sesións plenarias deste concello, e loxicamente foi un compromiso adquirido o primeiro deles, co traspaso dos bombeiros de C2 a C1, por eso se crean estas 10 prazas de bombeiro conductor que se quedou de forma via anual, o ano pasado se crearan estas 10 prazas e este ano creamos estas outras 10 que quedaron pendentes e por outra parte, dalgunha forma poñer a todos os administrativos deste concello igualalos no seu complemento específico e unificar tamén no nivel 19 e por outra parte as 2 prazas que neste caso por xubilación de 2 persoas, pois que estaban cubrindo sendo A1, pois pasan a ser cubertas por 2 A2. Nada máis. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Si, como ben apunta o voceiro de TEGA este é un acordo que xa ven acordado no tempo. En concreto, hai 3 anos. Precisamente pola demora nese lapso tan grande de tempo en que se chegou a ese acordo cos bombeiros, ata hoxe que digamos, que se trae a este pleno para a súa execución, co paso do tempo perdimos hoxe, no día de hoxe, perdemos 2 bombeiros que vanse engrosar á plantilla de bombeiros de Ferrol, a conta das condicións económicas que tiñan os nosos bombeiros. En concreto, esta progresión de C1 o que fai é que á larga os bombeiros teñan unha perda no seu poder adquisitivo algúns deles por perder neste caso a carreira horizontal.

Polo tanto, é unha crítica que vos facemos no sentido de que hai que facer as cousas cando as hai que facer e a conta de non as facer no seu momento, estamos perdendo persoal cualificado como son os bombeiros que hoxe se incorporan á plantilla de bombeiros de Ferrol.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, sobre este asunto xa debatimos na comisión e creo que perderon unha moi boa ocasión de regular ben os postos de traballo do corpo de bombeiros, según as súas labores e funcións que realizan os operarios cando saen aos distintos servizos. Creo, como dixeran, que perden unha boa ocasión e esperamos que nos orzamentos do concello e na nova RPT que se aprobe nos orzamentos veña recollido como ten que vir recollido. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: só unha pregunta. Que non lle escoitei porque estaba entrando xente. Pode repetir o que dixo? Porque a verdade é que non escoitei.

-Sr.Castrillón Permuy: creo que non lle contaron entóns o que debatimos na comisión informativa, que falamos de que cal é o motivo de que non se saquen prazas de xefes de dotación, no, xa que cando aquí cambiamos todos ao C1 e pasan todos a ser conductores cando fan outros servizos, cando saen a determinadas operacións. Polo tanto, cremos e consideramos que perderon unha boa ocasión para regular eso.

-Sra.alcaldesa: sí, xa me quedou claro. Grazas.

-Sr.Romero Franco: bueno, imos a manter un tono cordial e de verdade que con espírito constructivo da miña segunda intervención.

E eu entendo que o portavoz do partido socialista naqueles intres nos que negociamos co servizo de Bombeiros non estaban metidos en política, nin seguramente contaba estar hoxe aquí sentado... é curioso que un acordo que se fai con eles e no seu momento que eles deciden que este cambio de C2 a C1 e que se pacta con eles facelo neste período, 10 prazas no ano anterior e 10 prazas neste ano, agora resulta que poda ser un problema ou poda ser un disgusto para eles porque dun acordo ao que eles chegaron e eles nos solicitaron a nós poder facer esto, e agora resulta que teñen un problema porque perden a carreira horizontal. Eso é curioso.

Por outra parte, Sr.Castrillón, creo que se lle explicou na comisión, e mostra a súa vontade de entender as cousas cando se lle ofreceu ir a falar co servizo da xefa de persoal deste concello, e nin sequera pasou por alí, a que lle explicaran cal é a diferenza entre prazas e postos e claro que estaban creados eses postos de cabo, de xefes de turno deste concello. Pero como o seu espírito constructivo e de informarse é nulo pois entóns decidiu que non era importante ir a falar coa xefa de servizos de persoal deste concello, e volve a teimar coa mesma reclamación que se lle explicou que non tiña sentido. Pois nada, continuamos.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Agradézoches Román o espírito constructivo, é certo que non estaba daquela pero a día de hoxe estou. É unha perogrullada, é unha obviedade. E como é unha obviedade de non habelo feito no seu momento e facelo hoxe, lle causa un perxuízo económico aos traballadores. É así de certo. E é máis, recoñécchelo na comisión. A preguntas do partido socialista recoñeciches que si, que loxicamente se lles causaba un perxuízo económico cando na súa carreira horizontal tiñan que empezar de cero. Polo tanto, esas cousas hai que facelas no seu momento e hai que facelas ben. Se se fixeran daquela hoxe posiblemente non estaría a facer esta pregunta. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, nós estivemos en contacto cos bombeiros e nos explicaron o da carreira horizontal para pasar a carreira vertical e eso creo que podería explicalo igual Oreona, que é o concelleiro encargado desa área; pero eu o que teño entendido é que chegastes a un acordo neste sentido. Entóns tamén nos sorprende un pouco que utilizemos esto, de feito eles están dispostos a perder sabendo o que van perder, pero que se melloren as condicións laborais dos bombeiros agora e de cara ao futuro, que é algo de alabar realmente do corpo de bombeiros de Narón.

Pero eso é o que pasa a verdade, cando pasas uns anos nunha carreira horizontal dun determinado grupo, cando escalas a antigüidade desa carreira non aparece recollida pero a min persoalmente, dixerónme que eles era un acordo que tiñan con outros acordos que íades a facer nesta lexislatura, que teremos que estar pendentes si se cumpren ou no e entóns actuar en consecuencia.

Pero a verdade é que si que me sorprende porque polo menos, dentro da nosa comprensión, é o que nos entendimos que se chegaba. Entóns bueno, está aquí tamén Román para explicalo perfectamente pero si Oreona chegou a algún tipo de acordo ou algo.. que tamén o confirme vaia.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. Os acordos son a nivel da Xunta de Persoal.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que é sorprendente que o presidente da comisión non veña a informar á comisión e despois veña a decir que non estamos informados o resto. É dicir, no, eu teño información certa do que hai e vostedes teñen este acordo que ven de 3 anos, é certo, este acordo pero neste acordo ían incluídas máis cousas, como é eses cambios de regular e darlle eses postos, esas prazas de xefes de dotación. Porque é certo ou non é certo que hai moitos condutores que cando saen a un servizo non van de condutores e si de xefes de dotación cando non está recollido? E siguen vostedes pagando horas extras por eso. Entónces a ver.

Creo que está ben que queiran disimular e que queiran facernos mirar para outro lado, pero non é así a realidade porque eu tamén estiven en contacto cos bombeiros, e tamén me contaron o que había e tamén me dixeron como era o tema. Nada máis.

-Sr.Romero Franco: a verdade que me costa entender Germán, porque aínda estou pensando que nos querías decir exactamente porque aínda non entendín.

E por outra parte, por outra banda, grazas Olaia porque a veces temos dúbidas de se é un problema de comprensión ou é un problema noso que non transmitimos ben as cousas. Vexo que ti entendiches perfectamente e grazas. Entón queda aclarado xa.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa por rematar. É dicir, as prazas é algo que o decide o Estado, quero decir de verdade e a suxestión que lle fai ... de verdade con ánimo constructivo, como decía neste caso Román, a diferenza entre prazas e postos. Creo que vostede ten unha confusión aí.

E de verdade para que non vexa a posibilidade de que é igual a nivel político lle queremos dar gato por lebre, por favor, fale neste caso de verdade, ou se quere concertamos unha reunión neste caso, coa xefa de persoal para que lle aclare ese conflito que eu creo que ten aí, entre unha praza e un posto.

E as prazas, neste caso, as decide o Estado e nós de verdade, que facemos rigurosamente esa relación tal cual eles a aproban. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeGº-PSOE: Abstencións 2

7 º.- PROPOSTA DE ADOPCIÓN DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DE MEDIOAMBIENTE COSMA, S.A.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contaría cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.

Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.

O artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais de accionistas, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás regras que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o

alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión.

En tanto no artigo 22 dos Estatutos de referencia, establécese que o cargo de xerente recaerá sempre en persoa especializada de recoñecida solvencia para o desempeño das súas funcións, debendo ser nomeado pola Xunta Xeral, a proposta do accionista privado.

Ante a renuncia do actual xerente da mercantil e a necesidade de proceder ao nomeamento dun novo titular da xerencia, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións de PP, BNG e PSdG-PSOE; e os dous votos favorables de TEGA) da Xunta de Portavoces do 26 de febreiro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno:

PRIMEIRO.- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón nunha vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercicio da seguinte atribución:

- Nomeamento dun novo xerente da mercantil.

SEGUNDO.- Autorizar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de toda a documentación que precisa sexa para a efectividade deste acordo.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: queremos dicir que nos preocupa e moito, a situación que ten COSMA, o que estamos aquí hoxe, que sairá aprobado coa abstención dos grupos da oposición, cremos que é un exemplo máis, que é unha empresa co 51% de capital público, coa dimisión do xerente e ante o primeiro gran problema, a fuxida, ou como queiramos poñer demostra tamén que ao mellor as cousas non se estaban facendo tan ben como parecía.

E que ao final teñamos que estar aprobando algo destas características, cremos que demostra nos xa casi 25 anos de COSMA que hai outras maneiras de xestionar a auga, e que teremos que estudar as fórmulas para que entre todos e todas buscar solucións que está claro que nin Cosma nin o xerente, que se acaba de ir, puideron facer.

-Sra.alcaldesa: claro, a ver, a nivel persoal nós non podemos decidir sobre unha persoa que quere cambiar... é dicir, de posto de traballo e eso é algo que é lícito e de feito cambia por outro tema totalmente diferente. Entón nese sentido non cremos que sexa ningún tipo de fuxida, e de feito é algo que xa viña decindo hai tempo, que tiña distintas ofertas e igual aceptaba.

Entón eu creo que neste caso, non se pode mezclar unha cousa con outra independentemente que analicemos e vexamos determinadas cousas. Neste caso é unha decisión meramente persoal.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: Abstencións 2

8 .º.- PROPOSTA SOBRE ADOPCIÓN DE DIVERSOS ACORDOS EN MATERIA DE SANEAMIENTO .-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o acordo adoptado polo Concello Ferrol na sesión plenaria celebrada o pasado 28/12/2023, polo que se aproban “liquidacións de repercusión de costes do servizo de depuración que se presta ao Concello de Narón: segundo e terceiro semestre de 2022 e primeiro semestre de 2023”, notificado a este Consistorio con data de entrada de 12 de xaneiro de 2024 (RE nº 691).

Dando por coñecido o íntegro expediente sobre o asunto que se trata.

Dando por coñecidos a totalidade dos informes xurídicos-económicos e técnicos obrantes no expediente da súa razón.

Considerando que o acordo plenario inicialmente citado principia cunha expresa mención ao acordo adoptado polo Concello de Ferrol en data 25 de agosto de 2022, no que se decidiu prestar aprobación a diversas liquidacións de repartos de custes polo servizo que se trata ao Concello de Narón, sobre a base

dunha porcentaxe baseada nun suposto e inexistente acordo da Xunta de Galicia aprobatorio dun novo coeficiente de reparto.

Considerando que en data 27 de outubro de 2022, o Concello Pleno de Narón procedeu a rexeitar aquelas liquidacións polos argumentos sinalados na parte expositiva daquel acordo; requirindo, ao Pleno ferrolán, a revisión de oficio da súa legalidade (motivando debidamente, previa evacuación dos informes polos funcionarios competentes do seu Concello, todos e cada un dos motivos de oposición contidos na parte expositiva daquel documento); e instando igualmente daquela entidade local a remisión - no exercicio do dereito á defensa e acceso ao expediente por parte de Narón - de diversa documentación, non evacuada logo de varios requirimentos.

Téndose producida a interposición polo Concello de Ferrol dun recurso contencioso administrativo contra o derradeiro acordo plenario citado deste Concello de Narón, de data 27 de outubro de 2022, pendente de resolución neste intre.

Dando por coñecido que o Concello de Narón, en data 16 de novembro de 2023, procedeu - ante a ausencia de datos facilitados polo Concello de Ferrol sobre os custes incorridos no exercicio de 2022 en relación co servizo que se trata - ao recoñecemento extraxudicial de crédito e posterior abono da contía naquel acordo sinalada para ese exercicio, previa evacuación de sendos informes emitidos polo responsables dos Servizos Externos municipais e pola xerencia da mercantil COSMA, S.A. sobre os custos do servizo de depuración e vertido de augas residuais.

Considerando a vixencia e virtualidade da totalidade dos argumentos xurídicos esgrimidos por esta administración (particularmente, (I) a ausencia dun acordo interadministrativo no que se concreten as relacións xurídicas recíprocas - considerado o instrumento adecuado no que deben definirse as obrigas e dereitos de cada unha das administracións afectadas, incluídas as económicas-, único xeito de salvagardar os intereses económicos deste Concello, mediante o establecemento das oportunas medidas de fiscalización e control que permitan a esta administración a verificación do axuste á legalidade das liquidacións pola prestación do servizo; (II) a indefensión do Concello de Narón ante a indefinición das normas reguladoras específicas da xestión e recadación dos ingresos que se tratan, que non permiten a devandita fiscalización polos órganos competentes deste Concello; (III) a inexistencia dun título xurídico que faculte ao Concello de Ferrol para delimitar e calcular as liquidacións que se están a practicar; ou (IV) a modificación unilateralmente acordada pola administración ferrolá da imputación de xustes ao Concello de Narón no referidos aos derradeiros períodos liquidatorios, sen título xurídico habilitante de tal revisión).

Considerando que os Concellos de Narón e Ferrol, de mutuo acordo, solicitaron, en data 13/02/2024, a suspensión do proceso contencioso-administrativo antes citado, a fin de negociar unha solución extraxudicial ao asunto no marco das relacións interadministrativas entre ambas entidades, instrumentando o imprescindible acordo regulador da prestación do servizo, que estableza e delimite con absoluta claridade o mecanismo de liquidación e da súa fiscalización por ambas administracións; e que a devandita suspensión foi efectivamente acordada polo Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Ferrol mediante decreto de data 14/02/2024.

Exposto o anterior e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos portavoces de PP, BNG e PSdG-PSOE; e os dous votos favorables de TEGA) na Xunta de Portavoces do 26 de febreiro de 2024, a súa presidenta propón ao Pleno:

1.- Rexeitar as liquidacións remitidas polo Concello de Ferrol relativas aos períodos comprendidos entre xaneiro e decembro do 2022; e primeiro semestre de 2023, polos argumentos reseñados nesta proposta, e requirir ao Concello de Ferrol para que revise de oficio a legalidade das mesmas, motivando debidamente, previa evacuación dos informes polos funcionarios competentes do seu Concello, todos e cada un dos motivos de oposición contidos na parte expositiva deste documento.

2.- Requirit ao Concello de Ferrol para que, no exercicio do dereito á defensa e acceso ao expediente por parte de Narón, facilite a esta entidade, a documentación, aínda non evacuada logo de varios requirimentos, solicitada por este Consistorio no punto 7 dos acordos plenarios acadados por este Consistorio na sesión plenaria do 27 de outubro de 2022.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, nesta ocasión como tamén xa se puxo en coñecemento dos portavoces da oposición deste concello, pois a situación parece que vai mellorando con respecto ás relacións que se están mantendo co alcalde do concello veciño e a nosa alcaldesa, e de feito hai unha paralización do xuízo quechegando a un acordo as dúas partes para que eso se paralice e neste caso, bueno, pois non deixa de ser manter o noso criterio que ata agora sempre seguimos mantendo, que é facer as liquidacións segundo os informes dos nosos técnicos que entendía que era a aportación que tiñan que poñer Narón ou pagar Narón, e neste caso, por eso se fai este rexeito das liquidación que envía Ferrol ao Concello de Narón. Nada máis, grazas.

-Sr.Ulla Rocha: bueno, este é un tema que nos preocupa. Imos a votar a favor por responsabilidade, porque ningún de nós quere que paguemos 3 millóns e medio de euros a Ferrol. Pero é un tema que nos preocupa, nos preocupa o estado dese procedemento xudicial, a primeira noticia que acabamos de ter, grazas por trasladala neste Pleno, e non habernos informado antes de que chegarades a un acordo para suspender o acto do xuízo (*A Sra. alcaldesa lle di que bueno, ven na orde do día, que ven aí.. que o falaron o outro día tamén na Xunta de Portavoces*) . A min de todas maneiras o que me gustaría saber é : nesa reunión que se mantivo entre a alcaldesa de Narón e o alcalde de Ferrol, se se chegou a algún tipo de proposta económica en relación a plantexar este asunto nalgunha cantidade ou en acordo extraxudicial.

Ferrol renunciou a cobrarnos algunha cantidade? Narón fixo algún tipo de ofrecemento? Nese sentido, é un tema que nos preocupa bastante. Preocúpanos porque como ben apuntou anteriormente a voceira do BNG, non é normal que o xerente dunha empresa pública de auga se vaia por moitas ofertas que teña. Non é normal. E máxime cando hai unha auditoría externa aprobada neste Pleno e sen executarse. É un tema que nos preocupa e nos debería preocupar a todos. Como responsabilidade o que vos pedimos é que nos manteñades ao día en toda a información. E insisto, imos a apoiar esta proposta por responsabilidade. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: sí, boas de novo. Nós absterémonos porque non imos votar para que teña que pagar máis Narón, por suposto, que nos preocupa que volvamos a Emafesa e Cosma, dúas empresas en concellos veciños con capital público, pero tamén capital privado que sacan beneficios da xestión da auga de Ferrol e de Narón, e que nos poñen liquidacións abusivas, neso estamos de acordo e de aí apareceron pleitos, apareceron unha serie de cousas e que os concellos, as administracións públicas teñen que estar a pleitear por decisións de dúas empresas públicas, cremos que cando menos, é grave; sobre todo agora que os caudalímetros e toda a crise que ven, que eu creo que de aí a dimisión sinceramente do xerente, que agora se demostre de que consumimos máis auga da que estabamos a pagar e, que non haxa remanentes e que se lle queira pasar esa factura aos veciños e veciñas é algo que vímolos na crise do 2008 cando se lle deu o diñeiro.... Lle regalamos diñeiro á banca pero se ve tantas e tantas veces na actualidade. Cando hai beneficios só quedan para uns poucos, cando hai perdas se socializan e temos que pagar os veciños e veciñas.

Cremos que eso non se pode dar, a situación estase alongando moito no tempo e hai que mirar outros modelos de xestión, porque ao final estamos sendo secuestradas por Emafesa e Cosma para decidir ou non decidir e isto dura moito, e cremos que hai outras solucións, se agora empeza a verse unha saída pois ben, pero está claro que o feito ata o de agora e que a xestión que levou Cosma neste caso, non foi acaída e entón hai que modificar as cousas. Non sei se Cosma está ata o 2027, pero hai que replantexarse moito como se está levando todo este tema porque ao final os prexudicados somos todos os veciños e veciñas e neste caso, tamén o concello de Narón e é normal que rexeitemos as liquidacións que se pediron por certo, aprobados nun pleno no Concello de Ferrol.

Pero que fosen aprobadas no pleno do concello veciño e que estemos nós aquí neste pleno discutindo sobre isto demostra a gravidade do problema.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, é un tema que é preocupante e que ven dende hai tempo xa debatíndose e vemos que non se avanzou neste camiño, pero bueno, dende logo alégranos que se retome a iniciativa de intentar chegar a acordos co concello limítrofe. Creo que nós sempre defendimos que a mellor forma de chegar a acordos é o diálogo para conseguir algún acordo antes de chegar aos tribunais.

Somos coñecedores de que hai, por parte de Ferrol, neste caso, que hai disposición a estudar todas as alternativas posibles e tamén esperemos e desexamos que dende o concello de Narón, tamén a

Sra.alcaldesa, que sexa consciente de que sempre hai que facer esforzos, sempre é moito mellor chegar a un acordo antes de ter que chegar aos tribunais como xa comentei antes.

Dende logo é un tema preocupante e creo que deberíamos intentar, as dúas partes, intentar solventar esta problemática que levamos tanto tempo con ela.

Espero e desexo que desta sexa a definitiva e que en pouco tempo podamos chegar a este pleno e traer un acordo que sexa viable para as dúas partes. Creo que tamén é interesante e necesario que cos concellos limítrofes ter boa relación e esa é unha clave para poder ter mellores servicios. Incluso para os nosos veciños.

Pola nosa parte, ímonos abster como fixemos noutras moitas ocasións, porque a verdade é que dende un inicio non vimos demasiado claro as cousas e polo tanto, non queremos prexudicar que o propio goberno tome as súas decisións e teña liberdade de poder actuar en beneficio, considero que sexa en beneficio dos veciños e veciñas de Narón. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: a vontade desta alcaldesa se ve, máis que nada porque foi a que iniciou as conversas con Ferrol co cal quero decir, se vostede ten datos de que Ferrol está pola labor, eu xa llo manifestei en máis de varias ocasións e máis que nada o iniciar esto.... Con respecto un pouco a todo o que se fala, é dicir, por clarificar, cando se fai este reparto destes custos, e se aproba un 70-30 o concello de Narón, eso se fai nunha comisión de seguimento de Aquaes, é dicir, polos alcaldes naquel momento, Jorge Suárez-José M.Blanco, se acorda esa cantidade. Eso se ratifica nun pleno deste concello, é dicir, que nosoutros íamos a pagar en función a esa porcentaxe.

Ferrol eso non o fai e nós quedamos como nun limbo durante un tempo, sí que nos factura con esa porcentaxe e agora deciden que a porcentaxe é outro, entón realmente que nos achaquen a nós a vontade de non facer as cousas.....creo que queda bastante, neste caso, documentado e o que estou decindo podo documentalo.

A maiores, se ve a posibilidade de que un tempo despois din que sería bo establecer ou instalar neste caso, uns caudalímetros para que saise xa unhas medidas, e nós de feito facemos un adianto económico para que se instalen. A día de hoxe están instalados pero non funcionan. Se ve unha vez máis a boa vontade deste concello e que realmente nós a día de hoxe, cos datos que existen é probable que esa porcentaxe aprobada inicialmente que agora sexa diferente. O sabemos. Pero é o acordo que tiñamos, o acordo que damos por bo porque se ratificou neste Pleno e o acordo polo que nos seguiron facturando con esa porcentaxe. Entón a verdade que darlle a volta de si estamos a facer ou no, a realidade é esa e decidíame que podemos facer para mellorar isto, máis que nada, que intentalo. Pero non depende dun só chegar a un acordo. E agradezo neste caso, polo concello de Ferrol que se suspendera ese procedemento para que tiveran ese tempo, que como ben dí o alcalde de Ferrol, que é recién chegado e para analizar como está a situación nos pediu tamén esa suspensión que nós tamén aceptamos porque cremos que calquera acordo sempre será mellor que chegar a calquera pleito. Pasamos a votar a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: Abstencións 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

9 %- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 4º TRIMESTRE DE 2023 (CONCELLO, PADROADO DE CULTURA, COSMA).. –Se dá conta dos seguintes informes:

A/ INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES (PMP)

PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2023

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos na Lei de Contratos do Sector Público a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Mediante a modificación introducida polo RD 1040/2017, aclárase a diferenza entre o concepto do periodo medio de pago a provedores ao que se refire a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o prazo máximo de pago a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, de 29 de decembro. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar a adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pago, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pago das operacións comerciais, cuxo incumprimento provoca a deivindicación automática de xuros da débeda impagada dende o transcurso do prazo de pago aplicable. O prazo máximo de pago a provedores continúa estando en 30 días.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que: “2.(....) *Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:*

a) La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

b) La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

c) La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (....)”

Asemade, a “Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de deciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de julio” publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 “CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS” determina que:

“La “Ratio de las operaciones pagadas” en el trimestre, es el indicador del número de días de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.

El “Número de días de pago”: La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (....)

En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (...)”

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigación.

Dende o 1 de xullo de 2019, púxose en marcha o sistema de conformidade electrónica das facturas no propio módulo de contabilidade (utilidade Firmadoc) , polo que dende esa data, o cómputo do PMP realízase dende a data de conformidade da facturas e non dende a de recoñecemento da obrigación tal e como sucedeu nos trimestres anteriores. En todo caso, debe terse en conta que a configuración técnica da utilidade Firmadoc implicou a imposibilidade material de realizar dita conformidade electrónica de maneira inmediata, isto é , dende o 1 de xullo.

TERCEIRO.- O artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que: “4. *La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa*

vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a proveedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de conformidade das facturas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ao 4º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-054-AA-000	Narón	24,69	14,38	22,95
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,06	0,00	0,06

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Narón	21,72

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

B/ INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)

PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2023

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto na Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004, quedando fora, polo tanto, as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral, ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria, igualmente están excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Se incluírán todas as facturas pagadas ou pendentes de pago en cada trimestre, independentemente da súa data de expedición, a diferenza das facturas incluídas para o cálculo do período medio de pago que solo se ten en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

O artigo 4 da Lei 3/2004, na súa actual redacción dada pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, establece:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios.....

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios....

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda asociar un plazo superior a 60 días naturales....”

Igualmente a Lei 11/2013 modifica o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sinalando: *“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados.....la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”*

Ademais a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, engadindo unha disposición adicional quinta nos seguintes termos:

“Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta Ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días”.

En definitiva o inicio do período de cómputo, tanto das operacións pagadas como as pendentes, fíxase dende a recepción da factura, e o cómputo dos días para calcular o período medio de pago iníciase aos trinta días posteriores a esa data, data que ven dada polo rexistro contable da mesma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

1º) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (4º trimestre. Data ref. 31/12/2023)

O período medio do pendente de pago (PMPP) a 31.12.2023 atópase en 31,99 días.

Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 1285 por importe de 2.312.283,7 €, das cales, o 68,56 % están dentro do período legal de pago, porcentaxe que se sitúa no 87,07 % se a análise se realiza sobre os importes.

	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 4º TRIM. (ata o 31/12/2023)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	376		1.134.637,92 €		108		65.630,95 €	
Investimentos reais (cap. 6)	39		563.682,27 €		4		82.465,37 €	
Otros pagos por oper comerc	6		10.857,67 €		0		- €	
Pendientes de aplicar a presuposto	460		304.121,48 €		292		150.888,04 €	
Total	881	68,56%	2.013.299,34 €	87,07%	404	31,44%	298.984,36 €	12,93%

- Das 1285 facturas rexistradas ata 31 de decembro de 2023, importe total 2.312.283,7 € a 31 de decembro de 2023 existen:
- 881 obrigas por importe total de 2.013.299,34 euros están pendentes de pago a data 31.12.2023, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.
- 404 obrigas pendentes de pago por importe total de 298.984,36 euros a data 30.09.2023 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/10/2023 e 31/12/2023):

Neste trimestre o período medio de pago (PMP) foi de 59,03 días.

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 3407 pagos por importe total de 8.926.796,14 €, dos que o 27,33 % foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta ao 81,97 % se o análise se realiza sobre os importes.

	PAGOS REALIZADOS no 4º TRIM (Entre 01/10/2023 e 31/12/2023)					
	Dentro do período legal pago			Fora do período legal pago		
Clasif. por capítulos	Nº operacións		Importe total	Nº operacións		Importe total
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	809		4.320.687,98 €	2467		1.255.303,22 €
Investimentos reais (cap. 6)	106		2.964.546,02 €	9		354.470,67 €
Otros pagos por oper comerc	16		31.788,25 €	0		0,00 €

Das 3407 facturas rexistradas e que foron pagadas no 4º trimestre de 2023, importe total xeral 8.926.796,14 euros, a 31 de decembro de 2023 existen:

- 931 facturas de importe 7.317.022,25 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 2476 facturas por importe total de 1.609.773,89 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 4º trimestre 2023 atópase en 59,03 días, ten empeorado en 18,05 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 40,98 días), se sitúa dentro do máximo esixido, e polo tanto, cumpre o período medio de pago en termos legais.

En relación aos cálculos anteriores, advírtese que a obriga de remitir ficheiros 997 á Axencia Tributaria (AEAT), respecto das transferencias de pagos a provedores, no marco do Convenio de Intercambio de Información, aumenta o prazo de tramitación en ata 7 días, circunstancia que non é posible reflectir nos listados que de forma automática xera a aplicación informática Sicalwin.

Do mesmo modo, nos casos nos que o proveedor sexa recíprocamente debedor co Concello, pode aumentar o prazo de pago pola necesaria tramitación de expedientes de compensación de débedas.

E por último, cando é preciso requirir a presentación das fichas de comunicación de datos bancarios non presentadas a instancia do propio proveedor, esta circunstancia tamén dilata o proceso de pago material, o cal- como nos casos anteriores- non é posible reflexar nos listados que xera o aplicativo contable.

3º) Intereses demora pagados 4º Trimestre. Data ref. 31/12/2023: IMPORTE 0,00 €.

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo					Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo				
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago				Pagados en el Periodo	Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses			Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones
11-15-054-AA-000	Narón	Limitativa	59,03	931	7.317.022,25	2476	1.609.773.89	0	0,00	31,99	881	2.013.299,34	404	298.984,36

QUINTO.-Obrigas de remisión de información.

O artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: “4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. “

A remisión de dita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

Se procede, por parte da Tesourería Municipal, á incorporación dos datos deste Informe á plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e ponse en coñecemento da Intervención Municipal para a súa sinatura en dita plataforma.

C/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON
PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2023

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).



O período medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co período legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este período) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó periodo do encabezamento, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

						En días
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (Días)	Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,06	604.786,06	0	0	0,06

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.



D/ ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade) PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON

PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2023

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo					
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	2,79	150	604.786,06 €	0	0,00 €	0	0,00 €	0	0	0,00 €	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

E/ COSMA

CÁLCULO PMP A FECHA 31/12/2023

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)		Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						



Sin disgregar	65,71		169	261.075,74	14	185.113,01
Total	65,71		169	261.075,74	14	185.113,01

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago a final del trimestre	Periodo medio del pendiente pago (PMPP) (días)		Pendientes pago al final del trimestre			
			Dentro periodo legal pago al final del trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible		o				
Sin disgregar	34,83		70	508.141,82	4	52.001,67
Total	34,83		70	508.141,82	4	52.001,67

O Concello Pleno, deuse por enterado.

10 °.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA" EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 (4º TRIMESTRE 2023). -: Dase conta do seguinte informe:
SUBMINISTRO INFORMACIÓN 4º TRIMESTRE 2023
AO CONCELLO PLENO

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “Ministerio de Hacienda” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 4º trimestre do exercicio 2023, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “Ministerio de Hacienda” (artigo 5.1).

Asinado dixitalmente por:
A Interventora Xeral:
Mªdel Pilar Canzobre Méndez
02/02/2024

O Concello Pleno, deuse por enterado.

11 °.- DAR CONTA DA EXECUCION DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIONS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTE AO 4º TR/2023. –

De conformidade co disposto na base 10 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas definitivamente o 31 de xaneiro de 2023, remítese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondente o período abranguido entre o 1 de outubro ó 31 de decembro do 2023, e que correspondente o 4º TR/2023:

4º TRIMESTRE/2023
1.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONES	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS EFECTUADOS	REINTEGROS GASTOS
35.110.550,35.- €	19.192.572,35.- €	39.842.718,68.-€	37.477.688.30.- €	26.879,48 €

2.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

P. INICIAIS	MODIFICACIÓNES	DEREITOS RECOÑECIDOS	DEREITOS RECADADOS	DEVOLUCIONS INGRESOS
35.110.550,35.- €	19.192.572,35.- €	37.657.689,51.-€	35.097.653,33.- €	963.261,94 €

3.- PAGOS NON ORZAMENTARIOS. 4.- INGRESOS NON ORZAMENTARIOS.

POR OPERACIONS NON PRESUPUESTARIAS	
7.097.525,75.- €	8.070.172,69.- €

5.- GASTOS E. PECHADOS.

PAGOS REALIZADOS	RECTIF. OBRIGAS RECOÑECIDAS
1.721.499,20.- €	0,00.- €

6.- INGRESOS E. PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	INGRESOS EFECTIVOS
136.866,47.- €	2.199.055,07.- €

7.- EXISTENCIAS TESOURERÍA.

S. INICIAL	S. FINAL
14.413.931,91.- €	13.484.099,75.- €

Engádesse a proposta o detalle do estado contable do 4º TR/2023.

Asinado dixitalmente por:
A Interventora Xeral
Mªdel Pilar Canzobre Méndez
09/02/2024

Asinado dixitalmente por:
A Alcaldesa-Presidenta
Marián Ferreiro Díaz
09/02/2024

O Concello Pleno, dase por enterado.

12 %- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DOS EDIFICIOS E VIVENDAS CATALOGADOS POR PATRIMONIO . -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

**CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DOS EDIFICIOS E VIVENDAS
CATALOGADOS POR PATRIMONIO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Narón é un concello que, dende os anos 60 do século pasado ata o ano 2014, no que se rexistrou o maior número de habitantes (39.574), experimentou un continuo proceso de crecemento na súa poboación.

As causas deste crecemento foron variadas e pódense sinalar, dunha banda, o crecemento da industria en xeral, e a naval en particular, que motivaron o traslado de poboación dende distintos concellos da comarca e mesmo dende outros da provincia limítrofe, como son Vilalba, Muras ou Xermade por citar só algúns.

Outra das causas foi un importante incremento na construción de vivendas, o que supuxo un gran aumento na poboación, atraída polo seu menor custo en Narón, comparado co prezo noutros concellos.

Esta situación acabou ocasionando que dende a administración local non se lle prestase a debida atención aos barrios tradicionais, aqueles nos que residía a meirande parte da poboación local: Xuvia, O Ponto, o Alto do Castiñeiro, Santa Icíá ou A Gándara, pero tampouco a outros lugares tradicionais do noso concello como pode ser a Feira do Trece, na parroquia de Sedes.

O resultado desa desatención foi a desaparición de edificios senlleiros. Sirva como exemplo a perda da edificación na que se situou durante moitísimos anos o Concello.

Pero tamén observamos con tristeza como edificios catalogados están a sufrir un deterioro importante. Así, temos os casos dos Muíños de Xuvia e das Aceñas, o edificio de Nosa Señora de Chamorro no alto do Castiñeiro, a Casa de San Román en Xuvia, vivendas dos diferentes barrios e incluso edificios de vivendas, por exemplo na Estrada de Castela, que quedaron abandonados, que se están deteriorando e causan un importante prexuízo as vivendas lindeiras, supoñendo isto tamén un risco para a veciñanza.

Como administración máis próxima á cidadanía, o Concello debería de dotar dunha normativa que estableza recomendacións e obrigas aos propietarios de vivendas e edificacións para a súa conservación e mantemento, de xeito que se evite chegar a situacións extremas polo seu abandono

e degradación. Establecendo unha serie de medidas preventivas, que se poden recoller na normativa á que nos referimos, poderíase evitar que a inversión precisa para a rehabilitación dun inmovible sexa moi superior á do seu valor real.

No Concello, segundo se recolle na normativa do PXOM, existe un conxunto de vivendas e edificios históricos protexidos. Sería importante que se comezase a facer un seguimento de todos eles a cargo dos servizos técnicos municipais, coas recomendacións precisas para o adecuado mantemento e conservación dirixidas á propiedade, de xeito que se poidan acometer paulatinamente as tarefas precisas para evitar o seu deterioro.

De ser o caso, tamén se podería habilitar unha liña de axudas, que pode partir da cantidade recadada en concepto de IBI por esas propiedades, para a conservación e mantemento desas edificacións especificamente catalogadas, en función da súa antigüidade, do estado das edificacións, da capacidade económica dos propietarios, etc.

Por todo o anterior, e facendo un chamamento aos representantes desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación a adoptar os seguintes:

ACORDOS

1. Elaborar un regulamento para a conservación e mantemento dos edificios e vivendas relacionadas no catálogo de patrimonio recollido no PXOM.
2. Habilitar unha liña de subvencións para o mantemento e rehabilitación das vivendas e edificacións referidas no número anterior.
3. Constituír un equipo de técnicos municipais que se encargue de facer un seguimento do estado das vivendas e edificacións catalogadas e de informar e asesorar aos propietarios desas vivendas protexidas.
4. Integrar ao Concello de Narón na Área de Rehabilitación Integral (ARI) dos Camiños de Santiago.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, o noso grupo presentou esta moción porque consideramos que é moi urxente actuar en beneficio dos distintos edificios e dos propios propietarios ou promotores.

Despois de ir vendo o que está sucedendo en distintas zonas dentro e fóra do noso Municipio, Narón é un concello que, dende os anos 60 do século pasado ata o ano 2014, no que se rexistrou o maior número de habitantes (39.574), experimentou un continuo proceso de crecemento na súa poboación.

As causas deste crecemento foron variadas e pódense sinalar, dunha banda, o crecemento da industria en xeral, e a naval en particular, que motivaron o traslado de poboación dende distintos concellos.

O que motivou un importante incremento na construción de vivendas, o que supuxo un gran aumento na poboación, atraída polo seu menor custo en Narón, comparado co prezo noutros concellos.

Esta situación acabou ocasionando que dende a administración local non se lle prestase a debida atención aos barrios tradicionais, aqueles nos que residía a meirande parte da poboación local: Xuvia, O Ponto, o Alto do Castiñeiro, Santa Icfá ou A Gándara, pero tampouco a outros lugares tradicionais do noso concello como pode ser a Feira do Trece, na parroquia de Sedes.

O resultado desa desatención foi a desaparición de edificios con un valor histórico importante. Sirva como exemplo a perda da edificación na que se situou durante anos o Concello.

Pero tamén observamos con tristeza como edificios catalogados están a sufrir un deterioro importante. Así, temos os casos no seu día do Muíño de Xuvia, que o concello tivo que facer unha importante inversión para recuperalo; o Muíño das Aceñas que agora mesmo está practicamente na ruína e o concello vai ter que facer unha importante aportación de axudas públicas e de fondos propios así como o edificio de Nosa Señora de Chamorro no alto do Castiñeiro, a Casa de San Román en Xuvia, que nos últimos temporais tamén tivo as súas quebras de tirón e vivendas diferentes dos diferentes barrios e incluso edificios de vivendas, por exemplo na Estrada de Castela, que quedaron abandonados, que se están deteriorando e causan un importante prexuízo as vivendas lindeiras, supoñendo isto tamén un risco para a veciñanza.

Como administración máis próxima á cidadanía, no Concello deberíase de poñer en marcha unha normativa que estableza recomendacións e obrigas aos propietarios de vivendas e edificacións para a súa conservación e mantemento, de xeito que se evite chegar a situacións extremas polo seu abandono e degradación. Establecendo unha serie de medidas preventivas, que se poden recoller na normativa á que nos referimos, poderíase evitar que a inversión precisa para a rehabilitación dun inmovible sexa moi superior á do seu valor real.

No Concello, segundo se recolle na normativa do PXOM, existe un conxunto de vivendas e edificios históricos protexidos. Sería importante que se comezase a facer un seguimento de todos eles habilitando un equipo formado por técnicos municipais, coas recomendacións precisas para o adecuado mantemento e conservación dirixidas á propiedade, de xeito que se poidan acometer paulatinamente as tarefas precisas para evitar o seu deterioro.

Habilitar unha liña de axudas ou subvencións, que pode partir da cantidade recadada en concepto de IBI por esas propiedades, para a conservación e mantemento desas edificacións especificamente catalogadas, en función da súa antigüidade, do estado das edificacións, da capacidade económica dos propietarios, entre outras.

Por todo o anterior, e facendo un chamamento aos representantes desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación a adoptar os seguintes acordos aos que acaba de dar lectura o Sr. secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: si, non apoiamos a moción porque vemos que todos os puntos dos acordos desta moción ou son inexactos, ou xa se aplican, ou son competencias da Xunta de Galicia, e estamos acostumados a que o Partido Popular de Narón reclame para o concello cousas que ten que facer a Xunta porque debe de ser porque nestes 4, bueno casi 5 que leva nesta Corporación, vemos que o Partido Popular de Narón di moitas cousas pero a Xunta de Galicia non lles fai caso en nada. Debe ser por iso que o 18 de febreiro os veciños e veciñas de Narón votaron claramente cambio porque saben que o Partido Popular de Narón pouco consegue dos que polo momento están na Xunta. E podo explicalo.

No punto 1, é claramente algo que xa se está facendo, xa están catalogados, de feito nós hai 2 anos puidemos revisar ese catálogo de bens a protexer no noso concello.

O punto 2 que di “habilitar unha liña de subvencións para mantemento e rehabilitación das vivendas e edificacións referidas no número anterior”. Sabemos que é competencia da Xunta de Galicia, queremos deciros que a comunidade autónoma galega ten competencias en vivenda e ben que adocemos de que non se exerzan esas competencias en Narón. Adocemos para a xente nova, para acceso a primeira vivenda, adocemos en alugueiros de protección oficial, tamén en vivendas de protección oficial neste concello e en tantos e tantos outros. Adocemos dunha política real de vivenda e veñen aquí cunha moción a pedirlle a un concello que aplique cousas que ten que aplicar a Xunta de Galicia, dígame de onde se van a sacar eses cartos.

Outra cousa é si faláramos de impostos como do Icio, que pode ser agora de reformas, etc.etc. pero non o recollen aquí.

Veñen aquí a practicar o populismo e aí non van encontrar ao BNG nunca porque nós somos coherentes. Aquí, en Narón e en calquera concello deste país. E por favor, pídanlles aos seus compañeiros dende a Xunta de Galicia, que apliquen as súas competencias e unha política de vivenda real porque neste país se necesita.

De feito no punto 3 dos acordos, do que falou agora tamén, de constituír un equipo de técnicos municipais, decirlles que dende unha administración municipal, creo que o debería de saber, só se podería falar das inspeccións, non a moito máis, outra vez necesitaríamos á Xunta de Galicia para facer ese traballo. E resulta que como concello que pertencemos ao camiño inglés, o camiño de Santiago que ese xa é o seu último punto, o concello de Narón xa pertence ao ARI dos camiños de Santiago que son as áreas de rehabilitación integral. Como xa se pertence a eso, pedir que nos unamos a eso, tampouco chegamos a entender.

Se é por oportunismo esta moción, podemos entendela pero non imos a votar a favor de algo, que xa decimos, ou xa se aplica ou non hai competencias, ou pertence á Xunta de Galicia.

-Sr.Ramos Rodríguez: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, no apartado 1: *“Elaborar un regulamento para a conservación e mantemento dos edificios e vivendas relacionadas no catálogo de patrimonio recollido no PXOM”*, informal que o PXOM tanto o vixente, como na revisión do mesmo que proximamente será sometido a aprobación inicial xa contén unha normativa específica para a protección e conservación dos elementos catalogados.

O catálogo inclúe 174 elementos arquitectónicos e 64 etnográficos.

A normativa do documento de revisión do PXOM estará adaptada ademais á Lei 5/2016 de 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia.

O alcance desta regulación municipal é de carácter xeral, pois acorda a lexislación do patrimonio cultural calquera actuación que se queira facer nun edificio catalogado deberá contar con autorización previa baixo a dirección xeral de patrimonio cultural.

A dita autorización abarca todos os detalles de actuación, materiais, cores, volumes, etc. A súa agrupación ou no dependerá en cada caso concreto.

Ademais da normativa, o documento de revisión do PXOM inclúe unha ficha individualizada para cada un dos elementos catalogados coa seguinte información: datos identificativos, localización xeoreferenciada, clasificación e cualificación do solo, clasificación e categorización e tipo de ben, estado de conservación, nivel de protección, actuacións autorizables, uso actual e contorno de protección do ben. E un plano coas fotografías do elemento catalogado.

Por tanto, a tramitación do documento de revisión do PXOM supón unha oportunidade de contar cunha regulación actualizada do patrimonio cultural, que ademais poderá enriquecerse se se considera oportuno nun documento para aprobación provisional.

Esto en canto ao apartado 1 que pide a moción do PP.

No apartado3: *“Constituír un equipo de técnicos municipais que se encargue de facer un seguimento do estado das vivendas e edificacións catalogadas e de informar e asesorar aos propietarios desas vivendas protexidas”*. Comentar o seguinte: o acceso aos bens catalogados está regulado ademais no artigo 26 da Lei 5/ 2016 de 4 de maio do patrimonio cultural de Galicia, que establece unha obriga aos propietarios para permitir o acceso ao persoal da Consellería acreditada para inspeccionar o inmovible e o ben persoal que autorice a Consellería por motivos xustificadas. Polo tanto, suporía contar con autorización autonómica.

Por outra banda, nos artigos 123 a 137 da Lei 5/2016 do 4 de maio de patrimonio cultural, se regula a función inspectora e asesora a nivel autonómico, insisto, que inclúe entre outras funcións

as seguintes, e leo textualmente: “Emitir informe sobre o estado dos bens integrantes do patrimonio cultural e sobre as intervencións que sobre os mesmos se realicen.

Asesorar e informar sobre o cumprimento das normas de protección de patrimonio, cultural e en particular informar as persoas titulares o responsables de bens integrantes de patrimonio cultural sobre as súas obrigas.

Propoñer aos órganos competentes a adopción de medidas cautelares ou calquera outra actuación que se considere necesaria para o mellor cumprimento dos fins de protección do patrimonio cultural”.

O desempeño destas labores de inspección polo persoal funcionario e autonómico insisto, designado a tal efecto tamén conta coas limitacións de acceso descritas, en caso de non existir consentimento do propietario debendo ter autorización xudicial.

Con respecto a integración do concello na Área de Rehabilitación Integral dos camiños de Santiago, Narón está dentro do ámbito do camiño de Santiago, declarada no ano 2010. É un área supramunicipal que xestiona directamente o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o seu ámbito en Narón limítase ao trazado do camiño inglés.

Por outra parte, neste área se contemplan axudas para mellora das vivendas. E axudas que poden chegar ao 50% de inversión, si que é verdade, que ten un máximo de 12.000 euros. Polo tanto, eu lle pediría ao Partido Popular que si quere facemos unha moción conxunta e pedímoslle á Consellería este incremento de subvencións. Vale? Porque restaurar un edificio de 1 millón de euros con 12.000 euros de axuda é un pouco complicado.

Ben, despois con referencia dos ARIs: Hai 3 tipos de ARI. O ARI municipal declárase a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo a solicitude dos concellos. Estes poden ser de 3 tipos: os ARIs de conxuntos históricos máis plan especial, non é aplicable en Narón porque é competencia da autonomía. Os ARIs rurais para municipios de 5000 habitantes mínimo de vivendas non aplica tampouco en Narón. E os ARIs xerais en ámbitos urbanos ou de núcleo rural mínimo 50 vivendas ten que haber unha oficina de rehabilitación, ten que haber unha análise do proceso de degradación física, social e ambiental que xustifica a necesidade de declaración do ARI, tamén como envellecemento da poboación e a perda de poboación ou as actividades económicas e o baixo nivel de ingresos dos residentes. Obxectivos que se persiguen nese ARI e delimitación xustificada do ámbito, rúas, número de vivendas, etc.

A avaliación do nivel de deterioro das vivendas, a avaliación do custo estimado para rehabilitalas, proposta de actuación, regulacion e estimación do custo e no seu caso proposta de temporal e o seu custo.

Resumindo: todas as actuacións que pide o Partido Popular nesta moción son competencia da Xunta de Galicia. O ARI xa está declarado. As subvencións son competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Entón non entendemos a misión desta moción.

Todas as competencias son da Xunta de Galicia. Polo tanto, eu se quere, no próximo pleno presentamos unha moción conxunta de todos os grupos políticos decíndolle a Patrimonio que se faga cargo deses bens e que os inspeccione, que emita informes e que asesore aos propietarios e que incremente as subvencións para rehabilitación destes... riqueza patrimonial que temos en Narón.

Nada máis pola miña parte. Bueno, imos a votar en contra despois destes argumentos.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que é sorprendente como desvían o interese para outra parte, no. É dicir, elaborar un regulamento para conservación e mantemento de edificios e vivendas relacionadas nese catálogo. Que o ten que facer o concello, os técnicos municipais que son os que teñen que asesorar e informar aos veciños ou aos propietarios de cómo teñen que facer eso.

Estamos pedindo eso, xa sabemos que algunha competencia pode ser da Xunta, non estamos decindo o contrario. Tamén os ARI poden.... o histórico teñen vostedes que solicitalo. Pero non desvíen. Quen dá en definitiva a licenza? A Xunta fará un informe sectorial, cunha serie de recomendacións pero a licenza Sr.Ramos, a dá o concello, que é quen ten a competencia en Urbanismo. Para dar licenzas. E teremos que buscar unha alternativa como fixeron co plan de inspeccion municipal de actividades, facer un plan, un regulamento para este servicio. Estamos vendo que cada día hai un problema con edificios que están practicamente en ruínas. E en Narón ímolos ter. Porque xa temos algún, entón que imos a esperar 20 anos máis? Cando esto debería, hai 20 anos que se debería ter feito. Ter un plantexamento de asesoramento, crear un equipo técnico municipal, que visite eses edificios que están catalogados e vivendas anteriores do ano 56 que son tradicionais, que teñen necesidades e antes de que acaben en ruína e antes de que molesten ao veciño, dende o propio concello non somos capaces a facer un equipo de técnicos para que asesoren, informen e fagan pequenas memorias de valoración a eses propietarios e asesorarlles onde teñen que pedir autorizacións.

Vostedes o que pasa é que balóns fóra, mirando para outro lado. Con tal de estar montados no asento e non molestar a ninguén, así é como facemos política en Narón; pero na Estrada de Castela temos varios edificios nesa situación. E é máis, é competencia claramente municipal abrir expediente dalgún edificio que está en estado ruinoso. Ou non é competencia municipal? Claramente.

E todos eses edificios que están sen rematar e que están en ladrillo, de quen é competencia que se regule e que se adapten como a normativa?

Que van facer vostedes co edificio que está na Estrada de Castela, xa que vexo que desvían a atención a outro tema, eu tamén a vou a desviar, na Estrada de Castela que ten un foso cheo de auga e que está aberto? Que van facer vostedes con ese edificio? Culpa da Xunta. Quen fai a inspección? Os técnicos municipais ou teñen que vir os técnicos da administración autonómica a facer as inspeccións? Pois claramente, estamos pedindo cousas que son normales e reais que ten a administración local que é a máis próxima ao veciño, a que ten que facer eses movementos. E a que ten que facer o asesoramento ao veciño. Ou é que non somos a administración máis próxima? Ou é que nós non somos os que damos licenzas urbanísticas? É certo? Fala vostede do PXOM, cando esté aprobado estará recollido ese catálogo. E non digo que a ordenanza non recolla unha serie de condicións pero hai que recordarlle ao propietario ou aos promotores que non nos pase como a casa San Román que debía de ser cedida no ano 2002 cando se aprobou o PXOM, estamos no ano 2024, todavía non foi cedida ao concello e agora está en ruína.

Eso é o que non queremos dende o Partido Popular que ocorra. E eso é o que queremos solventar porque hai familias que posiblemente non teñan os recursos económicos suficientes para facer unha reparación ou un mantemento da súa vivenda. Polo tanto, pedimos esas axudas de subvencións que o propio concello, pode poñer unha partida e despois xestionar coa comunidade autónoma para que efectivamente, axude tamén. Pero ten que solicitalo dende a propia

administración local, ten que ser a que se poña en cabeza de axudar e de traballar para que se consiga esos ARIs . Ou é que non temos barrios históricos en Narón? Na Gándara, non temos barrios históricos? En Santa Icía, tampouco? En Xuvia, tampouco? Unha parte colle o camiño inglés pero outra parte no, mentres non se cambie o camiño inglés á Estrada de Castela non está dentro do ARI. Entón amigos, home, non nos queiran enganar. Outra cousa é que vostedes non queiran implicarse, traballar, xestionar e mirar porque Narón teña un urbanismo máis acorde, e que se conserven as vivendas tradicionais e os edificios tradicionais e que non teñamos que facer como pasou co muíño de Xuvia, como pasou co muíño das Aceñas, que facemos unha inversión municipal moi importante que temos que investir fondos públicos moi importantes cando posiblemente se hai 20 anos se tivera en conta ese proceso, non chegaríamos a esa situación.

E ademais o reglamento da Lei do Solo de Galicia o recolle, dende o artigo 332 o artigo 335, todo o proceso como teñen que facelo. O Regulamento que se aprobou despois de aprobar a Lei no ano 2016.

Polo tanto, espero e desexo que retomen esta proposta e que se apliquen os deberes que teñen como goberno do Concello de Narón. Nada máis de momento e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: vostedes veñen aquí a contar un relato que eu escoitando estou completamente de acordo co que acaba de dicir o Sr.Germán Castrillón, pero resulta que ese relato que está moi ben para dicir, para defender ou para que nos graben nun video é moi interesante que a verdade que eso non o pon na moción Germán porque no punto 1 falas de elaborar un regulamento para conservación e mantemento dos edificios e vivendas relacionados no catálogo de Patrimonio recollido no PXOM, que está decindo agora que ten que estar recollido no novo PXOM e xa está recollido no actual Plan Xeral e entón dende ese punto de vista xa estades incumplindo o propio acordo.

E mencionei antes outros puntos, e claro que hai que denunciar a situación de edificios e de bens e aquí se trouxeron mocións nese sentido. O propio Bloque Nacionalista Galego presentou 2 veces unha moción para a compra do muíño das Aceas, que agora se adquiriu e hai que buscar axudas. Pero o que non é xusto é dicir que ese diñeiro ten que saír dos concellos porque así facedes absolutamente con todo. Lexislades e logo decidides que o teñen que pagar outras administracións. Creo eu, que nos 15 anos que levades na Xunta de Galicia e xestinastes 115.000 millóns de euros, algo poderíades ter feito. Porque pasa con esto e con tantas outras cousas.

Porque é moi fácil por exemplo, dicir que as escolas infantís van ser gratuítas para todos e todas. E que fai a Xunta de Galicia? Pagarlle as escolas infantís privadas e concertadas aos seus colegas, privadas e concertadas págalles e nos concellos e nas escolas municipais, a metade na decisión de ser gratuítas .. un exemplo Germán para que entendas, ti tes o teu relato e eu fágoche un exemplo para que entendas ... estás poñendo aquí que é contrario, se queres o entendes e se non, non. Resulta que os concellos teñen que pagar a metade desa gratuidade que vos decidistes. Ou sexa, é inxusto. Podemos falar de moitas outras cousas, xa non che poño máis exemplos porque creo que este é bastante claro, porque temos esa situación en Narón , e entre petición e petición que pasen á rede de Galiñas Azuis, non hai ese interese. Porque a vos vos interesa a política de amigos, e aquí contar relatos de si imos axudar a todo o mundo e ao final, só vos axudades a vos mesmos e aos vosos petos. É o que acontece, non digo que a intención desta moción fose esa, pero é que nos

puntos que marcas non están ben recollidos e por favor, pedídlle á Xunta de Galicia que aplique esas subvencións para vivendas e que faga unha política de vivenda real efectiva porque adoeceamos neste país del. É verdade, cantas casas estan abondando en Narón e no conxunto do país. Se foramos poñendo unha pegatina en cada, nos asustaríamos. Na propia Estrada de Castela, nós temos moitísimas vivendas baleiras pero ante esas vivendas baleiras vós falades doutros temas e falades de ocupacións, etc.etc pero non falades do que lles custa ás persoas novas poder emanciparse porque non hai unha política de vivenda real porque non vos interesa. E ao final a xente ten que marchar deste país a buscar outro futuro e outro tipo de consecuencias.

Entonces non nos veñades aquí a contar un relato que non aparece recollido nesta moción. E que non aparece, non aparece, e o que decides repito, ou xa se fai, ou xa está recollido ou é competencia da Xunta de Galicia. Está ben, reclamémoslle á Xunta de Galicia.

Se pos “instar a Xunta de Galicia a habilitar unha liña de subvencións para mantemento e rehabilitación das vivendas e edificacións recaídas no número anterior, nós votámola a favor. Pero aquí non aparece eso. A que estamos xogando? A que estamos xogando? A enganar á veciñanza. Non contedes con nós para eso.

-Sr.Ramos Rodríguez: bueno Germán, debín ler moi apurado ou expliqueime mal. Existe un informe técnico co catálogo de fichas que ten este concello no PXOM actual, sen esperar ao seguinte. E aí figura todo, como está o estado do edificio, grado de conservación....son informes técnicos. Non sei a que informes técnicos te refires.

E despois, é unha competencia clara do Patrimonio Cultural de Galicia, que cho lin antes : “emitir informes do estado de bens integrantes do patrimonio cultural e sobre as intervencións que sobre os mesmos se realicen” . Competencia da Xunta de Galicia.

Asesorar e informar sobre o cumprimento das normas. Propoñer ... tal e logo despois comentarche tamén que o plan director de camiños de Santiago que se aprobou no ano 2022, vixente ata o 2027, ten un presuposto de 141 millóns de euros. Con esos 141 millóns de euros podíase arranxar moito patrimonio, eh. En vez de gastalos en charlas e conferencias e en cousas polo estilo; 141.000.000 millóns de euros porque eu non sei que tipo de subvencións queres dar para rehabilitar o chalet de San Román por parte do concello. Cando o concello para facer unha inversión no patrimonio que ten de propiedade ten que ir a fondos europeos e a subvencións doutras administracións.

Que lle imos dar ao chalet de San Román? 1 000 euros de subvención, porque se a Xunta dá 12.000 a nós tocaríamos 1.000 euros. A ver que promotor se pon a arranxar o chalet de San Román con 13.000 euros de subvención. E que a ver, cando se fala de cousas hai que pensar un pouco. Que lle imos pagar o 50% dun millóns de euros a un particular para que amañe o chalet de San Román? E nosoutros imos aos fondos europeos para arranxar o noso? Bueno, nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Claro, que Patrimonio invirte. Invirte en Narón tamén, na igrexa de Xuvia, home, é un edificio histórico, no. Por exemplo, e sobre o chalet de San Román, vai vostede falar, bueno.... Do que non se debía falar. Porque entendo que é un error dende esta Corporación ou dende este goberno que no ano 2002, non se recollera esa cesión cando estaba en condicións óptimas para ser utilizado. Claro, se agora vamos efectivamente, agora é cando non podemos adquirir nesas condicións. Pero creo, o propietario ou promotor, se fai unha urbanización importante alí e co cambio pode invertir claramente para rehabilitar ese edificio, algo que se debería de ter en conta e vostede me fala do PXOM do ano 2002, efectivamente, pero é unha ordenanza, é unha ordenanza, non é un

regulamento donde se asesora e informa aos veciños como deben facelo e onde se lles fai unha breve memoria das necesidades básicas que necesitan eses edificios.

É moi distinto, a ordenanza regula como facelo, pero o regulamento di unha serie de condicións ... que ademais o teñen fácil, eh, porque o regulamento,... o plan de inspección municipal modificando 2 ou 3 artigos e ampliando outros 2 ou 3 artigos teñen vostedes aí xa un regulamento para este servizo, algo que consideramos que debían de facelo, que non podemos seguir esperando que as casas que están nun estado lamentable ou nun estado de ruínas, que estén dando problemas aos colindantes. Cando posiblemente haiba familias que ademais, o recolle na ordenanza, que teríase que estudar o estado de edificacións, a capacidade económica dos propietarios ou dos promotores para esas axudas.

Outra cousa é que dende o concello non se queira facer nada, se mire para outro lado e se diga que a culpa é doutra administración. Bueno, pois vostedes saben claramente que as competencias de urbanismo son do concello, que son quenes dan a licenza e sí é certo que depende qué edificios e onde estén ubicados pois ten que haber uns informes sectoriais, que dende a propia administración contando con técnicos para poder facer esas valoracións, debería de facerse e axudar a esas familias. Algo que vemos e entendemos que non queren facer. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: hai un regulamento que determina o tempo de intervención de cada persoa neste Pleno e para rematar é de 1 minuto. Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

BNG: En contra 3

PSdeG-PSOE: Abstencións 2

13 °.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, BNG E PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: “O 8 de marzo, Día Internacional da Muller, simboliza a loita incansable de mulleres e colectivos feministas de todo o mundo na defensa da Igualdade. Foron moitos os avances conseguidos grazas ao traballo e mobilización constante do feminismo ao longo dos anos, mais non podemos negar que persisten desigualdades, discriminación e violencia contra as mulleres polo mero feito de selo , e ante isto non vale a neutralidade nin aínda menos o negacionismo que está a invadir con forza certos ámbitos da vida pública, constatando retrocesos con discursos que se crían xa superados.

Os concello como administración máis próxima á cidadanía debe ter un protagonismo especial no compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garanta os dereitos de todas as persoas, iso é, na consolidación da igualdade como a mellor ferramenta para unha sociedade máis xusta. A incorporación da perspectiva de xénero en toda a actividade municipal que se ven implementando nos últimos anos no noso concello é un paso máis neste camiño cara a igualdade.

Por todo o exposto, propónse ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1- Manifestar, unha vez máis, o firme compromiso do Concello de Narón coa defensa e o fomento da igualdade entre homes e mulleres, non só o 8M senón ao longo de todo o ano.
- 2- Apoiar todas as convocatorias do feminismo galego para conmemorar o 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, e animar á veciñanza de Narón a participar nas mesmas.

- 3- Seguir colaborando co movemento asociativo de Narón na implementación de plans que favorezan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, dentro dos obxectivos marcados polo III Plan de Igualdade do Concello de Narón.
- 4- Instar á Xunta de Galicia a:
 - a. Creación do Instituto Galego das Mulleres, como organismo público encargado da posta en marcha de todo o tocante ás políticas de igualdade.
 - b. Ao aumento dos recursos destinados á conciliación, especialmente no que respecta ao coidado das persoas dependentes, así como ao incremento de prazas públicas das escolas infantís.
- 5- Instar ao Goberno do Estado ao aumento dos recursos destinados á inspección laboral con persoal especializado en facer cumprir de xeito efectivo a igualdade laboral e salarial entre homes e mulleres, así como no cumprimento dos dereitos laborais en materia de conciliación.

Narón, 19 de febreiro de 2024.

Román Romero Franco
Voceiro de TEGA

Olaia Ledo Díaz
Voceira do BNG

Silvia Mª De arriba Fernández
Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por maioría, con 8 votos a favor (5 TEGA, 2 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións do PP da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 22-02-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

EMENDA PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permu, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

EMENDA DE ADICIÓN

A Moción dos Grupos Municipais de TEGA-BNG-PSdG-PSOE con motivo do 8 de marzo, día internacional da Muller.

O Concello de Narón, no marco das súas competencias:

- 1- Fomentar os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a relación das mulleres no tecido económico local.
- 2- Habilítese un CIM en Narón

Á Xunta de Galicia para:

- 1- Impulsar o Emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.
- 2- Colaborar coa organización na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
- 3- Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador dos centros educativos, nas oficinas de emprego de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais sesgadas polo xénero.
- 4- Promover a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.

Dirixirse ao Goberno do Estado para:

- 1- Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.
- 2- Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que, todos eles, teñan o mesmo tratamento orzamentario, do mesmo base a uns criterios xustos e equitativos.

NON É ACEPTADA ESTA EMENDA POLOS TRES GRUPOS QUE PRESENTAN A MOCIÓN.

DEBATE

-Sra. Lorenzo Tojeiro: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todos e todas.

O 8 de marzo, día internacional da muller simboliza a loita incansable de mulleres e colectivos feministas de todo o mundo na defensa da igualdade. Hai moitos avances grazas ao traballo histórico do movemento feminista ao longo dos anos. Sen embargo, persisten desigualdades, discriminación e violencia innegable contra as mulleres só por seren mulleres.

Ante isto non vale non significarse, non vale a neutralidade, non vale o negacionismo e na vida pública a pesar das evidencias.

Queda moito camiño por percorrer e os datos así nolo mostran. Non fai moito, en novembro, falabamos de 56 vítimas por violencia de xénero, asasinadas. No ano 2023, 3 en Galicia.

Son xa 1.240, repito, 1.240 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas dende o ano 2.003. Cando se inicia o cómputo. En España, nun país europeo. Nun país do primeiro mundo. Máis de un millar de mulleres asasinadas.

Como administración máis próxima á cidadanía debemos ter un protagonismo especial, intentar construír unha sociedade igualitaria en igualdade de dereitos, e eso pasa pola consolidación da igualdade como a mellor ferramenta para unha sociedade máis xusta.

Precisamos mulleres e homes feministas, mulleres e homes que crean e actúen pola igualdade. Estamos en débeda con todas as mulleres asasinadas por mor da violencia machista, en débeda cos seus fillos e familiares. Con todas as mulleres que non son libres, que viven con medo. Constan 2.427 casos máis de mulleres ao longo do ano 23, hai un aumento dun 7% no sistema de seguimento integral bioxen. Precisamos que os mozos e as mozas entendan as relacións persoais dende a liberdade individual e o respecto mutuo. E dende a corresponsabilidade.

A sociedade actual galega formámola fillos e fillas de mulleres con menos oportunidades, pero exemplos de mulleres loitadoras, como as mulleres da emigración. As que tiveron que marchar deixando os seus fillos, e tamén as que quedaron levando soas unha familia. Fillos e fillas das mulleres do mar. Das do rural, fillos e fillas de moitas delas que mesmo perderon a vida dando a luz. Tamén por elas debemos continuar traballando pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres para xeracións próximas.

O equipo de goberno en Narón mantén un compromiso firme e visible nesta loita. Proba do cal é o III plan de Igualdade e múltiples e diversas accións para sensibilización e promoción da Igualdade. A última delas tivo lugar hai poucos días, a primeira xuntanza da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional pola Igualdade contra a violencia.

Alí se deron cita as distintas institucións e puxeron sobre da mesa distintas ferramentas para loitar contra a violencia.

Dende Terra Galega continuaremos implicándonos nesta causa, apoiando as convocatorias do feminismo animando á veciñanza de Narón a participar nas mesmas. Seguiremos colaborando co mobemento asociativo na implementación de plans que favorezan esa igualdade efectiva. Insistindo na necesidade dun maior compromiso doutras administracións. A autonómica e a estatal. Esixindo maior esforzo na elaboración de políticas de igualdade, reclamando máis cousas na conciliación, na crianza e na situación de dependencia. E así como perserverar pola igualdade laboral, tal e como facemos constar nesta moción.

Neste escenario convido a todos á reflexión e que a actuación e a filosofía e a liña sexa unánime. Moitas grazas.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno primeiramente para facer nosas as verbas que acaba de trasladar María e temos un manifesto que en aras da brevidade pois o aportaremos para que se inclúa na acta e logo o trasladaremos.

(Achégase este manifesto ao expediente desta sesión).

Por manifestar dúas pinceladas máis, para o partido socialista, a participación na vida pública, e a independencia económica son claves para a emancipación das mulleres.

En decembro de 2023 habia casi 9,9 millóns de mulleres traballando. O que supón o 47,3 % do total. Casi a metade. É a máxima porcentaxe acadado nunha serie histórica. Comparando cos niveis da prepandemia o emprego feminino creceu máis de 3 puntos no emprego respecto aos homes.

Co goberno do PSOE grazas a outras medidas, a reforma laboral do 2021, agora temos máis emprego. De maior calidade e máis estable. O aumento do salario mínimo interprofesional ata 1.134 euros, 14 pagos ao ano no 2024 tivo un impacto especialmente positivo para as mulleres, xa que como indica a UGT no total das persoas perceptoras no ano 2023, 6 de cada 10, foron mulleres. Polo que ese foi o factor decisivo á hora de reducir a brecha salarial de xénero.

Unha vez máis os datos alertan da profunda asimetría nos usos do tempo das mulleres e os homes. Segundo unha recente inquisa do CIS as mulleres dedican ás tarefas do fogar 172 minutos, casi 3 horas de media ao día e os homes 127 minutos. As mulleres dedican 6,7 horas aos seus fillos e os homes ocupan casi a metade - 3,7 horas do seu tempo. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: ben, o 8 de marzo é dende hai máis de 100 anos unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade dos nosos dereitos laborais das mulleres e que debe de ser data obrigada de participación para unha igualdade real e efectiva que seguese sen dar a día de hoxe.

Aínda que dende o 2017 a forza do feminismo conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas, fixemos folgas que se demostrou que si as mulleres paran, o mundo para e ese era un dos obxectivos. Demostrouse ademais unha vez máis, que Galiza é vangarda na loita e nas mobilizacións e neste caso, nas mobilizacións feministas sendo por poboación as que en porcentaxe tiñamos máis persoas manifestándose en folga, entón estas mobilizacións sabemos que non é suficiente. De feito, no 25 de novembro, eu penso que o alegato de Marían ía tamén un pouco dirixido non, ao 25 de novembro, contra a violencia contra a muller e neste Pleno, dende o Bloque Nacionalista Galego, quixemos introducir e analizar a polarización que se estaba a dar entre os avances do feminismo e tamén a reacción que estaba a ter o patriarcado. Entre eles, negar

a propia violencia machista ou a negar os nosos propios dereitos que estamos a ser discriminadas no noso día a día polo mero feito de seren mulleres. E de que todo o feito ata o de agora non chegaba que tiñamos que avanzar. Esta análise de feito ata agora non chega, somos conscientes de que sigue a ser así e que é vixente tamén para este 8 de marzo e para a igualdade laboral entre homes e mulleres. Temos que facer pois unha lectura crítica polo momento económico que estamos a vivir no que a precarización da clase traballadora, no que a desindustrialización do noso país ten consecuencias moi negativas, e tamén moito máis no conxunto das mulleres máis intensamente se está a dar no caso das mulleres. E tamén temos que decilo, a política aplicada pola Xunta de Galicia que segue a precarizar, a través das contratas que dependen directa ou indirectamente dela, nos ámbitos que terían capacidade de intervención e poñemos un exemplo: eu aínda hoxe dáballes voltas e digo “cada 8 de marzo teño exemplos de agora para poñer nesta moción e de casos que se está a dar”. Moito temos que avanzar pero vimos recentemente dos conflitos de limpeza, por certo, en Lugo, estiveron en folga as traballadoras de limpeza sin a Xunta intervir durante meses, durante meses e temos que parabennizalas porque acaban de gañar esa loita. Unha vez máis as mulleres demostraron que coa súa forza e valentía podían reclamar os dereitos que lles son, e unha vez máis a Xunta de Galiza deulles as costas.

E por iso queremos deixar de manifesto que o contexto actual require dunha resposta á desigualdade das mulleres en diferentes ámbitos.

E no traballo desto o Bloque Nacionalista Galego sempre terá a má tendida como non pode ser doutra maneira. Mais tamén somos conscientes que o lavado de cara que implica en moitas políticas da Xunta de Galiza, non se pode seguir a dar.

Poño un exemplo para que se entenda, non para que a ningún lle pareza mal. Recentemente aprobábase unha nova lei de igualdade carente de compromisos e que non supón en máis que a actualización de certos marcos normativos rexeitando propostas clave como as impulsadas polo BNG no Parlamento Galego entre outras, a valedoría da igualdade que por certo, se recolle nun dos puntos desta moción. Cláusulas de igualdade na administración pública, creación de escolas infantís e incluídas peticións das escolas infantís municipais na Rede de Galiñas Azuis, educación afectivo-sexual, garantía do aborto na sanidade pública, tantos e tantos dereitos que sí deberían de estar recollidos polo goberno galego e que non se están a facer. E por outra banda, a precarización dos servizos públicos, ter unha peor sanidade e ter os problemas que temos nas residencias de maiores, xa non digo públicas porque non son capaces de facer a primeira. Todo eso precariza ás mulleres porque seguimos a ser as mulleres as que deixamos os nosos postos de traballo para coidar, sendo conscientes que sen coidados non hai vida. A Xunta de Galicia, o goberno galego, debería protexernos antes eso e o goberno do Estado e tantos outros e vostedes non son capaces de facelo.

E pónovos un exemplo práctico: a día de hoxe hai unha asociación de mulleres emprendedoras que se chaman Mulleres Ártabras, que curiosamente a grande maioría somos persoas autónomas, porque somos as mulleres que nos facemos autónomas para poder conciliar vida laboral e a nosa vida de cuidados, familiar etc.etc.

Dase ese caso porque somos as mulleres as que aínda soportamos a maior parte dos cuidados e porque ademais temos uns gobernos que non nos protexen, e todo isto hai que reivindicalo o 8 de marzo nas mobilizacións que aquí convoca a Marcha mundial das mulleres e seguir a traballar

porque o que está feito ata o de agora non chega e hai xente que quere un lavado de cara e facer cousas que non nos teñen sentido. Porque igual que podíamos estar de acordo con parte dos acordos coa emenda que nos deron hai 24 horas, non entendemos que esto non sexa Declaración Insitucional, ou que se viñera á comisión hai unha semana unha emenda que falaba dunha familia, dun só tipo de familia que o Bloque Nacionalista Galego nunca vai comprender porque familias hai de moitos tipos, maneiras de ser hai de moitas maneiras e non entendemos a familia como entende a dereita e como nos queriades facer vender.

Agora fixestes esta emenda a 24 horas deste Pleno. Pedimos un pouco de seriedade e que se aprobe por unanimidade.

-Sra. Yáñez Freire: gracias Sra.alcaldesa.Buenas tardes a todas y a todos.

Para el Partido Popular, las mujeres son un colectivo prioritario en todas las políticas de igualdad de la Xunta de Galicia, por lo que su avance es la mejor herramienta para que las mujeres, desde la juventud hasta la edad adulta, tengan las oportunidades que se merecen.

Desde nuestro partido consideramos que esta moción no está completa para que la igualdad sea real y efectiva, por eso hemos presentado esta enmienda.

La celebración del Día Internacional de la Mujer de este año 2024, tiene como lema invertir en las mujeres y acelerar el progreso.

Galicia tiene un firme compromiso con la sociedad gallega en favor de la igualdad de derechos y oportunidades entre mujeres y hombres, así como en la lucha contra la violencia de género, erradicar la brecha salarial, lograr la empleabilidad de mujeres víctimas de violencia de género, promover el emprendimiento femenino e impulsar la efectiva igualdad laboral.

Para sacar adelante las medidas destinadas a la mujer en los ámbitos de la Igualdad, de la Violencia de Género y del colectivo LGTBI, la Consellería de Promoción de Empleo e Igualdad destinará 53,98 millones € de sus presupuestos, supniendo un aumento del 13,65% con respecto al año 2023. Este incremento responde al compromiso que Galicia lleva demostrando en los últimos años, convencidos de que avanzar en la igualdad de oportunidades y en la erradicación de la violencia de género es progresar en la configuración de una sociedad más justa y equilibrada.

Para mitigar la desigualdad como un grave peligro para las mujeres, la Xunta de Galicia puso en marcha y gestiona diversos planes y programas a lo largo de la legislatura, dirigidos específicamente a la población femenina. Destacamos los siguientes:

Aprobación del VIII Plan Estratégico de Igualdad de Oportunidades entre Mujeres y Hombres (2022-2027)

Este Plan, es un instrumento de planificación estratégica con el que el Gobierno Gallego, renueva su claro compromiso con la igualdad de género en todos los ámbitos. Ha sido diseñado desde un enfoque interseccional para favorecer el bienestar integral de todas las mujeres, en especial de las que se encuentran en situación de vulnerabilidad y con una clara vocación de contribuir a la cohesión social de Galicia.

Aprobación del II Plan Gallego de Bienestar Laboral, Conciliación y Corresponsabilidad (2022-2025)

Es el documento estratégico marco para avanzar hacia una conciliación corresponsable, real y efectiva. Contempla cinco áreas estratégicas:

- Sensibilización y conocimiento
- Coeducación
- Gestión corresponsable de los tiempos y de los espacios
- Compromiso con el bienestar laboral
- Fortalecimiento de los recursos de apoyo

Puesta en marcha del I Plan Gallego Contra la Trata de Seres Humanos con fines de explotación sexual (2022-2024)

Es también un documento estratégico, elaborado con la participación de las 12 entidades que conforman la Red Gallega contra la Trata y que sitúa a Galicia como referente en el fortalecimiento de los recursos para las víctimas. Cuenta con cinco áreas estratégicas:

- Prevención, Educación y Sensibilización Social
- Refuerzo de los procesos de prevención, detección, identificación y protección de las víctimas.
- Fortalecimiento de los recursos de atención integral.
- Investigación, mejora del conocimiento para la intervención y
- Mejora de la coordinación interinstitucional.

Aprobación del III Programa Mujer y Ciencia (2022-2025)

El III Programa nació para afianzar una acción de gobierno que incorpora la transversalidad de género y el principio de igualdad efectiva de mujeres y hombres en la ciencia.

Consolidar el enfoque de género y de las mujeres en el campo académico, científico, tecnológico e innovación e impulsar la orientación académica y profesional libre de estereotipos.

Facilitar la conciliación laboral, personal, familiar y promover la implantación en las empresas de planes de corresponsabilidad.

Consolidar la igualdad de oportunidades en el acceso de las mujeres a empleos de calidad y estimular su incorporación al ámbito académico, científico, tecnológico y creativo.

ÁREA DE VIOLENCIA DE GÉNERO

La lucha contra la violencia de género es el ámbito más urgente e importante para la Xunta de Galicia, con un presupuesto de 23,5M€ para 2024, suponiendo un 15% más que el año anterior.

Igualmente, continúan las actuaciones en el ámbito educativo, así como el apoyo a los ayuntamientos integrantes de la Red de Entidades locales contra la violencia de género y con las asociaciones de mujeres rurales y mujeres pertenecientes a colectivos vulnerables, con la oferta de diferentes actividades en materia de prevención y sensibilización.

Además, este año se llevará a cabo una nueva convocatoria de ayudas del Pacto de Estado, para la obra y rehabilitación de los Centros de Información a la Mujer (CIM), así como para facilitar la apertura de estos, con fondos hasta el mes de marzo de 2024.

Los Centros de Información a la Mujer (CIM) son de titularidad municipal, insisto son de titularidad municipal; por lo que la iniciativa de crear uno en un determinado ayuntamiento tiene que ser una decisión de la corporación municipal o entidad local. Por parte de la Xunta de Galicia, se apoya a nivel técnico dicha creación, así como el sostenimiento del personal de este a través de las órdenes de convocatorias anuales.

En Galicia están acreditados 84 CIM, la provincia de la Coruña cuenta con 29, lo que supone un 35%; pero Narón sigue sin figurar dentro de ese porcentaje.

Si tenemos en cuenta que una parte de los CIM representan a una mancomunidad o a una agrupación de municipios, se concluye que el número de ayuntamientos de Galicia que reciben la

prestación de los servicios a través de los CIM es de un total de 193, representando el 61,66% de los ayuntamientos de la Comunidad Autónoma.

ÁREA DE PROMOCIÓN DE LA IGUALDAD

Esta área trabaja para sensibilizar y promover la igualdad en todas las esferas de la vida, ya sea en el campo laboral, con programas que fomentan las mismas oportunidades entre mujeres y hombres y la conciliación y bienestar laboral, cuenta con un presupuesto de 27M€ para 2024, suponiendo un 12,7% más que el año anterior.

Entre las actuaciones más destacadas están:

Ayudas a ayuntamientos y entidades locales:

Ayudas a la promoción, a la igualdad y a la prevención de la violencia de género

Apoyo a la Red de Centros de Información a la Mujer (CIM)

Ayudas al movimiento asociativo del colectivo LGTBI

Consolidación Programa EMEGA

Ayudas a asociaciones y entidades de iniciativa social

Ayudas a las ANPAS, Federaciones y Confederaciones de ANPAS y

Apoyo a la conciliación

La nueva medida que se pondrá en marcha es un plan de incentivos para empresas para formar y contratar mujeres en sectores fuertemente masculinizados

En cuanto a la nueva Ley de Igualdad y tras dos años de trabajo con los agentes sociales, personal experto, partidos políticos y otros agentes, se alcanzó un texto que actualiza el marco normativo gallego, convirtiéndonos en una comunidad a la vanguardia en la igualdad efectiva entre mujeres y hombres.

Aunque no contó con el apoyo de la oposición La Ley fue resultado de un proceso participativo; sometido a la consulta de 52 entidades.

En referencia a la situación del empleo femenino:

La tasa de paro femenina continúa siendo menor en Galicia, un 10,11%, que en el conjunto de España, un 13,36%.

No hay nada menos feminista que fallar a las víctimas de la violencia sexual.

Galicia mostró su rechazo frontal a ley del sí es sí desde el primer momento:

La Xunta siempre dirá NO a los postulados autoritarios, sectarios y que pretenden utilizar a las mujeres para hacer políticas poco serias.

Dirá NO a esta iniciativa que nació del sectarismo ideológico de Unidas Podemos.

Seguiremos diciendo NO a cualquier Ley con la que ganen los delincuentes y pierdan las mujeres.

Aquí no gana ningún partido político, quienes perdemos somos las mujeres.

Por ello, desde la Xunta se seguirá fomentando la igualdad entre hombres y mujeres en todos los ámbitos a lo largo de todo el año. Y apoyaremos y animaremos a la participación ciudadana en todas las conmemoraciones del 8 de marzo. Gracias.

-Sra.Ledo Díaz: como somos colectivo, somos a metade da poboación e en Galiza somos máis da metade da poboación, eso por unha banda e estamos a ser discriminadas e para ser corresponsables eu creo que o primeiro que tiña que facer a Xunta de Galicia era deixar de financiar e subvencionar a escolas privadas que separan por sexo, é bastante discriminatorio e llo di calquera feminista ou calquera muller que defende unha igualdade real e efectiva.

Por outra banda, decir que esa lei de igualdade porque vostedes uff, prometeron esta lei de igualdade e moitísimas tantas outras cousas durante estes 16 anos, e non foron capaces de facer nada ata o ano pasado que aprobaron a primeira lei de igualdade. Pero teño que decir que ademais que non cumpren, non cumpren entre outras cousas porque non teñen un plan de igualdade para o seu persoal nin para o CRTVG, só o teñen na Sanidade por certo, só o teñen na Sanidade. Entonces está ben vir aquí a contar todas esas cousas pero se ao final non se levan a cabo é moi complicado. É dicir, hai 18.000 mulleres e 16000 homes que están na Xunta de Galicia, que traballan aí, que non teñen un plan de igualdade. E agora é verdade, aprobaron un primeiro Plan de igualdade que nós no Parlamento Galego, por certo, fixemos 87 emendas, só nos aprobaron, creo

que 9 e algunhas transacionadas cambiando termos, ou sexa, nada sustancial polo medio, pero é que non é eficaz porque nin sequera falan da fenda salarial que no noso país, por certo, é de mais de 4.000 euros. Entonces para mellorar a conciliación, para tal... podemos vir aquí e sacar o Plan de Igualdade da Xunta de Galicia pero que non se aplica nin se aplicará e estamos bastante mal neste sentido e preocupadas se pensamos que con eso chega, porque nós sabemos que o papel o recolle todo pero nin sequera aquí se recollen como actuar concretamente ata a discriminación laboral e tamén persoal, ata a violencia machista que sufrimos as mulleres.

Entonces polo tanto, non entendemos todo o que acabades... mira estouno vendo, 17 emendas do BNG foron aceptadas, e 9 transacionadas e unha corrección foi a de supresión porque puxeramos “timidísimos compromisos” e quedou en “tímidos compromisos”. Ou sexa, absurdo, absurdo, porque nin escoitan nin queren escoitar a quen sabe e traballa pola igualdade real dende o mundo laboral, dende o mundo sindical ou as mulleres que traballan e diferentes sectores. Ás veces preocupa que pensemos que acusando a outros é a maneira de solucionar as cousas porque está claro que teremos que seguir na rúa e reivindicando os nosos dereitos mentres sigan plans de igualdade que non valen absolutamente para nada.

-Sra. Yáñez Freire: bien, la lucha contra la violencia de género es el ámbito más urgente e importante para la Xunta de Galicia, solo con ver los presupuestos de la anterior Legislatura (2021-2024), en comparación con el presupuesto destinado en el Bipartito (2006-2009), podemos destacar lo siguiente:

- En el total de la Legislatura 2021-2024, se destinan 149,8M€ para la Igualdad y la Violencia de Género.
- Mientras que el total del Bipartito 2006-2009, destinaron 65,2M€ para la Igualdad y la Violencia de Género.

O sea, el presupuesto dedicado en el último año del gobierno Bipartito (2008) en materia de Igualdad y Violencia de Género, en comparación con el presupuesto dedicado en 2024, ha supuesto un incremento de un 160,3%.

Para el BNG la Xunta no cumple en ninguna área, ni en igualdad ni en sanidad, pero...los números están ahí...aunque no les gusten y no lo quieran admitir es la realidad; tan real como que seguimos otros 4 años más en la Xunta. Su predicción, de lo poco que nos quedaba no se ha cumplido; espero que en otras materias pronostiquen mejor, aunque visto lo visto a los hechos me remito.

También tenemos que recordar que, en el Area de Violencia de Género los fondos del Pacto de Estado contra la Violencia de Género para este año 2024, son de 10,4M€. Y la Xunta de Galicia, para esta misma Área cuenta con un presupuesto de 23,5M€ para 2024.

Galicia es la única comunidad del Estado en proseguir con el mantenimiento de las ayudas periódicas para mujeres víctimas; hasta los 4,24M€ con fondos propios de la Xunta, ampliables.

Y para los socios-colaboradores de la ministra de Igualdad, que les resulta vergonzoso sacar en este punto de conmemoración del Día Internacional de la Mujer, La ley del Sí es Sí; lo que resulta vergonzoso es que se permita que los delincuentes sexuales paseen alegremente por la calle, mientras las mujeres están encerradas en su casa (por temor), con un protocolo anti suicido activado. Y pese a quien le pese, la reforma de esta Ley salió adelante en abril de 2023 gracias al apoyo brindado por el Partido Popular; aunque el daño ya estaba hecho.

Y, para terminar, no hay que olvidarse según las estadísticas que el porcentaje de partido más votado por las mujeres es el Partido Popular. Gracias.

Con el CIS no, claro, al CIS no podemos hacerle caso. Claro, hay que seguir las encuestas que a ustedes les conviene.

-Sra.Ledo Díaz: no ano 2022, acabamos de mirar os datos, quedaron 87 millóns de euros da Xunta de Galicia sen executar en igualdade. Agora prometen 56 millóns, tamén podemos dicir que pacto de Estado son 170 millóns de euros do goberno do Estado e hai unha parte que vai á Xunta de Galicia que a día de hoxe son os únicos que se aplicaron.

Imos ver nestes orzamentos tan maravillosos por certo, do que queda, porque en xaneiro gastaron bastante en publicidade e noutras cousas para facer. E voules dicir unha cousa, que lles quede moi claro. Aquí quen consegue as cousas son as mulleres e a loita feminista porque houbo un ministro do Partido Popular que incluso quixo que non puideramos abortar, por certo, quitándonos un dereito fundamental conseguido polas mulleres e foron as mulleres e a loita feminista, non ningún partido político, foi a loita feminista quen conseguiu incluso a dimisión dese ministro e ben orgullosas que estamos. Entonces, se imos a falar digamos o que aplicamos porque está moi ben aquí falar dunha porrada de millóns cando logo quedan en remanentes que aquí tamén tanto falamos, no, no pleno de Narón sobre ese tipo de cuestións tamén o deixemos claro, tamén o deixemos claro, fagan os deberes. Vexan todo o que non aplicaron. E vexan todo o que non fan no seu plan de Igualdade. Empezando por ter un plan de Igualdade para os seus traballadores e traballadoras da Xunta de Galiza.

Se non teñen as propias traballadoras da Xunta de Galiza, un plan de igualdade que as protexa, como faremos as demais? Eu preguntome eso.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa. A verdade é que despois de escoitar todos eses datos do Partido Popular que a verdade non teño capacidade para contrastar todo o que foi decindo, si é certo ou no, e podo supoñelo, a verdade que o que si que me dá pena e como muller, e que presido neste caso, esta sesión plenaria deste Concello de Narón, que o día 8 de marzo non teñamos a capacidade de diálogo suficiente de estar todos os partidos políticos que aquí representamos a unha e fagamos unha Declaración Institucional. A verdade é que me resulta moi, moi triste.

E fago esta proposta, é dicir, entendo que teñan unha emenda, que todo é mellorable, e dicir, esta proposta que traemos estes 3 grupos políticos, evidentemente podíamos ir a maiores de máximos, pero de verdade, poñámonos de acordo. Fagamos unha Declaración Institucional. Votemos todos a favor desta Declaración para este día, 8 de marzo.

Porque evidentemente hai moitas cousas a mellorar e de verdade que non só é cuestión de poñer diñeiro enriba da mesa como estaban decindo desas cantidades astronómicas que a verdade como repito, non teño capacidade para saber se o que está decindo é verdade ou no.

Fago este ofrecemento, non sei se queren responder ou se pasamos a votar.

-Sr.Castrillón Permy: Sra.alcaldesa, me parece moi ben, e nós somos os primeiros que estaríamos dispostos a facer unha declaración, entendemos que está incompleta, fixemos 2 propostas diferentes e non tiveron nin a decencia de chamarnos e decirnos “oie, se sacades ese punto, aceptamos eso”. Porque está incompleta, está incompleta. E perdoe que interveña eu e non a compañeira pero a realidade é esa e sempre quere vostede intentar arreglalo e poñer paz e aquí non pasou nada. Non, non é así. Porque nós presentamos unhas emendas, levamos á comisión informativa e traémola hoxe ao Pleno.

A Sra.alcaldesa despois de varios intentos de falar di: eu son a que presido este Pleno e son a última en intervir, é dicir, xa llo dixen nalgunha ocasión; cando vostede (esperemos que no) presida este Pleno, faga como considere oportuno. Hai un regulamento, hai un regulamento pero

neste caso a día de hoxe esta potestade a teño eu e lle dixeran, a verdade é que me parece moi triste e como muller que neste caso, o 8 de marzo non sexamos capaces de poñernos de acordo para sacar adiante unha Declaración Institucional con este tema. Fixémoslle unha proposta, lla fixemos chegar e realmente, comparto o que di Olaia, que a 24 horas, dúas horas antes nos faga esta achega, é que de verdade....

E asumimos que calquera moción que é mellorable e que podíamos ir a máximos. Pero que triste é que nin sequera sexamos capaces de poñernos de acordo en algo como esto.

Dito esto, pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

14 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE ADOPTE AS MEDIDAS LEGAIS E ORZAMENTARIAS OPORTUNAS PARA O ESTABLECEMENTO DO PAGO DE TRIBUTOS MUNICIPAIS A TRAVÉS DA CANLE DE PAGO BIZUM". -Lida polo

secretario xeral a moción que di así: O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando o “INSTAR Ó GOBERNO MUNICIPAL A QUE ADOPTE AS MEDIDAS LEGAIS E ORZAMENTARIAS OPORTUNAS PARA O ESTABLECEMENTO DO PAGO DE TRIBUTOS MUNICIPAIS A TRAVÉS DO CANLE DE PAGO BIZUM”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Nos tempos que corren, na nosa era da dixitalización, o noso Concello debe acompañarse aos mesmos con gallo de mellorar a eficiencia na súa xestión, y así garantir o dereito e obrigacións dos veciños e veciñas, que deberán de dispoñer de servizos dixitais doados para a súa utilización e accesibilidade.

Hoxe popularizouse como canle de pago a plataforma coñecida como “BIZUM”, a cal no só é utilizada só no eido particular senón que xa se vai estendendo a transaccións comerciais, e pouco a pouco vai penetrando no sector público como acontece en Guipúzcoa, Alacante ou Cataluña.

Esta ferramenta de pago permitirá mellorar a eficiencia na xestión de tributos que incluso poderase estender ao pago de multas, mellorando tamén a comunicación entre @ veciñ@ co concello

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó Goberno Municipal a que a que adopte as medidas legais e orzamentarias oportunas para o establecemento do pago de tributos municipais a través do canle de pago “Bizum”.

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 26-02-2024, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame neses mesmos termos.

DEBATE

-Sra. De Arriba Fernández: boas tardes. Grazas Sra.alcaldesa.

Nos tempos que corren, na nosa era da dixitalización, o noso concello debe acompañarse aos mesmos co gallo da mellora da eficiencia na súa xestión e así garantir o dereito e a obrigação dos veciños e veciñas que deberán dispoñer dos servizos dixitais doados para a súa utilización e accesibilidade.

Esta forma de pago permitiría mellorar a eficiencia na xestión de tributos que incluso poderase estender ao pago de multas mellorando tamén a comunicación entre os veciños e veciñas co concello. Ademais de aforro de tempo, seguridade, rexistro e seguimento de pagos e axilidade na xestión dos pagos.

Por todo isto, instamos ao goberno municipal a que adopte as medidas legais orzamentarias oportunas para o establecemento do pago dos tributos municipais a través do canle de pago “bizum”. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: nada, parécenos ben, estamos de acordo. Ademais sabemos que se estaba mirando xa de aplicar coa nova web, así que todo o que sexa avance e facilitar cremos que está ben e que polo tanto, votaremos a favor.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, esta moción, estamos a favor de que se amplíen as opcións para que os contribuintes teñan máis formas de pago dos impostos municipais. Por eso nós tamén imos a votar a favor desta moción. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: bueno, conseguimos que o “bizum” nos puxera de acordo e ben, como xa explicamos tamén na Xunta de Portavoces, xa dende hai tempo este concello está a traballar no cambio da web municipal do concello, e eso vai vinculado basicamente á creación da oficina virtual tributaria que son pasos previos que se van desenrolar para chegar a consolidar este acordo que se trae aquí neste Pleno, que é dar a posibilidade tamén que, a través da canle de pago a través de “bizum”, pois poder levar a cabo ese pago de tributos.

Entón como xa dixemos, imos a votar a favor. Loxicamente queremos ir facendo as cousas como se teñen que facer. Entón como dixemos, unha vez que esté esa páxina web funcionando e podamos instaurar a oficina virtual tributaria pois será o paso seguinte a facer para os nosos veciños e veciñas de Narón. Grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

15 °.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O CAMF DE FERROL. -Lida polo secretario xeral a Declaración Institucional que di así: **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O CAMF de Ferrol nace a principios dos anos noventa, para a atención integral das persoas con discapacidade física. Este centro chegou a funcionar perfectamente con máis de 100 residentes, con excursións, talleres ocupacionais, etc.

Agora os servizos centrais, con fondos europeos, pretenden implantar o proxecto EDI, queren que os residentes saian dos centros, onde reciben coidados especializados, e vaian para as casas dos seus familiares, para que, recibindo unha suposta axuda persoal, sexan as familias as que carguen coa persoa discapacitada e o Estado poida ir cerrando plantas dos centros.

Aquí xa hai dúas plantas pechadas e hai máis de dous anos que non temos novos ingresos, polo que este centro non está servindo a finalidade coa que foi creado, que é, ser un recurso social a nivel nacional, para o coidado de grandes discapacitados.

Como xa non interesa manter esta institución non hai interese en cubrir vacantes, como persoal de enfermería, que levan esperando cubrir dúas vacantes dende finais de setembro, e que produciu a eliminación da quenda de noite este ano ata o venres pasado. Compoñen o reducido cadro de persoal, oito profesionais que non pode fallar nunca para manter o servizo aos residentes, xa que non se realizan contratos de produción do SEPE.

Tampouco se incorporan postos de responsabilidade organizativa como Responsables de Área, neste intre non está facendo ninguén esta función, co prexuízo que supón aos residentes e que repercute na boa atención socio sanitaria. Tamén leva anos baleira a vacante de Xefe de Mantemento, indispensable para solucionar as incidencias na quenda de noite, festivos e fin de semana.

Este edificio, non tivo nunca un bo mantemento, as xanelas da medo velas e o sistema de evacuación son unhas mangas, que para persoas en cadeira de rodas non valen, de feito, xa hai anos que está anuladas. Non hai ramplas, nin uns protocolos de evacuación en caso de incidentes. Das obras de mellora que nos prometera a Subdelegada do Goberno para o ano 2023, só sabemos que non teñen nin data de comezo.

No asunto da atención directa, pretenderon implantar o proxecto de atención centrada na persoa, pero ao mesmo tempo redúcese o persoal en cada quenda; o que fai que nos impoñan máis horarios para calquera atención que recibimos.

Por ser residentes deste centro do Imsero, temos unas obrigacións que aceptamos, pero tamén temos unha Carta de Servizos que non se están cumprindo, por exemplo, non hai actividades ocupacionais nin de ocio e tempo libre.

Por estas razóns, o Pleno da corporación, decide adoptar os seguintes acordos:

ACORDOS

- 1- Instar o Goberno Central a que dote do persoal necesario para que se garanta o persoal de enfermería para atender aos usuarios nas quendas de noite.
- 2- Instar o Goberno central a que se dote de partida orzamentaria para a reparación e mantemento do centro do CAMF de Ferrol.
- 3- Instar o Goberno Central que se retomen as actividades ocupacionais de ocio e tempo libre.
- 4- Dar traslado deste acordo plenario, ao presidente do goberno e aos grupos políticos que conforman o Congreso dos Deputados.
- 5- Instar o Goberno Central a cubrir o posto de Dirección e os postos adxuntos á Dirección (2 responsables de Área; un responsable de xestión de Centros e un persoal administrativo máis).

16°.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓN URXENTES

-Sra.alcaldesa: facía Olaia unha xestión da posibilidade de facer un debate común da moción primeira e a segunda que veñen en mocións urxentes porque son do mesmo tema, se vos parece, aínda que logo as votacións irían independentes.

-Sr.Castrillón Permuy: cuestión de orde Sra.alcaldesa. Despois votamos indistintamente cada unha.

-Sra.alcaldesa: si.

-Sr.Castrillón Permuy: correcto.

1/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO E DEFENSA DOS SECTORES AGROGANDEIROS GALEGOS..

-Lida polo secretario xeral a moción que di así: Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O campo galego leva anos asediado pola desconsideración das políticas das diferentes administracións. Unha PAC (Política Agraria Común) que no estado español non contempla as **singularidades que amosa a nosa actividade agrogandeira.**

A **aplicación da PAC en Galiza** por parte da Consellería de Medio Rural da Xunta, adapta as liñas mestras das políticas comunitarias a realidades da área mediterránea e dos latifundios doutras comunidades autónomas: pagos por superficie e non por actividade e emprego xerado, normativa da nutrición dos solos e cargas burocráticas (caderno dixital, veterinario de explotación, etc.)

Pero é oportuno facer unha reflexión colectiva sobre a aplicación destas medidas.

Situémonos na orixe da actual PAC, coa reforma MacSharry (chamada así por ser naqueles momentos o Comisario de Agricultura: RayMacSharry) en 1992 e que supuxo un cambio da PAC. Unha CEE (Comunidade Económica Europea) que viña desde mediados de 1960 dos distintos acordos agrícolas da Europa da posguerra, na que se priorizaba, estimulaba e incentibaba a produción de alimentos, garantindo prezos agrarios á produción.

Pois ben, en 1992 a citada reforma MacSharry baseouse na redución dos prezos agrícolas para aumentar a competitividade dos produtos no mercado mundial, na compensación por medio de axudas directas da perda de ingresos experimentada polos agricultores, así como diversas medidas relacionadas cos mecanismos de mercado e a protección do medio ambiente.

É dicir, as mensaxes da EU, do goberno do Estado Español e da Xunta de Galiza, centráronse, nos anos 90 e 2000, en **advertir** ao noso sector produtor que estabamos na época da GLOBALIZACIÓN e que tiñamos que “modernizarnos” para competir no mercado global (ao mesmo tempo que se asinaban acordos na OMC que obrigaban á EU a importar produtos agrarios sobre todo de USA e Australia).

Estas “mensaxes” viñeron acompañadas de medidas políticas de redución de explotacións gandeiras (cotas do leite) e, por suposto, da baixada dos PREZOS DAS PRODUCCIÓNS AGRARIAS, especialmente no sector lácteo e carne de vacún, porque tiñamos que ser **“competitivos”**.

Xa naqueles momentos desde o nacionalismo galego, tanto sindical como político, fixemos á análise correcta do que iso ía traer consigo: desmantelamento dos nosos sectores produtivos, abandono do medio rural e peores condicións económicas para os nosos produtores.

Agora en 2024, desde o Ministerio de Agricultura e Consellería do Medio Rural, comezan a falar do termo de “*preferencia comunitaria*” para situar boa parte dos problemas actuais nas importación de produtos agrícolas de fora da UE.

Galiza precisa facer valer a súa capacidade produtiva e a calidade das producións. Debemos defender perante Europa a nosa identidade territorial e a idiosincrasia propia da nosa tradición agraria como modelo sostible sobre o que construír o futuro do noso agro.

A transposición dos 8 decretos de aplicación da PAC 2023-2027, en primeiro termo dende a normativa europea e posteriormente dende o ámbito estatal ata o rexional sen respectar nin considerar as características intrínsecas do noso territorio e da xente do noso agro, coas prácticas tradicionais baseadas nunha actividade agrogandeira familiar, con dificultades de acceso á terra e cunha parcelación brutal da superficie agraria útil dispoñible (SAU) está provocando que as obrigas derivadas da aplicación destas novas normativas de xurros, caderno dixital, veterinario de explotación e ordenación de granxas de vacún entre outras sexan inasumibles para as granxas galegas porque, ningunha destas novas normas, se adapta ás nosas granxas, senón que están feitas para explotacións ou fincas enormes, pero non para a realidade das explotacións familiares galegas. Polo tanto, a Xunta ten que esixir cambios nestes reais decretos porque hai moitas medidas que non teñen sentido e son imposibles de cumprir. Ademais, a entrada en vigor destas novas normas pode desencadear o peche anticipado de máis granxas, sobre todo daquelas máis pequenas, ante os novos requisitos e os gastos que supoñen.

En liña co acordo acadado entre as organizacións profesionais agrarias maioritarias a nivel estatal, as OPAS galegas víronse obrigadas a actuar para paliar a excesiva burocracia que ten xerado a entrada en vigor de novas normativas europeas; así como para garantir que os acordos comerciais con países extra-comunitarios non poñan en risco a soberanía alimentaria nin supoñan unha competencia desleal para os produtores locais.

Por outra banda, a pesar de que a Lei de Cadea Alimentaria establece a obrigatoriedade de pagar por riba dos custos de produción, non determina o mecanismo para o seu cálculo e referencia nos contratos. Isto permite a ausencia de contratos claros, o pago por debaixo de custos de produción e a imposición de prezos eludindo a negociación colectiva como prácticas habituais.

Estas cuestións precisan de solucións inmediatas mediante un incremento do celo das administracións e un reforzamento dos medios e actuacións de control. Así, debemos instar ás administracións a actuar con axilidade e rigor para garantir prezos xustos para os produtos agrogandeiros e, con eles, o futuro e a rendibilidade do sector produtor.

Finalmente, a recente aprobación por parte da Comisión Europea do Regulamento que concede unha exención parcial aos agricultores europeos da regra de condicionalidade nas terras en barbeito, que entrou en vigor o pasado 14 de febreiro, vai no bo camiño pero non é suficiente e, o paquete de medidas propostas polo Ministerio de Agricultura ás organizacións profesionais agrarias o pasado 15 de febreiro, tampouco. É por iso que desde o grupo municipal do BNG do concello de Narón propoñemos esta moción e a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno do Estado a:

- a) Facultar á futura Axencia Estatal de Información e Control Alimentario das facultades necesarias para facer cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e acabar con prácticas e marxes

abusivas para acadar prezos xustos para os produtos agroalimentarios, que redunden nunha renda digna para a xente traballadora do noso sector primario.

b) Manter a redución no prezo do gasóleo para o sector, así como as condicións do gasóleo agrícola profesional.

c) Reformar a Lei da Cadea Alimentaria no sentido de establecer figuras ou mecanismos de cálculo obxectivos dos custos de produción dos produtos agrogandeiros para seren usados como referencia nas relacións contractuais dos distintos elos da cadea alimentaria.

2. Solicitar á Xunta de Galiza:

a) A reactivación do Observatorio Galego de prezos agrarios e a creación da figura ou figuras de mediación (Mediador, Mesa do Leite, Mesa da Carne...) na negociación de contratos que sirvan de indexación para o desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria en Galiza.

b) A creación dentro do Comité de Seguimento do PEPAC, unha mesa de traballo específica para a simplificación dos procedementos administrativos e unificación de criterios entre as diferentes Consellerías, a fin de simplificar a carga burocrática á que se ven sometidos os/as agricultores/as e gandeiros/as galegos/as, na transposición dos regulamentos europeos de aplicación da PAC ao noso territorio.

c) A compensación aos produtores ecolóxicos que non recibiron o pago asignado na anualidade 2022 por falta de fondos suficientes e garantir os importes necesarios para as solicitudes de produción ecolóxica, así como a totalidade dos expedientes de agroambiente e clima e as axudas para mozos que se incorporan á actividade agraria, durante todo o período actual da PAC 2023-2027.

d) O impulso de políticas reais e activas de acceso da poboación aos alimentos, a través de canles curtas de comercialización, mercados locais e fomento dos produtos de proximidade, coa compra pública en comedores de escolas, hospitais e residencias de maiores.

e) Unha estratexia de asesoramento ao agro e investigación agraria pública, ante a ameaza constante da incidencia do cambio climático, co incremento das enfermidades que afectan tanto á saúde animal como vexetal das granxas e á propia rendibilidade ante o incremento de custes asociados ao encarecemento da enerxía, insumos e materias primas necesarias para o día a día.

f) Unha moi especial atención e dotación orzamentaria na mobilidade e recuperación de terra agraria e a posta a disposición da mesma ás granxas agropecuarias xa existentes e para facilitar e promocionar as novas incorporacións á actividade agrogandeira co obxectivo de frear e reverter o abandono do rural.

g) O exercicio das súas competencias e a remuneración da totalidade dos danos causados pola fauna salvaxe contemplando o lucro cesante así como a elaboración dos plans de Xestión do lobo e do xabaril para o control e xestión destas especies.

h) Demandar da Xunta de Galiza a compensación dos danos ocasionados pola Lingua Azul e a Enfermidade Hemorráxica Epizoótica contemplando mortes e lucro cesante.

3. Demandar da Comisión Europea, do Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, a paralización da aplicación da normativa de aplicación da nova PAC até que se adapte a cada situación concreta dos diferentes territorios sobre os que se aplica: caderno dixital, veterinario de explotación, ordenación de explotacións bovinas, decreto de fertilización sostible do solo, aplicacións como Xeaga ou Melles, etc.

4. Demandar ao Goberno do Estado e da Xunta de Galiza, a adaptación da metodoloxía dos ecoesquemas e por tanto do catálogo de ecorrexímenes á realidade da agricultura e gandería galegas.

5. Instar á Comisión Europea e ao Goberno do Estado á defensa do principio de reciprocidade na utilización de produtos fitosanitarios e na reorganización da inspección na fronteira do Estado Español, priorizando as nosas producións fronte a terceiros países que comercializan coa Unión Europea.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, acordou declarar de urxencia a moción transcrita.

DEBATE COMÚN (DESTA MOCIÓN E DA QUE SIGUE A ESTE DEBATE E QUE PRESENTA O PARTIDO POPULAR)

-Sra.Ledo Díaz: dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos esta moción porque nos parece que é necesario apoiar as xustas reivindicacións que fan os nosos labregos e labregas nestas mobilizacións que están a percorrer o país, o estado e parte da Unión Europea.

O campo galego leva anos asediado polas desconsideracións das políticas das diferentes administracións. Unha pac política agraria común que no estado español non contempla as singularidades mesmas da nosa actividade agrogandeira, xa que se adapta única e exclusivamente a grandes latifundios e á Area Mediterránea, é dicir, non se centra no noso país nin tampouco quere e veño a explicar tamén esto. Porque se fan, por exemplo, pagos por superficie non por actividade agraria e se aplica unha normativa de nutrición, de solos e cargas burocráticas que se están a facer agora de obrigado cumprimento, que afecta aos nosos gandeiros e gandeiras, ao noso sector vacún no que somos unha auténtica potencia, o 43% da produción, do leite, e no estado español corresponde a Galicia e no caso do gando vacún en carne podemos tamén falar en Narón porque tamén temos granxas.

E aquí o que se decidiu pola Unión Europea é cargar responsabilidades sobre o gando vacún. Con esto falamos da Europa verde etc.etc. establecendo a provisión da aplicación de xurros e imos a inxección de sintéticos que por certo, corresponde a lobbies de presión da Unión Europea. E o digo así porque estos son datos, non os estamos inventando, o vacún supón o 10% do total de.... gases. E invernadeiros mentres o porcino corresponde ao 44%; e os abonos de síntese, que nos obrigan a usar por certo, o 20% . Temos que considerar unha vez máis que se utiliza ao campo galego de moeda de cambio para beneficiar ao lobbie do porcino, neste caso, no estado español e aos grandes latifundios e aos propietarios, entre eles, a duquesa de Alba.

As explotacións de vacúns galegas con base territorial absorben os seus propios residuos, mentres no intensivo do porcino e avícola non ten base territorial. Ou sexa, contaminan moito máis e aquí está o... do partido popular e do partido socialista porque estas políticas que se queren aplicar no estado, agora lesivas e que se denuncian, tamén a aplicou nunha lei Mariano Rajoy e é verdade que non a chegou logo a cumprir, como todo o que fan. Fan leis e logo non as cumpren pero quedan lesivas para Galiza. Un decreto moi semellante que por certo, era ministra Isabel García Tejerina, falamos aquí outra vez de corrupción, pois si queredes anotar, que procedía de Fertiliveria e de pensos e de etc.etc. e desas inxeccións sintéticas. Que ao final os lobbies saben como gardar as moedas sempre para eles, no.

E agora o goberno do PSOE, é verdade que caen na mesma contradición e no que é moi grave, que é nos prezos en orixe dos produtos e na cadea agroalimentaria, porque aquí se establece un cálculo, en teoría, obxectivo dos mesmos onde primeiro está o produtor, logo está a industria, e logo esta distribución, ou sexa, Gadisa, Mercadona, Megasa, o que queiramos.

Pois ben, só son públicos os prezos que se lle paga dende industria ao produtor. Non o que chega a distribución. É dicir, a día de hoxe somos descoñecedores de por que se eleva tanto o prezo cando chegamos ao supermercado e quen se está enriquecendo de todo eso. É dicir, por que se eleva exponencialmente ese prezo? Outra vez hai uns lobbies de presión, políticas da Unión Europea, políticas estatais, que o que fan é prexudicar ao sector agrogandeiro e no caso de Galiza, de maneira moi grave.

E isto nos preocupa porque tamén é verdade que a Xunta de Galiza cando chegou ao Partido Popular, decidiu acabar coas mesas que rexían eses prezos tales como era a mesa do leite, a mesa

doobservatorio lácteo, observatorio da carne decindo que non se podía condicionar nin mediar o libre mercado, palabras textuais do anterior presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, non se podía mediar no libre mercado. Ou sexa que hoxe estamos ante un paripé, presentaron unha moción o Partido Popular despois de que nós presentáramos esta que se podía emendar moito máis breve, moito máis tal, e non entendemos tampouco a lóxica porque o normal era chegar a un acordo. Pero de verdade que as políticas da Xunta de Galicia a este respecto son nulas e tamén podemos falar desa deixadez de funcións.

Pasou ao respecto do ecolóxico, xa o decíamos hai meses neste Pleno. Había en teoría contías suficientes para atender a incorporación do ecolóxico que é necesario e o 80% das explotacións do ecolóxico no noso país se quedaron sen as axudas da Xunta de Galicia. E non será por cartos, porque tamén teño que decilo, a Consellería do Medio Rural o ano pasado nos seus orzamentos deixou sen aplicar 167 millóns de euros, 167 millóns de euros que se perderon, mentres o 80% das granxas se quedaron sen as axudas cando se pedían. Pasou agora coas enfermidades, como por exemplo o da lingua azul, onde se aplicou unhas determinadas políticas en Ourense, Pontevedra, en Lugo e non fostes quen de facelo. Ben, foi lenta e tiña prexuízos cos gandeiros que recoñecían .. había outras enfermidades, como por exemplo, enfermidade de hemorraxia epizoótica e que só se axudaba se morría o animal, non se tiña en conta os gastos que se producían para a cura deses animais, só se morría, ou sexa, unha auténtica barbaridade e pasou con outras tantas cousas. Na época coa covid 19 decidiron que as granxas de menos de 10 vacas non eran financiadas. Por certo, se foi aos tribunais e se gañou e a Xunta ten agora que pagar as axudas de 10.284 granxas galegas, dende a covid tiñan sen pagalas, tiñan unha sentenza.

E tamén moitas outras cousas que pasan nas granxas familiares. Estaban aquí comentando e é verdade que no seu punto 5 dos acordos fala da retirada do logo del e especie silvestre en réxime de protección especial, indemnización dos danos causados pola fauna salvaxe, xabarín, lobo etc. isto é un acordo que aparece na moción do Partido Popular, e todas as perdas ocasionadas que deberían minimizar . O único que fai agora o Partido Popular para controlar o xabarl e o lobo é a caza. A única solución que pretenden que exista é a caza e é unha auténtica barbaridade e 16 anos despois das súas políticas o xabarl e o lobo aumentou en poboación o que queda demostrado que eso non vale. Onde están os plans de xestións do lobo e do xabarl? Onde están os censos cientificamente elaborados? Onde unha ordes de axudas a prevención e os danos que contemple a realidade? E que teñan unha dotación económica suficiente. E tantas, tantas outras cousas. Aquí facémolo na exposición de motivos, hai danos estruturais ao noso campo dende a entrada da Unión Europea, que se nos pediu que tiñamos que modernizarnos o propio Partido Popular descriminaba a nosa forma e razón de ser, nos mandaron ir ás cotas do leite, despois se quitaron as cotas do leite, temos unha industria agrogandeira capaz de producir absolutamente de todo, e as políticas lesivas da Xunta de Galicia, do Goberno do Estado que non coñece a realidade do noso país ou utilizan en moeda de cambio na Unión Europea, que aplican as súas propias políticas e os seus lobbies de presións, nos levan á situación na que nos atopamos agora que por certo, esta semana se anunciaba en nota de prensa que en 10 anos 3.000 granxas deste país ían pechar as súas portas. Eso é o que lle debería de preocupar á Xunta de Galicia. E para eso hai que ter uns prezos xustos, para eso hai que volver a convocar as mesas do leite, para eso hai que facer moitísimas cousas que non se están aplicando. Tamén o goberno do Estado, tamén aquí está a conveniencia dos partidos estatais que fan o que lle mandan en Madrid e moi pouco o que precisamos como país.

-Sr.Ulla Rocha: o PSdeG-PSOE vai apoiar as dúas mocións. É así, nós somos o PSdeG e nós entendemos que o sector agroalimentario é básico, é a nosa razón de ser. Nós temos unha cultura do rural. E esa cultura temos que protexela. É certo que a PAC non está ben feita. É certo que se fan políticas xerais cando Galicia necesita unha política específica para Galicia e eso é certo e hai que demandarllo ao Goberno Central. O único que lle pediría ao Partido Popular e se puidera considerar do punto 5, en vez de... como é unha orde que se aprobou recentemente, polo menos, que se negocie o tema do lobo, nada máis, é o único que lle pediría ao Partido Popular.

-Sr.Castrillón Permuy: si, grazas Sra.alcaldesa. Bueno, imos a facer a exposición de Motivos da nosa moción e despois debatiremos porque a sensación que temos aquí é que a proba é que están tendo os agricultores e os gandeiros que é un tema xeral

-Sra.alcaldesa: só un segundo. Quere que se lea a súa moción para este debate para facer o debate conxunto aínda que se vote despois por separado?

-Sr.Castrillón Permuy:claro, quedamos neso, no.

Por min, se procede a ler a moción cos puntos dos acordos da moción do Partido Popular que son:

“1.- Mostrar o apoio ao sector primario de Galicia, aos seus gandeiros e agricultores e reivindicar a súa importancia no desenvolvemento do noso sector agroalimentario, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Esixir ao Goberno central que lidere unha moratoria inmediata e temporal da normativa europea que ocasiona prexuízos no desenvolvemento da actividade agraria e que poñen en perigo a viabilidade das súas explotacións.

3.- Esixir ao Goberno central a defender a postura dos nosos gandeiros e agricultores respecto da situación xerada de competencia desleal supoñen que os tratados de libre comercio con terceiros países que firma a Unión Europea sen a esixencia cláusulas espello.

4.- Instar ao Goberno central a que modifique a **Lei da Cadea Alimentaria para facer efectiva a prohibición da venda a perdas**, e recoñeza a oficialidade das ferramentas de cálculo de costes de produción – Contaláctea e Contacarne- postas en marcha pola Xunta de Galicia.

5.- Demandar ao Goberno central a retirada do lobo da LESRPE e a transferencia dos fondos comprometidos a Galicia para a prevención e compensación dos danos causados pola fauna salvaxe (xabaril, lobo...)

Segue o DEBATE iniciado sobre estas mocións:

-Sr. Castrillón Permuy:Grazas Sra.alcaldesa. Buenos, imos a facer a exposición desta moción. A sensación é que o problema o temos en Galicia, creo que o problema o temos en toda Europa e o problema é dos acordos que está facendo Europa.

En Galicia, a agricultura e a gandaría son dúas pezas chave do noso sector primario. Actúan como principais actores na xestión sostible do territorio e é a principal fonte da alimentación do noso país, por iso, e dada a situación actual, posicionámonos ao lado dos nosos produtores na defensa dos seus intereses.

Son eixo fundamental na xestión sustentable do territorio, ademais de representar un importantísimo eido económico, sostén da alimentación do noso país e da propia soberanía alimentaria en Europa. Neste respecto, desde un principio, tivéronse en conta as circunstancias que se ían sucedendo, escoitando as inxerencias deste sector co fin último de presentar diante do Goberno Central as oportunas demandas co obxecto de tomar constancia e actuar conforme á necesidade de capear o contexto do mellor xeito posible en favor dos intereses dos nosos agricultores e gandeiros.

Neste sentido, cómpre sinalar que a lectura que facemos da actuación do Goberno estatal ata o momento é propia da insatisfacción, compartida co propio sector, polo evidente estatismo na toma de decisións en relación coa nova normativa comunitaria, cuxa adaptación estatal está xerando importantes trabas burocráticas totalmente innecesarias ás explotacións españolas e, en particular, ás galegas.

A estes efectos, o noso principal reclamo é que España non pode nin debe quedar atrás na defensa do sector primario e o Goberno central non pode limitarse a actuar como “altofalante” de Bruxelas, sen loitar polos nosos agricultores e gandeiros. É requirida unha actuación firme, contundente e urxente.

Isto é antecedente de que solicitamos, como potencia agroalimentaria dentro de Europa, o liderado de España na esixencia dunha “moratoria inmediata” de toda esta normativa cuxa aplicación está causando, como é sabido, graves prexuízos no desenvolvemento normal da actividade agraria. É dicir, esiximos que se demande claramente unha suspensión da lexislación que obstaculiza a viabilidade das explotacións, con máis burocracia e esixencias medioambientais que, atendendo a súa pertinencia e compartindo a preocupación polo cambio climático, teñen que ser novamente deseñadas e verterse no seu conxunto nunha sustentabilidade económica, social e medioambiental das explotacións.

Así mesmo, demandamos que esta moratoria estea vixente namentres a Unión Europea realiza a necesaria e fonda reflexión estratéxica sobre o futuro da agricultura e gandaría no territorio que, en todo caso, deberá reverter nunha flexibilización da lexislación en cuestión. En adición, solicitamos unha participación activa das comunidades autónomas en dita reflexión, por intermediación do propio Goberno, co obxecto de acadar melloras realmente adaptadas ás particularidades de cada zona, tal e como se fixo durante toda a negociación da nova Política Agraria Común (en adiante, PAC).

Neste contexto, cómpre destacar que a Xunta de Galicia comprometeu a súa lealdade e mailo apoio ao Goberno central nun escrito, sobre todo, no seu papel como interlocutor con Europa, avogando por unha posición común do conxunto estatal para actuar con máis forza diante das instancias europeas, respectando, como se mencionou anteriormente e sempre se ten defendido, as singularidades de cada territorio.

En definitiva, defendemos que a carga burocrática dos nosos agricultores e gandeiros non debe ser incrementada en ningún caso nin baixo ningún concepto por Europa, nin tampouco por parte de ningunha institución española. Neste sentido, é preciso sinalar a pertinencia da modificación da Lei da cadea alimentaria co fin último de facer efectiva a prohibición de venda a perdas en favor dos operadores primarios, unha petición reiterada en numerosas ocasións por Galicia que atende á necesidade de que o Goberno central asuma a súa responsabilidade nesta cuestión, que pertencen integramente a súa competencia. Ademais, seguimos demandando a oficialidade dos mecanismos xurídicos desenvolvidos pola Xunta de Galicia en relación coa optimización do cálculo dos custes de produción –*Contaláctea* e *Contacarne*–.

Estamos á beira das súas reivindicacións contra a nova lexislación da Unión Europea, como levamos moito tempo trasladando desde Galicia ao Goberno, este novo marco supón burocracia innecesaria e esixencias ambientais que poñen en risco a viabilidade económica das explotacións.

Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos que acaba de dar lectura o Sr. secretario. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. Ledo Díaz: a ver, estamos de acordo no que acaba de dicir da Lei de Cadea alimentaria Germán Castrillón, no, porque llo poñedes o fin último é de facer efectiva a prohibición da venda a

perdas a favor dos operadores porque é necesario. Entónces volvemos ao que hai antes, a Xunta de Galicia ten competencias, no, tamén en Medio Rural, e a Lei de Cadea alimentaria actual establece a obrigatoriedade de pagar por riba dos custos de produción mais non determina o mecanismo do seu cálculo e mentres, o único prezo público sexa o que se lle paga aos produtores non a outra parte, seguiremos tendo un problema. Aí é onde teñen que reivindicar ...aí é onde temos que facer política e defender aos nosos gandeiros, gandeiras e produtores do sector primario, xa sexa no campo, xa sexa no mar. É necesario, claro que é necesario, no, e de feito actualmente, aprobouse na comisión Europea un regulamento que concede unha sección parcial a agricultores europeos a regra de condicionalidade nas terras a barbeito e eso é positivo para Galicia, pero non é suficiente. Entónces o que nós non entendemos é que falen na súa moción, na exposición de Motivos, dunha cuestión fundamental, que abordara competencia desleal de produtos de terceiros países e que logo falen de que non poden ter mesas do leite, como se está mantendo, ou axustar os prezos polo libre mercado. Hai cousas que non se sosteñen. É verdade que estamos acostumados a que o goberno da Xunta sexan capaces na mesma frase de dicir unha cousa, a contraria e que parece que aquí non pasa nada. Pero nós xa lle decimos: por exemplo, na súa moción se alomenos, foran capaces de incluír a seguinte emenda e esixir a corresponsabilidade e a adopción das medidas da Consellería de Medio Rural nas competencias que lle son propias, nós poderíamos votar tamén a favor da súa moción, aínda que a presentaran despois da nosa que cremos que é bastante máis completa. Pero que o que non podemos ver é que na realidade como por exemplo, nestes 16 anos desmantelouse o centro de investigación agraria de Mabegondo, que por certo, era, estaba na vangarda da Unión Europea, en investigación, no sector primario. E vostedes o están desmantelando.

Como tamén o de Lourizán, que deixaron por certo, de cubrir prazas que teñen en investigadores e investigadoras. Hai tantas cousas que facer, que beneficiarían ao noso sector primario, que lle pedimos que polo menos, sexan consecuentes e aparte deses 4 acordos que pouco din, bueno, o da cadea alimentaria estamos de acordo que esixan á Consellería de Medio Rural que aplique as competencias que lle son propias, entre eles tamén regular o prezo aos nosos gandeiros e gandeiras con respecto ao leite, que repito, xa o dixen antes, corresponde a máis do 40% , creo que o 48 pero agora non quero meter a gamba que non estou vendo o dato, do estado.

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa. Nada, o trasladado anteriormente. Imos a votar a favor das dúas mocións. Reiterar que esta é unha moción na defensa dos nosos veciños, agora que estamos falando de Europa, estamos falando do conxunto do Estado, incluso da Xunta de Galicia. Estamos falando dos nosos veciños que poden ter unha explotación, pois no Val, en Sedes, e esa xente, os nosos veciños que o están vendo mal, estanno pasando mal, o que merecen é pois que os representantes municipais, que os defendan.

Por eso, é a nosa responsabilidade e imos a votar a favor.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, creo que todos somos conscientes, no estado que están as explotacións, tanto gandeiras como agricultura, no. E creo que dende a Xunta de Galicia, sempre se estivo apoiando, sempre se intentaron fortalecer eses vínculos e transmitir a Europa da necesidade destes servizos como foi co tema do mar, no, que creo que Galicia foi prioritaria nese sentido e ademais supo defender as cuestións que conleva ese sector. Como neste sector.

Eu creo que, acabamos de ter unhas eleccións autonómicas, creo que claramente se soubo o que opinaba o pobo galego e ademais deso, eu creo que está moi claro o que opinan e o que queren os gandeiros e o que vostede falou da caza tamén é o que queren os cazadores, no.

E nese sentido, nós dende o grupo popular, seguiremos fomentando e traballando para que sigan mellorando estes estados porque agora mesmo si é certo que se está pasando un momento crítico e

se está vendo en toda o territorio español, e non só español, senón en toda a parte de Europa e dende logo, dende Galicia seguiremos insistindo e reiteraremos as nosas peticións por exemplo:

- Co Caderno Dixital, que logramos unha moratoria, pero solicitamos ampliála e reflexionar sobre a súa pertinencia.
- Ecorrexímenes adaptados á realidade de Galicia.
- Atrasar a obrigatoriedade dun veterinario por explotación. Somos líderes en sanidade animal, e por tanto consideramos innecesaria esta nova esixencia.
- Nutrición sostible dos chans. Realizamos máis de 20 alegacións a unha normativa que, como avisamos, é inviable en Galicia. Pedimos que se atrase e, en todo caso, máis fondos europeos para a compra da maquinaria precisa.
- Lexislación fitosanitarios. Todos estamos de acordo co uso sostible destes produtos, pero a lexislación non pode poñer en risco o futuro das explotacións.
- E, por suposto, demandamos que o Goberno central en ningún caso, e tal e como xa avanzaron países como Francia, firme tratados internacionais como o de Mercosur se non inclúe cláusulas espello, para evitar a competencia desleal.

Creo que eso dende a comunidade autónoma se defendeu e se seguirá defendendo e se seguirá traballando para que estes sectores non sigan estando nesa situación tan crítica como están agora.

Polo tanto, é algo que está comprometido o goberno autonómico e polo tanto, trasladaremos todas esas como se estivo trasladando e como se estivo facendo a lealtade co goberno de España para que en Bruselas teñan esa fortaleza suficiente para defender aos nosos gandeiros e os nosos agricultores.

Pola miña parte nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: a verdade é que nos dá pena que pensemos que o que se está facendo é suficiente. Que se fale de moratoria na Unión Europea e que non poñamos solucións enriba da mesa porque as hai, porque cando se perden 167 millóns de euros nos orzamentos na Consellería de Medio Rural no fondo eu penso que é porque ... non é porque non queiran, é porque non saben. Entón eso tamén me dá pena. Teño que decilo. Porque non creo que quixeran deixar o 80% das granxas en ecolóxico sen subvencións, pero creo que non saben facelo. Simplemente, entón eso é moi preocupante. Falo do xabaril, falo do lobo, fala da caza, en 16 anos é o único medio que fixeron e se viu que non se aplicaba pero tamén lle digo unha cousa, porque eso é unha competencia, si que é unha competencia dos concellos, no. Baixan xabaríns, vólvese a subir ao monte que está cheo de eucaliptos, que non ten alimento, que alí non aniñan nin os páxaros, volven a baixar, as terras están a monte.. Voulles a dicir unha cousa: ninguén abandona o seu medio de vida porque queira. É que se lles expulsa e se lles expulsa cunhas políticas non pensadas neste país nin na Xunta de Galicia, que é o triste, nin no Estado, nin en moitas políticas da Unión Europea e por eso teñen que ser escoitados, porque é verdade que toda a política agraria común sae da Unión Europea e é alí onde hai que defender pero hai moi poucas voces que defendan a este país, moi poucas, entón teríamos que poñernos máis á obra porque aquí podemos dicir moitas cousas pero ao final a realidade é outra.

Entón deixémonos de moratorias e poñamos solucións enriba da mesa, porque a aposta polo sector primario se fai con outras políticas diferentes e a día de hoxe hai moitísimas terras abandonadas porque lles poño un exemplo: hai persoas que queren traballar nas explotacións que tiñan os seus pais, xa sexan viñedos, xa sexan carnes... e sabe que acontece? Que a Xunta só dá subvencións se vostedes non teñen ningún familiar traballando no sector primario. Dígame quen ten a facilidade de traballar no sector primario sen ter participado antes. Entón, con grandes esforzos algunhas persoas o fan. Pero seguro que é moito máis doado para os fillos e fillas que teñen terras, que teñen viñas e que non se lles permite. Ese é o problema.

O problema é que temos unha lei estatal que cando che regala unha leira a túa avoa nunha herencia e segues sendo pobre, resulta que te quedas sen beca porque eres propietaria. Porque temos leis que non están pensadas neste país e a Xunta de Galicia está gobernada polo Partido Popular dende

hai 16 anos e vostedes non cumpren con este país, non cumpren co sector primario, o que é moi potente e o veremos en 10 anos, 3.000 granxas pechadas. Esperemos que en 4 anos ese cambio que xa se está empezando a dar e esa hexemonía que están empezando a perder sexa definitiva e vostedes podan decidir, palabras e palabras que é o que están facendo agora e os demais fagamos feitos.

-Sra.alcaldesa: non sei se Germán queres intervir ese minuto último...

-Sr.Castrillón Permuy: si, grazas Sra.alcaldesa.

Bueno creo que tes que revisar o DOGA, publicado a convocatoria para as explotacións e incorporación de xóvenes e persoas menores de 41 a 55 anos da actividade agrogandeira, do 22 de xaneiro de 2024. Deberías revisar eso.

Así como tamén cré que non axudamos, dende logo, no rural hai impostos cero, cousa que vostedes querían meter o imposto de sucesións para o rural tamén, cousa que dende a Xunta de Galicia, impostos cero.

E algo que debemos de entender é que dende a comunidade autónoma se está traballando para que a xente poida incorporarse ao rural a todos aqueles que queiran e que teñan a posibilidade de facelo. E se están conseguindo avances importantes e creo que dende hai tempo, hai un conselleiro que está regulando o rural moi acorde ao que se necesita en Galicia e eso tamén se debe ter en conta.

Polo tanto, seguiremos traballando para que cada día esto esté mellor. E defendendo aos nosos produtores pois alá onde corresponda que, neste caso, parece que nos queremos centrar na nosa comunidade autónoma e o problema está vindo dende Bruselas. E polo tanto, non podemos equivocarnos, non podemos desviar a atención de querernos quedar aquí para vender algo que como lle dixen antes, creo que se demostrou que non se debe de estar facendo tan mal porque os resultados así o demostran.

E creo que hai que seguir traballando e pelexando para que dende Europa, nos sigan dando ... (*Sra.Olaia, eu non a interrompín mentres que entreviú*) vostede di e comenta (*referíndose a Sra.Ledo*) o que lle parece e os demais temos a liberdade de poder falar no noso tempo real.

Nada máis e moitas grazas.

Sra.alcaldesa: Imos a pasar a votar a primeira moción deste tema do BNG:

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: Abstencións 6

BNG: A favor 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

2/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O APOIO AO SECTOR GANDEIRO. -

O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

SOBRE O APOIO AO SECTOR GANDEIRO Exposición de motivos

En Galicia, a agricultura e a gandería son dúas pezas chave do noso sector primario. Actúan como principais actores na xestión sostible do territorio e é a principal fonte da alimentación do noso país, por iso, e dada a situación actual, posicionámonos ao lado dos nosos produtores na defensa dos seus intereses.

Dende o partido popular estamos de acordo co reclamo que realizan os nosos agricultores e gandeiros, cuxas protestas redundan nunha baixa rentabilidade derivada de prezos que non cubran os custos de produción, unha necesidade de abordar unha modificación da lexislación europea que os está asfixiando e poñendo en perigo a súa viabilidade económica e a competencia desleal que veñen sufrindo a consecuencia dos tratados de libre comercio con terceiros países que firma a UE sen a existencia de cláusulas espello.

O sector está deixando claro os seus reclamos nestes días. A lexislación da UE arrisca o seu futuro ao impoñer cada vez máis trabas burocráticas, ademais de esixencias medioambientais que non foron deseñadas atendendo á sustentabilidade económica, social e medioambiental das explotacións.

Vémonos na obriga de esixir ao Goberno central que lidere a petición dunha moratoria en toda a UE desta nova lexislación de cara a facilitarlles o traballo do día a día aos nosos agricultores e gandeiros e atender ás especificidades de cada rexión, e non como fixeron ata o de agora lexislando de costas ao sector.

As mobilizacións ás que asistimos nas últimas semanas responden a unha inconformidade do gandeiros e agricultores non só galegos, se non de toda España, coas medidas anunciadas e ante a pasividade do Ministerio de Agricultura ao non defender os seus dereitos ante Bruxelas.

España como potencia agroalimentaria dentro de Europa debe adoptar unha postura de liderado esixindo unha moratoria inmediata desta normativa que ocasiona prexuizos no desenvolvemento da actividade agraria.

En definitiva, unha actuación contundente diante as instancias europeas neste reclamo, defendendo sempre as singularidades do noso territorio, de Galicia, e tendo en conta a postura do sector. A carga burocrática do sector non debe ser incrementada de ningunha maneira nin por Europa nin por ningunha institución española. Estamos a favor do compromiso medioambiental sempre e cando sexa garantía de sustentabilidade económica e social das explotacións dos nosos gandeiros e agricultores, e neste ámbito todas as administracións teñen unha marxe de mellora.

Non podemos obviar que as principais demandas do sector están moi ligadas á nova PAC en concreto poñen o foco no caderno dixital, a rotación de cultivos, a redución de fitosanitarios, a normativa relativa ao decreto de ordenación de explotacións bovinas ou a nutrición sostible do solo e a necesaria adaptación e flexibilizar os ecoesquemas á realidade de cada rexión.

Así mesmo, é unha cuestión fundamental abordar a competencia desleal de produtos de terceiros países, dado que as condicións nas que se producen posibilitan que accedan ao mercado común cuns prezos cos que non poden competir os agricultores e gandeiros europeos.

A defensa do sector primario para o Partido Popular é prioritario e por iso tampouco podemos deixar de reclamar un prezo xusto para os seus produtos o cal require dunha aplicación efectiva da prohibición da vena a perdas.

Por iso, instamos ao Goberno do estado a modificar a Lei da cadea alimentaria co fin último de facer efectiva a prohibición de venta a perdas a favor dos operadores primarios, unha petición reiterada en numerosas ocasións dende a Xunta de Galicia e que atende á necesidade que o Goberno central asuma a súa responsabilidade.

En definitiva, o Partido Popular de Galicia sempre estará do lado dos nosos agricultores e gandeiros e buscando a súa mellora e beneficio.

Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDOS:**

1.- Mostrar o apoio ao sector primario de Galicia, aos seus gandeiros e agricultores e reivindicar a súa importancia no desenvolvemento do noso sector agroalimentario, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.

2.- Esixir ao Goberno central que lidere unha moratoria inmediata e temporal da normativa europea que ocasiona prexuízos no desenvolvemento da actividade agraria e que poñen en perigo a viabilidade das súas explotacións.

3.- Esixir ao Goberno central a defender a postura dos nosos gandeiros e agricultores respecto da situación xerada de competencia desleal supoñen que os tratados de libre comercio con terceiros países que firma a Unión Europea sen a esixencia cláusulas espello.

4.- Instar ao Goberno central a que modifique a **Lei da Cadea Alimentaria para facer efectiva a prohibición da venda a perdas**, e recoñeza a oficialidade das ferramentas de cálculo de costes de produción – Contaláctea e Contacarne- postas en marcha pola Xunta de Galicia.

5.- Demandar ao Goberno central a retirada do lobo da LESRPE e a transferencia dos fondos comprometidos a Galicia para a prevención e compensación dos danos causados pola fauna salvaxe (xabaril, lobo...).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a moción transcrita:

TEGA: En contra 10

PP: A favor 6

BNG: En contra 3

PSdeG-PSOE: A favor 2

3/ MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RECLAMANDO O "APOIO AO PERSOAL QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO Y SERVIZO DE CONSERXERÍA DEL COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A GÁNDARA CO GALLO DA FOLGA INDEFINIDA QUE TEN CONVOCADA CON DATA DE INICIO O VINDEIRO 12 DE MARZO".

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia do Concello de Narón (PSdG-PSOE) ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

Dos grupos reclamando o “APOIO AO PERSOAL QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS LIMPEZA XERAL, MANTEMENTO Y SERVIZO DE CONSERXERÍA DEL COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A GÁNDARA CO GALLO DA FOLGA INDEFINIDA QUE TEN CONVOCADA CON DATA DE INICIO O VINDEIRO 12 DE MARZO”.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O pasado mes de outubro do ano 2023, foi adxudicado a licitación do limpeza xeral, mantemento y servizo de conserxería del complexo polideportivo municipal de A Gándara á empresa Nortex.

As persoas traballadoras veñen poñendo en coñecemento do Concello as eivas seguintes:

- En relación as condicións laborais que lles aplican toda vez que polas tarefas que desenrolan non lles é de aplicación o convenio colectivo da limpeza de edificios e locais senón o convenio colectivo da instalacións deportivas e ximnasiaos.
- Persoal insuficiente para atender as necesidades de prestación de servizos aos distintos usuarios e usuarias.

O Concello trasladoulles ás persoas traballadoras que dita eiva solucionaríase na presente licitación máis pola contra, derivou dito cambio á boa vontade negociadora da nova adxudicataria cas persoas traballadoras.

Por todo iso, nos atopamos que perante a falla de xestión do goberno municipal de Terra galega se lle están causando uns prexuízos aos dereitos das persoas traballadoras e tamén na calidade do servizo que se presta aos distintos usuarios e usuarias e en extensión á veciñanza de Narón.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Declaración desta corporación en apoio ás demandas das persoas traballadoras en situación de folga que prestan os seus servizos na limpeza xeral, mantemento y servizo de conserxería del complexo polideportivo municipal de A Gándara

2.- Instar ao goberno municipal a que medie no conflito laboral entre a empresa e o persoal que presta servizos co fin de acadar unha solución que poña fin á folga indefinida convocada.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: bueno, volvemos a Narón. Volvemos a falar de Narón. E agora volvemos a falar con Terra Galega.

Antes de nada, gustárame saber se Terra Galega está disposto a que fagamos unha DECLARACIÓN INSTITUCIONAL e xa non debatamos esto. E negociémolo e vaíamos a esa reunión á que nos convocastes hoxe ás 3 e media cos traballadores e alí pois, falemos o que teñamos que falar e escoitemos o que teñamos que escoitar.

-Sra.alcaldesa: sí . Quero decir, que facemos unha Declaración Institucional sen problema. Neste caso o concelleiro reuniuse cos traballadores este luns e hai prevista unha reunión coa empresa o martes e logo, evidentemente, queríamos convocar con esa solicitude ao resto dos portavoces. Evidentemente, nós, neste caso o concelleiro delegado de Deportes, xa estivo falando cos traballadores e a maiores, decir tamén que se contempla nese Prego que se me permites leo: *“tamén se indica que os traballadores da dita instalación adscritos ao convenio de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña manifestaron de forma expresa o seu interese en negociar un cambio de convenio coa empresa adxudicataria, posibilidade amparada económicamente polo presente estudio de costes”*.

Esto foi na licitación anterior, co cal aí está contemplado xa.

-Sr.Ulla Rocha: bueno, sobre eso, podemos discrepar na interpretación, creo que o traslado é “ se estamos de acordo nos 2 puntos da moción, incluso no 2º punto que é que se lle inste ao goberno municipal a que medie no conflito laboral entre a empresa e os traballadores?



-Sra.alcaldesa: si, xa lle dixen que sí. Xa o estamos facendo.

-Sr.Ulla Rocha: vale.

-Sra.alcaldesa: quero decir, é algo que xa se fixo. Xa tivemos unha reunión cos traballadores, está prevista unha reunión coa empresa, xa se lle achegou tamén, por si non tiñan constancia, que entendo que sí, este prego. Sí, evidentemente sí.

-Sr.Ulla Rocha: non sei se nos podía informar agora como está o asunto ou esperamos a Rogos e Preguntas e deixamos esta moción.

-Sra.alcaldesa: unha declaración institucional, se acabaría aquí o debate e facemos Declaración Institucional e pasamos ao seguinte punto.

-Sr.Ulla Rocha: pois facemos Declaración Institucional.

-Sra.alcaldesa: perfecto.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda facer desta moción unha DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.

QUEDA POLO TANTO, COMO DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN.

17º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓN **ÓRGANOS DE GOBERNO**

Dáse conta das Resolucións do mes de xaneiro de 2024:

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN S SOCIAIS, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	02-01-2024	1
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO PARA VACANTE 02.05.A005	02-01-2024	2
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A CONCESION DUN ADIANTO ORDINARIO A DEVOLVER EN 18 MESES A AITOR HERMIDAD SANTIAGO	03-01-2024	3
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA ALMUDENA MORADO MOMAN EFECTOS DECEMBRO 2023	03-01-2024	4
Decreto de Alcaldia	RC_RECOÑECIMIENTO SERVICIOS PRESTADOS A EFECTOS DE TRIENIOS	03-01-2024	5
Decreto de Alcaldia	BE_BOLSA DE EMPREGO XEFE DE CULTURA	03-01-2024	6
Decreto de Alcaldia	RA MODIFICACION VACACION S 2023	03-01-2024	7

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	COMPENSACIÓN CRÉDITOS/DEBITOS CONCORRENTES A NOME DE FCO. JOSE LOPEZ DORREGO	03-01-2024	8
Decreto de Alcaldia	REVOGACION LIQUIDACIÓN 23010002730 SUBMINISTRO AUGA E SANEAMENTO 2º TTE/2023 (ID. VALOR 22023515055OR13L000730)	03-01-2024	9
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA RAQUEL LEAL BUSTABAD DECEMBRO 2023	03-01-2024	10
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A NOMINA COMPLEMENTARIA MARI LORENA PARDIÑAS LAMAS DE DECEMBRO 2023	03-01-2024	11
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR O PAGO DA NOMINA COMPLEMENTARIA MARIA CONCEPCION DIAZ SANZ	03-01-2024	12
Decreto de Alcaldia	declaración sinistro vía. Policía Local ref. 0599/2022 pública 5 de abril de 2022	04-01-2024	13
Decreto de Alcaldia	AMPLIACION DA REDE DE SANEAMENTO EN SAN MATEO	04-01-2024	14
Decreto de Alcaldia	AMPLIACION DO EDIFICIO DE SPEIS	04-01-2024	15
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ACEPTACION SUBVENCION PARA O PROXECTO "PEIXEANDO CO EMPREGO" (GALP)	04-01-2024	16
Decreto de Alcaldia	DOCUMENTOS, INFORMES E PROPOSTAS VARIAS SEN EXPEDIENTE ESPECIFICO	04-01-2024	17
Decreto de Alcaldia	ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRUAS E APARCAMENTO EN AVENIDA DE CASTELAO E AVENIDA DO MAR	04-01-2024	18
Decreto de Alcaldia	EXPEDIENTE REINTEGRO DE PAGO DE SALARIOS INDEBIDOS NURIA NAVEIRAS NAVEIRAS	04-01-2024	19
Decreto de Alcaldia	DENEGACIÓN ACCESO EXPEDIENTE SOLICITADO POR SALTOKI MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ILUMINACIÓN PÚBLICA DA ESTRADA DE CEDEIRA (AC566) E DO POLÍGONO RÍO DO POZO	05-01-2024	20
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. DESESTIAMT. SP 6/23	08-01-2024	21
Decreto de Alcaldia	PROCEDEMENTO REVOGACION LIQ. ORIXE:2017/93061 PAULINO POLO GUSANO, POR ERRO DE NIF.	08-01-2024	22
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE DE SUBVENCION A CONSELLERIA DE ECONOMIA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A CONTRATACION DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2018	08-01-2024	23
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2021 (CODIGO PROCEDEMENTO TR331A)	08-01-2024	24
Decreto de Alcaldia	BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL-CONCELLOS 2024), INCLUÍDO NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL	08-01-2024	25
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR O MÓDULO TRANSVERSAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CORRESPONDENTE A TRES CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DO CONCELLO DE NARÓN	08-01-2024	26
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. DESEST. R. REPOSIC. SP 5/23	08-01-2024	27
Decreto de Alcaldia	RA SUBSTITUCION XEFA DISCIPLINA URBANISTICA POR MARIA ANGELES MANTEIGA DO 08.01.24 AO 12.01.24	08-01-2024	28

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INICIO CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA PARCELACION	09-01-2024	29
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INICIO CADUCIDADE SOLICITUDE SEGREGACIÓN LOCAL COMERCIAL NA RUA CONCEPCION ARENAL Nº 73	09-01-2024	30
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR A NÓMINAS COMPLEMENTARIAS E DIFERENZAS OSCAR LUIS ROMERO RODRIGUEZ DECEMBRO 2023	09-01-2024	31
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE SOLDADURA CON ELECTRODO REVESTIDO E TIG, ASI COMO A TITORIZACIÓN DAS PRACTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	09-01-2024	32
Decreto de Alcaldia	Corrección erro díxito pasaporte en Resolución Concesión Agasallos Nadal 2023	09-01-2024	33
Decreto de Alcaldia	Comprobación material do investimento da Intervención municipal: delegación específica: ano 2024	09-01-2024	34
Decreto de Alcaldia	Subvención a asociacións e outras entidades de ámbito municipal 2023	09-01-2024	35
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CPO-436/2017	09-01-2024	36
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CPO-32/2023	09-01-2024	37
Decreto de Alcaldia	Servizo de mantemento do xestor de expedientes e sede electrónica	09-01-2024	38
Decreto de Alcaldia	RC_RECOÑECIMIENTO SERVICIOS PRESTADOS A EFECTOS DE TRIENIOS	09-01-2024	39
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓN SOCIAIS, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	09-01-2024	40
Decreto de Alcaldia	Procedementos sancionadores de tráfico	09-01-2024	41
Decreto de Alcaldia	CAMPO DE TIRO CON ARCO (POS+2023)	10-01-2024	42
Decreto de Alcaldia	Rs_PERFECCIONAMENTO DE TRIENIOS 2023	10-01-2024	43
Decreto de Alcaldia	MODIFICACION RA SUBSTITUCION XEFA DISCIPLINA URBANISTICA POR MARIA ANGELES MANTEIGA DO 08.01.24 AO 10.01.2024	10-01-2024	44
Decreto de Alcaldia	IT_INCAPACIDADE TEMPORAL MARINA SUEIRAS RODRIGUEZ	10-01-2024	45
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA PROGRAMA TEMPORAL "PROPOSTA DE EXPURGO EO ARQUIVO MUNICIPAL DE NARON"	10-01-2024	46
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INCOACION CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA DE PARCELACION NO LG. VIÑAS Nº 14	10-01-2024	47
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INICIO CADUCIDADE LICENZA PARCELACION FINCAS NO LG. FEIRA DO TRECE Nº 29 - SEDES	10-01-2024	48
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INICIO CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA PARCELACION	10-01-2024	49

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	RESOL. DENEG. AMPL. PRAZO SUBSANACION CPO-446/2023	10-01-2024	50
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 500€ SOLICITUDE LIMPEZA VOOS CAMIÑO PUBLICO R123 E	10-01-2024	51
Decreto de Alcaldia	OFERTA_OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS E INDUSTRIAIS, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	10-01-2024	52
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	53
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	54
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	55
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	56
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	57
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	58
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	59
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	60
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	61
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	62
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	63
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	10-01-2024	64
Decreto de Alcaldia	SIN06/2023_REPARACIÓN DE FAROLA NA ESTRADA DE CASTELA, Á ALTURA DO Nº 592	11-01-2024	65
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. RECLAMACION INDEMNIZACION AO CONCELLO DANOS BENS MUNICIPAIS	11-01-2024	66
Decreto de Alcaldia	SIN07/2023_REPARACIÓN DE CRISTAL LATERAL DE MARQUESIÑA SITA NA ESTRADA DE CASTELA Á ALTURA DO Nº 665	11-01-2024	67
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INCOACION CADUCIDADE SOLICITUDE SEGREGACION EN FERRERÍAS	11-01-2024	68
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INCOACION CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA PARCELACION TERREO SITO EN LUGAR DE BICAS	11-01-2024	69
Decreto de Alcaldia	REPOSICIÓN DE CAUCHO EN VARIOS PARQUES DO CONCELLO	11-01-2024	70
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR O PAGO DA NOMINA DE DIFERENZAS MARIA CONCEPCION DIAZ SANZ E DEIXAR SEN EFECTOS A RA PER18I00U	11-01-2024	71
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT CESAR BOUZA BELLON POLA BAIXA DO 08/10/2024	11-01-2024	72
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT ANTONIO LÓPEZ CARREIRA POLA BAIXA DO 08/10/2024	11-01-2024	73
Decreto de Alcaldia	Desenvolvemento de 8 edicións da acción formativa: Operador carretilleiro + Operador de plataformas elevadoras PEMP	11-01-2024	74
Decreto de Alcaldia	Autorización para circulación de transporte especial	11-01-2024	75
Decreto de	RA/ DENEGACION COMPLEMENTO IT UMO BALDE	12-01-2024	76

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Alcaldia	BAIXA 10.01.2024		
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT MARIA DEL CARMEN RODRÍGUEZ PRIETO POLA BAIXA DO 08/10/2024	12-01-2024	77
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-21/2023	12-01-2024	78
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INCOACION CADUCIDADE SOLICITUDE CERTIFICADO DE QUE A FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL4972509NJ6147S0001GS PERTENCE A NARON	12-01-2024	79
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION INCOACION CADUCIDADE SOLICITUDE CERTIFICADO DE EXCLUSIÓN PARCELARIA	12-01-2024	80
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION NOMEAMENTO AVOGADO PO 206-23; RESP. PAT SP 11/22	12-01-2024	81
Decreto de Alcaldia	RESOLUCIÓN aprobando a achega mensual do concello ao Padroado no ano 2024	15-01-2024	82
Decreto de Alcaldia	RA ADOPCION TENREIRO GOMEZ, LIDIA MARIA	15-01-2024	83
Decreto de Alcaldia	RA PATERNIDADE PITA LOPEZ, MARCOS	15-01-2024	84
Decreto de Alcaldia	RA BAREMO PROVISORIO OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	15-01-2024	85
Decreto de Alcaldia	Autorización complementaria de circulación	15-01-2024	86
Decreto de Alcaldia	Autorización complementaria de circulación	15-01-2024	87
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBACION DESCONTOS COTAS SINDICAIS NOMINA FUNCIONARIOS XANEIRO/2024	16-01-2024	88
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBACION DESCONTOS POR ADIANTOS REINTEGRABLES NOMINA FUNCIONARIOS XANEIRO/2024	16-01-2024	89
Decreto de Alcaldia	RA SUBSTITUCION XEFA DISCIPLINA URBANISTICA POR MARIA ANGELES MANTEIGA DENDE O 15.01.2024 ATA O 05.02.2024	16-01-2024	90
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION C. MENOR ENYL 2024	16-01-2024	91
Decreto de Alcaldia	RA BAREMO DEFINITIVO OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR O MÓDULO TRANSVERSAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS CORRESPONDENTE A TRES CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DO CONCELLO DE NARÓN	16-01-2024	92
Decreto de Alcaldia	TRASPASO SALDO 90,00 € DESDE CONTA OPERATIVA A RESTRINXIDA COMO CONSECUENCIA DA DUPLICIDADE DO TRASPASO REALIZADO EN 2023	16-01-2024	93
Decreto de Alcaldia	Expedientes sancionadores de tráfico	16-01-2024	94
Decreto de Alcaldia	COMPENSACION CREDITOS/DEBITOS CONCORRENTES AXUDA M CARMEN FORTUNA CORRAL	17-01-2024	95
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR COMPLEMENTO IT MOSES CORRAL MERINO	17-01-2024	96

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	COMUNICACION PREVIA DE ACTIVIDADES SEN AVALIACION AMBIENTAL - SUPERMERCADO DE ALIMENTACION MERCADONA, SA., NA AVENIDA DO MAR	17-01-2024	97
Decreto de Alcaldia	COMPENSACIÓN CRÉDITOS/DEBITOS CONCORRENTES EXCAVACIONES SAAVEDRA Y LOPEZ SL	17-01-2024	98
Decreto de Alcaldia	Non división en lotes obra ampliación da rede de saneamento na parroquia de Sedes - Placente	17-01-2024	99
Decreto de Alcaldia	Non división en lotes da obra Reparación asfáltica en camiños de Salgueiral, As Cobas e outros	17-01-2024	100
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 600€ VERTIDO NO CAMIÑO DO CARRO - O COUTO	17-01-2024	101
Decreto de Alcaldia	V_ BAIXA POR FALECEMENTO FUNCIONARIO DE CARREIRA	17-01-2024	102
Decreto de Alcaldia	ACTUALIZACION COEFICIENTES PARA CALCULO BASE IMPOÑIBLE DO IIVTNU PARA ANUALIDADE 2024	17-01-2024	103
Decreto de Alcaldia	RA CESE FUNCIONARIO INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIA DA TITULAR (TRABALLADORA SOCIAL) POR FINALIZACION CAUSA	17-01-2024	104
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 751€ VERTIDO NA RUA CATALUÑA 31/05/23	17-01-2024	105
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE SOLDADURA CON ELECTRODO REVESTIDO E TIG, ASI COMO A TITORIZACIÓN DAS PRACTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	17-01-2024	106
Decreto de Alcaldia	Procedementos sancionadores de tráfico	17-01-2024	107
Decreto de Alcaldia	Procedementos sancionadores de tráfico	17-01-2024	108
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL O 31/12/2023 ÁS 12:00 OFICIADO POR GONZALO IGLESIAS BLANCO	18-01-2024	109
Decreto de Alcaldia	FITUR 2024	18-01-2024	110
Decreto de Alcaldia	ACCESO A MUIÑOS DE PRADOS	18-01-2024	111
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-16/2023	18-01-2024	112
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-31/2023	18-01-2024	113
Decreto de Alcaldia	CF_CURSOS DE FORMACION 2024	18-01-2024	114
Decreto de Alcaldia	RA BAREMO DEFINITIVO OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS E INDUSTRIAIS, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	18-01-2024	115
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE LIQUIDACION IIVTNU	18-01-2024	116
Decreto de Alcaldia	RA CURSO FORMACION 2024	19-01-2024	117
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION C.PRODUTIVIDADE CRITERIO CARREIRA PERSOAL FUNCIONARIO EFECTOS 01/01/2024 MARIA TERESA ALVAREZ VILLAYERDE	19-01-2024	118
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT JOSE LUIS CANEIRO BECEIRO POLA BAIXA DO 17/01/2024	19-01-2024	119

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	MODIFICACION PLAN FINANCIAMENTO SUBVENCION PARA O PROXECTO "PEIXEANDO CO EMPREGO" (GALP)	19-01-2024	120
Decreto de Alcaldia	EXPTE. COMPENSACION DE DEBEDAS DO TERCEIRO: NEUMATICOS FERVIGO SL. CIF B27855980	19-01-2024	121
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBAR C.PRODUTIVIDADE POSTO SUPEIOR MARIA VAZQUEZ GIZ XEFATURA SECCION DEPORTES 01/12/2023 A 31/12/2023	19-01-2024	122
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO C.PRODUTIVIDADE CRITERIO ASUNCION POSTO SUPERIOR SUBSTITUCION INTERVENCION DO DÍA 2 AO 05/01/2024 POR AUSENCIA DA TITULAR	19-01-2024	123
Decreto de Alcaldia	Sx_ APROBACION COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE POR SUBSTITUCION XEFATURA POLICIA LOCAL_2024	19-01-2024	124
Decreto de Alcaldia	Sx_ APROBACION C. PRODUCTIVIDADE POR SUBSTITUCIONS TESOURERIA 2024	19-01-2024	125
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR PAGO C. PRODUTIVIDADE SUBSTITUCION SECRETARIO POR MARIA ANGELES MANTEIGA FULGUEIRA do 26/12/2023 AO 07/01/2024 (VACACIONS)	19-01-2024	126
Decreto de Alcaldia	EXPTE. COMPENSACION DE DEBEDAS DO TERCEIRO: OFI-FERROL TERRA SL, CIF B15913866	19-01-2024	127
Decreto de Alcaldia	OEP22_4 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUCTOR (OEP 2022)	19-01-2024	128
Decreto de Alcaldia	Rs_PERFECCIONAMENTO DE TRIENIOS 2024	19-01-2024	129
Decreto de Alcaldia	RA APROBACION CONTIAS AXUDAS SOCIAIS 2024	19-01-2024	130
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CPO-198/2023	22-01-2024	131
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CONCESION LICENZA DE PARCELACIÓN NO LUGAR CERDEIRAS Nº 13 - DOSO	22-01-2024	132
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CT-2/2024	22-01-2024	133
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR O PAGO DO IRPF MODELO 111 DECEMBRO 2023 E 4º TRIMESTRE 2023	22-01-2024	134
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION C.PRODUTIVIDADE CRITERIO CARREIRA PERSOAL FUNCIONARIO EFECTOS 01/01/2024	22-01-2024	135
Decreto de Alcaldia	RA S/ SUSPENSION PROGRESION CARREIRA HORIZONTAL MARIA DOLORES MONTERO LOPEZ	22-01-2024	136
Decreto de Alcaldia	SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE PERMISO DE CONDUCCIÓN	22-01-2024	137
Decreto de Alcaldia	IT_INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL MARTIN VILARIÑO LOPEZ	22-01-2024	138
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBAR A RECTIFICACION DA RESOLUCION PER18106U	22-01-2024	139
Decreto de Alcaldia	BE_BOLSA DE EMPREGO XEFE DE CULTURA	23-01-2024	140
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. NOMEAMENTO AVOGADO PA 222/23- RESP. PAT SP 3/23	23-01-2024	141
Decreto de Alcaldia	OPE22_CONCURSO OPOSICION OFICIAL BOMBEIROS PROMOCION INTERNA (OEP 2022)	23-01-2024	142

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	SERVIZO DE MANTEMENTO E AMPLIACIÓN DE SERVIZOS DA APLICACIÓN I2A-CRONOS DE XESTIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	23-01-2024	143
Decreto de Alcaldia	SERVIZO DE MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN E XESTIÓN DE INCIDENCIAS	23-01-2024	144
Decreto de Alcaldia	SERVIZO DE MANTEMENTO DA APLICACIÓN DE NÓMINAS E RECURSOS HUMANOS	23-01-2024	145
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. DESESTIMAT. SP 7/23	23-01-2024	146
Decreto de Alcaldia	CF_ CURSOS FORMACION 2023	23-01-2024	147
Decreto de Alcaldia	SUBSTITUCIONS INTERVENTORA XERAL E XEFE SERVIZO INTERVENCION E FACENDA/2024	24-01-2024	148
Decreto de Alcaldia	Inscripción de entidades no rexistro municipal de entidades cidadás (S-PAT-01)	24-01-2024	149
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL LABORAL FIXO E TEMPORAL XANEIRO/2024	25-01-2024	150
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL CORPORATIVO CON DEDICACION EXCLUSIVA TOTAL OU PARCIAL XANEIRO/2024	25-01-2024	151
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT JOSE PIÑON REGO POLA BAIXA DO 22/01/2024	25-01-2024	152
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION NOMINA P.EVENTUAL EN POSTOS DE CONFIANZA XANEIRO/2024	25-01-2024	153
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT JAVIER PIÑEIRO DE CASTRO POLA BAIXA DO 22/01/2024	25-01-2024	154
Decreto de Alcaldia	RA S/ APROBACION NOMINA PERSOAL FUNCIONARIO XANEIRO/2024	25-01-2024	155
Decreto de Alcaldia	X_ PROLONGACION SERVIZO ACTIVO	25-01-2024	156
Decreto de Alcaldia	RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DECLARANDO DESERTA UNHA PRAZA DE TÉCNICO/-A DE ARQUIVO (OEP 2022)-	25-01-2024	157
Decreto de Alcaldia	OFERTA_ OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR O MÓDULO TRANSVERSAL DE IGUALDADE CORRESPONDENTE A SETE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DO CONCELLO DE NARÓN	25-01-2024	158
Decreto de Alcaldia	EXPDTE AXUDA DE CUSTO E DESPRAZAMENTOS DE NATALIA HERMIDA RICO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA O 12/12/2023	25-01-2024	159
Decreto de Alcaldia	EXPEDIENTE DE AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTOS DE PABLO MAURIZ ROMERO O 19/01/2024 NA DEMARCACIÓN DE COSTAS	25-01-2024	160
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION CPSI-33/2023	25-01-2024	161
Decreto de Alcaldia	REVOCACION LIQUIDACIONES AUGA, LIXO	25-01-2024	162
Decreto de Alcaldia	IX EDICIÓN DO CONCURSO " TAPAS DE ENTROIDO 2024"	25-01-2024	163
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA VACANTE	25-01-2024	164
Decreto de Alcaldia	RA BAREMO DEFINITIVO OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE SOLDADURA OXIGAS E SOLDADURA MIG/MAG, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	25-01-2024	165
Decreto de Alcaldia	NOTIFICACION RA PRORROGA TELETRABALLO MORADO MOMAN, ALMUDENA	26-01-2024	166
Decreto de Alcaldia	RA CESE FUNCIONARIO DE CARREIRA POLICIA LOCAL	26-01-2024	167

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	Pr_ACORDOS PROGRESION CARREIRA HORIZONTAL E O C.PRODUTIVIDADE S/ DITO CRITERIO_2023	26-01-2024	168
Decreto de Alcaldia	RA DECLARAR DESERTA A OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR O MÓDULO TRANSVERSAL DE INSERCIÓN LABORAL CORRESPONDENTE A SETE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DO CONCELLO DE NARÓN	26-01-2024	169
Decreto de Alcaldia	DILIXENCIA DE EMBARGO DE CRÉDITOS DE ENTES PÚBLICO A SEGURMA SA (A48198626)	29-01-2024	170
Decreto de Alcaldia	DILIXENCIA DE EMBARGO DE CRÉDITOS DE ENTES PÚBLICOS A MADEIRAS LAMAS	29-01-2024	171
Decreto de Alcaldia	X_ PROLONGACION SERVIZO ACTIVO	29-01-2024	172
Decreto de Alcaldia	FESTA DE ENTROIDO EN EL PABELLÓN "A SOLAINA" 09/02/2024	29-01-2024	173
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE DO PAVILLÓN DE PIÑEIRO PARA A FESTA DO ENTROIDO O 09/02/2024	29-01-2024	174
Decreto de Alcaldia	FESTA DO COCIDO NO PAVILLÓN DA MOCIDADE O DÍA 09/02/2024	29-01-2024	175
Decreto de Alcaldia	RA BAREMO PROVISORIO OFERTA DE EMPREGO PARA IMPARTIR TODOS OS MÓDULOS CORRESPONDENTES AO CURSO DE EMPREGO DOMÉSTICO, ASÍ COMO A TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS	29-01-2024	176
Decreto de Alcaldia	SOLICITUDE DE UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE CENA DE CARNAVAL O 10/02/2024	29-01-2024	177
Decreto de Alcaldia	SOLICITA A COLOCACION DUNHA CARPA PARA CAMPAÑA ELECTORAL EN DIVERSAS UBICACIÓNS DO CONCELLO OS DÍAS 4, 6, 8, 15 E 16 DE FEBREIRO DE 2024	29-01-2024	178
Decreto de Alcaldia	REPOSICIÓN DE CAUCHO EN VARIOS PARQUES DO CONCELLO	29-01-2024	179
Decreto de Alcaldia	SOLICITA A COLOCACION DUNHA CARPA PARA CAMPAÑA ELECTORAL EN DIVERSAS UBICACIÓNS DO CONCELLO OS DÍAS 4, 6, 8, 15 E 16 DE FEBREIRO DE 2024	29-01-2024	180
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION AM-58/2006	29-01-2024	181
Decreto de Alcaldia	SERVIZO DE MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN E XESTIÓN DE INCIDENCIAS	29-01-2024	182
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT JOSE FRANCISCO CASTRO REY POLA BAIXA DO 24/01/2024	29-01-2024	183
Decreto de Alcaldia	Autorización complementaria para circulación	29-01-2024	184
Decreto de Alcaldia	Autorización complementaria para circulación	29-01-2024	185
Decreto de Alcaldia	ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA (ASIME) EN MATERIA DE FORMACIÓN E EMPREGO E ACCION SOCIAL NO ANO 2024	30-01-2024	186
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ARCHIVO CADUCIDADE SOLICITUDE CERTIFICADO DE EXCLUSIÓN PARCELARIA DUNHA FINCA SITA NO VAL	30-01-2024	187

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ARQUIVO CADUCIDADE LICENZA PARCELACION FINCAS NO LG. FEIRA DO TRECE Nº 29 - SEDES	30-01-2024	188
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ARQUIVO CADUCIDADE SOLICITUDE SEGREGACIÓN LOCAL COMERCIAL NA RUA CONCEPCION ARENAL Nº 73	30-01-2024	189
Decreto de Alcaldia	RESOLUCION ARQUIVO CADUCIDADE SOLICITUDE LICENZA PARCELACION	30-01-2024	190
Decreto de Alcaldia	COMUNICACIÓN DE DATOS A EFECTOS DE LIQUIDACIÓN DE PLUSVALIA	30-01-2024	191
Decreto de Alcaldia	INFORME DUPLICIDADE DE CONTRATO OSD 31319 E 39539	30-01-2024	192
Decreto de Alcaldia	DECLARACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERRENOS DE NATUREZA URBANA (I-ING-01)	30-01-2024	193
Decreto de Alcaldia	ADJUDICACION CONTRATO PROYECTO INTEROPERABILIDAD TOTAL. AMPLIACION DE HOSTS. LICENCIAMIENTOS NECESARIOS PARA DICHOS HOSTS.	30-01-2024	194
Decreto de Alcaldia	RA/ APROBAR O PAGO DO COMPLEMENTO IT GABRIELA MIRIAM SOTO RODRIGUEZ DO 26/01/2024	30-01-2024	195
Decreto de Alcaldia	RA S/APROBAR O PAGO DAS ASISTENCIAS AOS ORGANOS COLEXIADOS XANEIRO 2024	30-01-2024	196
Decreto de Alcaldia	RA APROBAR PAGO SEGURIDADE SOCIAL DECEMBRO/2023	30-01-2024	197
Decreto de Alcaldia	SERVIZO DE MANTENIMENTO DA APLICACIÓN DE NÓMINAS E RECURSOS HUMANOS	30-01-2024	198
Decreto de Alcaldia	MANTENIMENTO DE SERVIZOS E SEGURIDADE VIAL EN RUAS DA ZONA URBANA	30-01-2024	199
Decreto de Alcaldia	REPARACIÓN ASFALTICA EN CAMIÑOS DE SALGUEIRAL ,AS COVAS E OUTROS	30-01-2024	200
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIA	31-01-2024	201
Decreto de Alcaldia	NF_NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO SUBSTITUCION TRANSITORIA	31-01-2024	202
Decreto de Alcaldia	CONVENIO COLABORACION REALIZACION PRACTICAS CURRICULARES Y EXTRACURRICULARES UDC	31-01-2024	203
Decreto de Alcaldia	SIN03/2023 - DANOS PASAMÁNS EN LUGAR DE PRADEDO (O VAL)	31-01-2024	204
Decreto de Alcaldia	RA/ NOMEAMENTO FUNCIONARIOS POLICIA LOCAL	31-01-2024	205
Decreto de Alcaldia	RA CONVENIO PRACTICAS DO CURSO DE HABILITACIÓN PARA LA DOCENCIA EN GRADOS A, B Y C DEL SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL	31-01-2024	206
Decreto de Alcaldia	Aprobar concesión de axuda de material escolar	31-01-2024	207

18º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

-Sr.Ulla Rocha: grazas Sra.alcaldesa.

Son dúas preguntas, Sra.alcaldesa.

Respecto á primeira: vense anunciando nas redes sociais e nos medios de comunicación a creación dun canle dirixido á veciñanza para trasladar as propostas sobre a modificación da ordenanza que regula o uso das terrazas. Vaisenos a dar traslado á oposición das propostas remitidas pola veciñanza? Vaise a utilizar este método no futuro para as modificacións das ordenanzas que se poidan dar? E en vista a esto: por que non se fixo cando se trouxo unha modificación da ordenanza da suba da taxa da auga?

Ante as queixas dos veciños que nos fixeron chegar a este grupo municipal, hai queixas no rural respecto a maquinaria de desbroce que se está facendo, neste caso, pola compañía Urbaser e nos preguntan se ten seguro de responsabilidade civil da maquinaria que se dedica a facer esas tarefas? Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: o primeiro é unha pregunta. Na pacificación dos coles, tal e como se aprobou no Plan de Mobilidade e bueno, se están a facer e nos chegan demandas dende persoas usuarias do colexio de Piñeiros, decindo que pola tarde, sobre todo, pero tamén algunha de mañá, os coches están entrando igual nesa zona. É verdade que eu vin que aínda non había sinais verticais, entendo que as haberá e mentres hai como un limbo. A pregunta é a seguinte: teñen pensado dende o goberno explicar ben á veciñanza como queda a mobilidade nesa contorna? Van a facer unha guía didáctica? Vanno explicar nas redes sociais? Ben pola web, ben pola canle de, ben usando todas para que a xente sexa coñecedora de que esa zona é de uso para as persoas que .. é de uso peonil e de bicicletas, e se era coñecedora desto.

Logo temos un rogo que é: a palmeira que está diante da casa da cultura está completamente seca e morta, para que se tale porque pode caer en calquera momento, cremos que é un perigo tal e como está e na casa da cultura e a afluencia da xente.....

E tamén temos unha pregunta: se miraron o estado no que están as palmeiras do que é a mediana da Avenida da Solaina porque é verdade que nese proxecto se quixeron manter as árbores que había alí, e están secando por diferentes motivos e si se sabe que están atacadas polo picudo vermello porque xa empezan a estar moi secas as follas de abaixo, e hai maneiras de sabelo e para que se quiten antes de que pase algo. Que era o que lles quedaba na Avda. da Solaina que lles puidera pasar.

Ben, antes de maio, a escola de Participación Cidadá estivo facendo fichas sobre asociacións e entidades. Aquí se nos dixo que se nos ía pasar esa información, rogamos que así sexa. Pero aínda non temos esa información e tamén vimos como no primeiro consello territorial desta... bueno non é primavera porque comezamos agora, pero desta semana, non se nos facilitou as fichas resumo que se viña facendo estes anos e despois de falalo, cremos que é importante que así se facilite e rogamos que así sexa. Este é un rogo tamén.

Ao respecto do xefe de cultura e dunhas preguntas que fixemos no pleno anterior, temos un rogo. Recibimos a resposta á pregunta efectuada no Pleno ordinario celebrado o 25 de xaneiro sobre a bolsa de emprego de xefe de cultura, e queremos incidir que a lei de Emprego Público de Galicia no referido a ordenación dos empregados públicos di: “*o persoal funcionario da Administración agrúpase en corpos da Administración Xeral e corpos da Administración Especial*” non recollendo a posibilidade de que estén incluídos nas dúas administracións e así mesmo podemos ver como o proceso da provisión da praza en cuestión foi o de administrativo, polo que se ubica claramente nunha praza que ten que ser de Administración Xeral. Así o consultamos e así sabemos que é, e que por certo temos que decir que a Asociación galega de profesionais da xestión cultural pediu a retirada do que se publicou no BOP; eu pido que todos os que estemos aquí vexamos esa publicación de bolsa de emprego que realmente tería que ser a da publicación para que se faga unha oposición e que adquira ese posto de traballo unha persoa funcionaria.

Pero é que ademais se fala da RPT e na RPT do Concello non existe ningún posto de xefe de Negociado que corresponde á Administración Especial. Sí que existe outros postos como o que agora se vai substituír e que por certo, pode ser por promoción interna porque ademais fan acopio a uns artigos da lei, e nós que limos eses artigos, veñen a decir absolutamente o contrario do que se nos respondeu. Entonces pedimos que haxa unha promoción interna, que se retire do BOP unha bolsa de emprego que ademais non sabemos con qué requisitos e con qué baremos se vai a escoller esa persoa en teoría, xefe de cultura, e que se modifique todo eso porque xa digo para que cumplan

co Real Decreto (*é o noso rogo*), que cumplan co Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril. Pedímolos porque cremos que o concello de Narón non se ten que estar falando dende outras instancias de que hai un algo e se está convocando a unha bolsa de emprego nun grupo e unha categoría que non corresponde co que realmente debería substituír e se podería facer por promoción interna e logo tamén facer 1 praza pública onde poida participar todo o mundo con igualdade, porque non coñecemos o baremo, si que se fala que se teña experiencias, ese grupo C1, en festivais internacionais pero non se fala de que se teña coñecemento de linguas, é algo que por exemplo, nos estrana e tamén nos preocupa porque todo parece que se lle quere dar a unha persoa para que logo teña a súa propia promoción interna. Xa digo, parece. Non digo que esa sexa a intención, pero si que consideramos que ten que ser retirado esa bolsa de emprego cando realmente tería que ser un posto de funcionario público.

Bueno, e así queda, porque é verdade o que dixo agora do de Urbaser e o das máquinas desbrozadoras, nós eso tamén o oímos, supoño que eso é cuestión de que revisedes de si Urbaser está cumprindo ou non pero bueno... eso. Grazas.

-Sr.Iglesias Blanco: buenas tardes.

Quería falar un poquito de algo que me han transmitido los padres que estaban un poco preocupados, del colegio público de A Gándara. Es un colegio que está muy cerquita de mi casa, y que fue inaugurado digamos, por mis hijos y en 20 años que eché allí, con lo cual me une algo sentimentalmente con ellos. Y es el mantenimiento del colegio que es muy justo, se quejan. Me llevaron allí, los canalones estaban bastante atascados porque hay mucha arboleda y se atascan con mucha frecuencia, había problemas en las puertas de los baños, había problemas en el suelo, es de arena, y se forman una serie de charcos que llegan los niños todos empapados de agua a casa.

Pero lo más urgente y lo que más me escandalizó fue el problema de la puerta antipánico o la puerta de acceso al colegio. Es una puerta que tiene una barra con lo cual si hay algún problema en el colegio y los niños tienen que salir de urgencia, esa puerta no funciona, por falta de mantenimiento. Entonces me parece un asunto bastante grave. Si hubiera surgido algo, lo estamos viendo en las noticias que pasan muchas cosas, y cualquier cosa que pase en el colegio, no, puedan salir, no. Entonces lo que pediría, no sé si es un ruego o una pregunta, pero casi diría "o que se debe facer e o que queda por facer" en vez de un ruego y una pregunta.

Y después otro tema es el de tranvías, la plaza de tranvías. La plaza de tranvías que es de uso público, le quiero enseñar el papel que es de uso público, está firmado aquí por el Sr.alcalde, porque he escuchado cosas como que no era de uso público, eso no es verdad. La plaza de tranvías, como tengo derecho a responderle, pues ya le comento todo.

La plaza de tranvías fue reparada aún no hace mucho porque el agua llegaba al segundo sótano, y llovía, con lo cual la placa estaba sufriendo un deterioro muy grande. Entonces se reparó, nosotros hemos pedido que se nos mandara una memoria de los materiales que se emplearon y la respuesta es que se reparó mediante personal municipal y el suministro de materiales, con lo cual no sabemos el material. Yo de obras, la verdad, no entiendo mucho, no voy a juzgar el trabajo de la obra, lo que sí es el fin de la obra, la obra sigue exactamente igual. O sea, el agua sigue cayendo a chorros, el mantenimiento, todo, las canaletas, y todo está aquí, llenas de agua con lo cual están atascadas y entonces toda esa agua desahoga abajo en las plazas, en los coches, los registros están atascados, está todo atascado y una plaza que está cerca y próxima al concello, si queremos que este sea el centro neurálgico de Narón, pues deberíamos mirar un poquito más por ella.

-Sr.Portela Parga: tengo dos preguntas, primero hago exposición de motivos.

Hoy hace 20 días, el día 9 de febrero, una narco lancha abordó una patrulla de la Guardia Civil en Barbate, con la consecuencia de 2 guardias civiles muertos y 4 heridos. Un hecho gravísimo que no puede ser pasado por alto en nuestra sociedad. Miembros de las fuerzas de seguridad del Estado fueron asesinados dentro de sus funciones en la lucha contra una de las secuelas sociales, como es el tráfico de drogas, que tan bien conocemos en Galicia.

Entendemos que algún partido político pudiera sentirse ofendido y hasta que no quisiera estar presente si se hace un minuto de silencio en solidaridad con la Guardia Civil, pero aún así no nos parece correcto que no se trate a todos por igual, que no se haya recordado y reconocido la labor de las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado. El ayuntamiento de Narón se ha olvidado por completo de ellos o peor aún, no se está reconociendo su labor. Por ello las preguntas van:

¿por qué desde el Ayuntamiento de Narón no se decretó en días posteriores, un minuto de silencio por las fuerzas de seguridad fallecidos y por aquellos que sufrieron heridas? Y si no se hizo antes ¿por qué no se aprovechó la oportunidad para hacer un minuto de silencio conjunto junto con la triste tragedia de Valencia? Gracias.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: a ver, o 30 de xaneiro solicitamos por Rexistro unha copia do informe ou informes da deficiencia no servizo de limpeza do CPI O Feal, así como todas as notificacións enviadas á Xunta de Galicia da devandita deficiencia no funcionamento do servizo de limpeza, tal e como se comunicou no último pleno do 25 de xaneiro. A día de hoxe non temos aínda ese informe e gustaríanos que nolo pasarades se efectivamente tedes ese informe.

(Por parte do grupo de goberno se lles acerca o devandito informe)

-Sra. Mosquera Puentes: grazas. Eu quería saber por unha pregunta que fixemos o pasado pleno de decembro sobre a Asamblea Xeral do Padroado de Deportes, que non foi convocada dende que está esta Corporación vixente. Entonces quería preguntar para cando esa Asamblea Xeral do Padroado de Deportes, xa que é unha asamblea que ademais como non se perciben cartos para asistir a esa asamblea, considero que non hai ningún gasto para o concello. Entonce se debería de convocar canto antes para poder falar alí sobre os temas que competa. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Pregunta: o 17 de xaneiro deste ano 2024, presentou por Rexistro un escrito á Alcaldía un veciño de Placente, Sedes, con respecto a invasión dun vial público por un particular ao realizar un acceso a unha leira da súa propiedade, sin colocar tubos salvacunas coa consecuente obstrución da mesma, e motiva que esas augas agora vaian polas estradas e co seu deterioro. E a día de hoxe sigue sen arranxarse esa situación. Gustaríanos saber cando teñen previsto darlle unha solución a esto.

Outra pregunta que creo que algún compañeiro xa fixo, pero preguntarlle se a Sra.alcaldesa é coñecedora da máquina que está facendo traballos de desbroce e mantemento para o concello de Narón, se carece de seguro de responsabilidade civil para facerse cargo dos danos que poida ocasionar a persoas ou propiedades de distinta índole, como pode ser cierres e cousas así. E así tamén se sabe vostede que esas máquinas carecen da inspección técnica correspondente?

Temos algunha pregunta máis: este grupo, o 2 de marzo de 2023, meteu por Rexistro unha solicitude para un paso de peóns na rúa Torrente Ballester e a sorpresa que estamos practicamente outra vez en marzo de 2024, e non tivemos contestación e menos que está feito ese paso de peóns. Nunha zona que hai bastante movemento, pedíamos unha serie de condicións, que ese paso de peóns fóra elevado, á altura das beirarrúas para así tamén limitar a velocidade dos coches que pasan por esa estrada. Entonce gustaríanos saber cando teñen pensado arranxar e facer esa proposta que se lles presentou, porque os veciños da zona están preocupados pola falta de seguridade que teñen nese entorno.

E tamén temos outro aquí, que se presentou en febreiro do ano 2023, lindando coa Torrente Ballester tamén solicitamos, que hai unha zona, un parque que é propiedade do concello que ten algún xogo alí para nenos, pero solicitamos que se adecuara a poñer algunha instalación dun

parque biosaludable e tamén por sorpresa, nin nos contestaron nin aparece no borrador que nos presentan dos orzamentos para o ano 2024. Tamén nos gustaría que nos dixeran algo e que como mínimo que nos contestaran.

E teño outra pregunta máis, que esta é máis recente. O 22 deste mes, de febreiro, rexistrouse que no camiño de Martianes, que vai cara a igrexa de Sedes, que hai moito tempo que nos dixeron que se ía a arranxar esa estrada (creo que hai 2 anos) que agora mesmo ten tantas fochancas que é casi imposible pasar cun turismo por ela. Entón tamén nos gustaría que nos contestaran e que nos dixeran cando teñen pensado arranxar esa estrada.

E despois un rogo: referente á escola infantil de Piñeiros. O aparcamento que hai pola parte de atrás desa escola. Bueno, hai varios veciños que se queixan do entorno, de que a partir dunha certa hora da tarde, que hai por alí demasiados coches con movementos estranos que nos gustaría, é verdade que eu falei coa Policía Local dese tema, pero nos gustaría que se ampliara esa vixilancia e se controlara especialmente a partir das 6 da tarde ata as 12, 1 da mañá polos movementos que hai alí de intercambios e cousas que non nos parece normal, especialmente nesa zona.

Pola miña parte nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Bouzamayor Villasuso: só decirlle, mirando o informe que nos pasaron así de por riba, fáltanos unha parte del, nosoutros pedíamos as deficiencias que había e todas as notificacións enviadas a Xunta de Galicia, xa que no pleno o Sr.Román, díxonos que reiteradamente se lle notificara á Xunta de Galicia estas deficiencias. E non nos mandaron, non sei se correo electrónico, se de qué forma. É dicir, está incompleto o informe do que pedíamos.

RESPOSTAS SRA.ALCALDESA:

- Por empezar, pola conxunta, que todos falaban ... evidentemente o tractor, teñen todos os seguros e todas as inspeccións, é dicir, se queren lle traemos ou pedimos a Urbaser que traigan o documento para que o vexan, e xa nunha ocasión que preguntaron fixemos esta consulta e realmente ao técnico que lle preguntamos dixo, pero qué crés, que temos os camións circulando e os tractores sin pasar a ITV e sen seguro? Bueno, que conste que si que teñen ese seguro.
- Con respecto ao que decía Jorge, si, levamos 9 anos, bueno 9 ou 7 anos co Narón Participa, é dicir, xa máis ordenanzas se fixeron así, non se aplica ás ordenanzas fiscais, é algo que non é obrigatorio e cremos que neste caso o concello de Narón é un exemplo, porque non se fai en toda Galicia e que si se fai no noso concello. E que si que someteremos a distintas ordenanzas e como fixemos con outros procesos para que fagan a súa aportación.
- Con respecto á pacificación dos coles, si que ... a verdade é que non tiñamos, ou polo menos, que me corrixa alguén, pensado facer ningunha guía divulgativa de cómo se utilizan. Entendemos que esa pacificación quedaba clara. Si que é verdade que falta, non sei se agora estaba colocada, faltaba colocar esa sinal pero se colocará en breve, e entendemos que queda claro que simplemente é para uso dos garaxes, pero bueno, de todas maneiras esa pregunta a respondo así pero tómola como suxestión e se vemos que é necesario facer algunha guía o faremos.
- Con respecto ao rogo da palmeira quedome con el e que si, as palmeiras neste caso, da Avda. da Solaina, xa están empezando a ter picudo e de feito xa se leva tempo tratando de controlar, pero que si que é algo que non corresponde ou que non ten fácil solución porque é algo que afecta a moitas e que aínda que controles as propias municipais, que se nas privadas non se fai, pois é algo que digo, que é difícil.
- Con respecto a esas fichas de Participación, sen problema, as facemos chegar.

- E o do xefe de cultura era un rogo. Trasládollo neste caso á xefa de Persoal, onde eu creo ata onde eu sei, ese Real Decreto se cumpre, pero de todas maneiras que o mire.
- Con respecto ao mantemento do colexio da Gándara, tómanos nota desas deficiencias.
- E con respecto a Tranvías, sí que é unha praza privada de uso público. O que lle responderon é que non temos unha memoria encargada a uns terceiros para facer eses amaños, que se fixeron porque está como ben lle poñen aí, executado por persoal neste caso (*o Sr. Iglesias Blanco lle amosa á Sra. alcaldesa unha folla*).... Non entendo o que me ensina... non é unha praza privada de uso público, entón si que é verdade que se fixeron eses amaños pero que non existe esa memoria, non lla podemos entregar porque é algo que se fixo con persoal municipal, e que non se fai unha memoria para facer, se fai un parte de traballo entendo, cunha serie de indicacións para levar a cabo esas reparacións.
- Con respecto á pregunta de Pedro, nós temos un acordo, non sei se por escrito ou non, de facer 1 minuto de silencio cando é asasinada unha muller, neste caso, da Comunidade Autónoma de Galicia. E a maiores, o que facemos é que cando a FEGAMP nos manda esa comunicación de facer 1 minuto de silencio, nós a secundamos. Neste caso, non se produxo e non o fixemos. Se acordades aquí entre todos que teña lugar non nos opoñemos, pero ese é o “modus operandi” de como facemos e non tratamos de facer unha discriminación, e si que acordamos xa hai anos facelo ás mulleres que sexan da Comunidade Autónoma, que tamén podería ser que sexa a nivel de España pero ata o de agora era o que estabamos a facer.
- O de limpeza: o entregamos, eu ata onde eu sei, o que fixo, o que falaba Román, falaba duns datos que é o que se vos entrega agora. En distintas ocasións, se fixo a comunicación, pediremos ... non sabía que nese non ían esas comunicacións, as facemos chegar.
- Con respecto ao que decía dunha leira en Placente, non teño constancia eu, non lle podo dar agora mesmo unha resposta. Así que mirarei esa solicitude e lle traslado o que se ten pensado facer ou no. Eu persoalmente non tiña constancia.
- O tema do paso de peóns, tamén o consulto porque non sei agora mesmo cal é o motivo porque non esté feito, non sei realmente se é que non se considera e é necesario ou no, entón tamén lle dou traslado.
- E con respecto ao parque da Torrente Ballester, si que se vai a poñer ese parque, neste caso, de maiores.
- Con respecto ao que solicitaba ou que decía dese amaño en Sedes, Martianes, é unha solicitude que fixemos unha subvención, de Agader e que se executará con fondos a esa subvención.
- E ese rogo que nos trasladaba con respecto a establecer máis vixilancia na zona de Piñeiros, da escola infantil, llo trasladaremos tamén á Policía Municipal, e a maiores vou a pedir que se deixe constancia desto na reunión que teñen de coordinación entre Policía Nacional e Policía Local.

- Deportes, sí, estase facendo a actualización dos datos de todas as entidades deportivas, se vai a facer esa composición nova dese Padroado e xa se fará a convocatoria. Estamos en prazo, eu creo que remataba o prazo un día destes.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 21:43 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

A ALCALDESA

O SECRETARIO XERAL

Asdo.- Marián Ferreiro Díaz

Asdo.- Alfonso de Prado Fernández-Canteli.